

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 12056** *Real decreto 1012/2015, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e polo que se modifica o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito.*

ÍNDICE

CAPÍTULO I Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Artigo 3. Definicións.
- Artigo 4. Circunstancias determinantes do establecemento e da aplicación de obrigas, requisitos e instrumentos de resolución.
- Artigo 5. Obrigas, requisitos simplificados e exencións no cumprimento de medidas preparatorias.
- Artigo 6. Valoración de entidades.
- Artigo 7. Contido do expediente de valoración de entidades.
- Artigo 8. Valoración provisional.
- Artigo 9. Valoración definitiva *a posteriori*.
- Artigo 10. Valoración da diferenza no trato.

CAPÍTULO II. Planificación da recuperación e actuación temperá.

Sección 1.^a Planificación da recuperación.

- Artigo 11. Plans de recuperación.
- Artigo 12. Avaliación dos plans de recuperación.
- Artigo 13. Avaliación dos plans de recuperación de grupo.
- Artigo 14. Indicadores do plan de recuperación.

Sección 2.^a Axuda financeira intragrupo.

- Artigo 15. Acordos de axuda financeira dentro dun grupo.
- Artigo 16. Condicións para a axuda financeira de grupo.
- Artigo 17. Autorización da proposta de acordo de axuda financeira.
- Artigo 18. Decisión conxunta sobre o acordo de axuda financeira de grupo.
- Artigo 19. Dereito de oposición dos supervisores.

Sección 3.^a Actuación temperá.

- Artigo 20. Coordinación das medidas de actuación temperá do supervisor competente en base consolidada con outros supervisores da Unión Europea.
- Artigo 21. Coordinación das medidas de actuación temperá do supervisor competente en base individual con outros supervisores da Unión Europea.
- Artigo 22. Decisión conxunta sobre a coordinación das medidas de actuación temperá.
- Artigo 23. Designación e destitución do administrador provisional.
- Artigo 24. Competencias e funcións do administrador provisional.

CAPÍTULO III. Fase preventiva da resolución.

Sección 1.^a Planificación da resolución.

Artigo 25. Plans de resolución.

Artigo 26. Plans de resolución de grupos.

Artigo 27. Transmisión de información entre autoridades de resolución e supervisores.

Artigo 28. Decisión conxunta sobre o plan de resolución de grupo.

Sección 2.^a Avaliación da resolubidade.

Artigo 29. Avaliación da resolubidade.

Artigo 30. Decisión conxunta sobre eliminación de obstáculos á resolubidade de grupos.

CAPÍTULO IV. Resolución.

Artigo 31. Requisitos de notificación.

Artigo 32. Obrigas de información do FROB.

Artigo 33. Substitución do órgano de administración e dos directores xerais ou asimilados como medida de resolución.

CAPÍTULO V. Instrumentos de resolución.

Artigo 34. Requisitos para a venda do negocio da entidade.

Artigo 35. Funcionamento da entidade ponte.

Artigo 36. Funcionamento da sociedade de xestión de activos.

CAPÍTULO VI. Amortización e conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.

Artigo 37. Procedemento para a exclusión, total ou parcial, de certos pasivos ou categorías de pasivos admisibles.

Artigo 38. Determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.

Artigo 39. Exención do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.

Artigo 40. Determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles das filiais do grupo e das matrices da Unión Europea.

Artigo 41. Decisión conxunta sobre o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles aplicable a nivel consolidado.

Artigo 42. Requisito mínimo de fondos propios e pasivos admisibles das filiais a nivel individual e decisión conxunta sobre o requirimento mínimo aplicado a nivel individual ás filiais do grupo.

Artigo 43. Valor dos pasivos xurdidos de derivados.

Artigo 44. Plan de reorganización de actividades.

Artigo 45. Contido e execución do plan de reorganización de actividades.

Artigo 46. Conversión e amortización dos instrumentos de capital.

Artigo 47. Requisitos de notificación e consulta na aplicación consolidada.

CAPÍTULO VII. FROB.

Sección 1.^a Mecanismos de financiamento.

Artigo 48. Fondo de Resolución Nacional.

Artigo 49. Determinación das contribucións anuais polo FROB.

Artigo 50. Contribucións extraordinarias.

Artigo 51. Préstamos entre mecanismos de financiamento de Estados membros da Unión Europea.

Artigo 52. Mutuación dos mecanismos nacionais de financiamento no caso de resolución de grupo.

Artigo 53. Utilización do sistema de garantía de depósitos no contexto da resolución.

Sección 2.^a Actuacións do FROB.

Artigo 54. Efectividade das accións de resolución en terceiros países.

Artigo 55. Restricións na execución das garantías.

CAPÍTULO VIII. Resolución de grupo.

Sección 1.^a Principios da resolución de grupo.

Artigo 56. Principios xerais relativos á adopción de decisións que impliquen máis dun Estado membro.

Artigo 57. Colexios de autoridades de resolución.

Artigo 58. Composición dos colexios de autoridades de resolución.

Artigo 59. Competencias e deberes da autoridade de resolución no grupo.

Artigo 60. Exención da obriga de constituír un colexio de autoridades de resolución.

Artigo 61. Colexios de autoridades de resolución europeos.

Sección 2.^a Resolución de filiais e resolución de grupo.

Artigo 62. Resolución de filiais que formen parte dun grupo.

Artigo 63. Resolución de grupo.

CAPÍTULO IX. Acordos con terceiros países.

Artigo 64. Acordos con terceiros países.

Artigo 65. Recoñecemento e execución dos procedementos de resolución de terceiros países.

Artigo 66. Dereito a refusar o recoñecemento ou a execución dos procedementos de resolución de terceiros países.

Artigo 67. Resolución de sucursais de entidades de terceiros países.

Artigo 68. Cooperación coas autoridades de terceiros países.

Disposición adicional primeira. Mecanismo Único de Resolución e Fondo Único de Resolución.

Disposición adicional segunda. Entidades financeiras e outro tipo de sociedades.

Disposición adicional terceira. Xestión, liquidación e recadación da taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio das contribucións ao Fondo de Resolución Nacional e ao Fondo de Garantía de Depósitos.

Disposición transitoria segunda. Referencias ao texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Disposición derradeira terceira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. Facultade de desenvolvemento.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Anexo I. Información que se debe incluír nos plans de recuperación.

Anexo II. Información que as autoridades de resolución preventiva poden exixir ás entidades para a elaboración e o mantemento dos plans de resolución.

Anexo III. Cuestións que as autoridades de resolución deben considerar ao valorar a resolución dunha entidade ou un grupo.

A regulación que se aprobou nos últimos anos para afrontar aquelas situacións de potencial dificultade en que se poden encontrar as entidades de crédito e as empresas de servizos de investimento descansa sobre unha serie de principios que, atendendo ás características e ás especialidades propias do sistema financeiro, se inspiran na experiencia recente xerada ao acometer procesos de resolución de entidades.

Estes principios concréntanse na necesidade de instaurar unha fase preventiva que asegure que se dan as condicións requiridas para que, se unha entidade debe ser liquidada, a súa resolución se faga de maneira ordenada; na articulación dun procedemento especial, áxil e eficaz que permita acometer a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento e se aplique en lugar da lexislación concursal cando razóns de interese público e de protección da estabilidade financeira o exixan; na garantía da debida separación entre as funcións de supervisión e de resolución, co fin de evitar o conflito de intereses en que podería incurrir a autoridade supervisora por desempeñar ao mesmo tempo as facultades de resolución, e, finalmente, como cuarto principio fundamental, asegurar que a absorción das perdas da resolución a realizan os accionistas e acredores da entidade, e non con recursos públicos.

Son precisamente estes principios os que informan a «Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se establece un marco para a reestruturación e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e pola que se modifican a Directiva 82/891/CEE do Consello, e as directivas 2001/24/CE, 2002/47/CE, 2004/25/CE, 2005/56/CE, 2007/36/CE, 2011/35/UE, 2012/30/UE e 2013/36/UE, e os regulamentos (UE) número 1093/2010 e (UE) número 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello»; así como o «Regulamento (UE) número 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, polo que se establecen normas uniformes e un procedemento uniforme para a resolución de entidades de crédito e de determinadas empresas de servizos de investimento no marco dun Mecanismo Único de Resolución e un Fondo Único de Resolución e se modifica o Regulamento (UE) número 1093/2010», que, como é sabido, delimitan o marco normativo europeo sobre resolución destas entidades e debuxan os elementos fundamentais do Mecanismo Único de Resolución, un dos piares da Unión Bancaria.

Co fin de traspoñer ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio de 2014, aprobouse este mesmo ano a Lei 11/2015, do 18 de xuño, que se inspira nos principios da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución das entidades de crédito, e que completa a dita norma naquelas áreas do dereito da Unión Europea que aínda non estaban incorporadas ao noso ordenamento xurídico. O presente real decreto conclúe, por unha parte, a transposición da citada directiva e, por outra parte, desenvolve determinados aspectos da Lei 11/2015, do 18 de xuño, en especial, os de carácter organizativo.

O real decreto conta con nove capítulos, tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e cinco disposicións derradeiras. Ademais conta con tres anexos.

O capítulo I contén as disposicións xerais, que inclúen os criterios para modular a aplicación da normativa de resolución e permitir o establecemento de obrigas simplificadas e de exencións para determinadas entidades. Tamén se regula de maneira detallada a forma en que se deberá realizar a valoración das entidades con carácter previo á adopción de calquera medida de resolución.

No capítulo II concréntase o contido dos plans de recuperación e os criterios para a súa avaliación polo supervisor competente, e especificáanse os requisitos e deberes de información a que estarán sometidos os acordos de axuda financeira que as entidades celebren dentro dun grupo. Ademais, respecto aos plans de resolución, tanto neste capítulo coma no seguinte establécense as regras de coordinación e toma de decisión por parte das autoridades supervisoras no caso de que se actúe no nivel de grupo.

No capítulo III concréntase o contido dos plans de resolución, tanto individuais como de grupo. Ademais, determínanse os aspectos que debe ter en conta a autoridade de resolución preventiva ao avaliar os obstáculos á resolubidade dunha entidade.

No capítulo IV detállanse as obrigas procedementais, de coordinación e información que se deben cumprir no caso de que unha entidade sexa obxecto dun procedemento de resolución, para asegurar o seu debido coñecemento polas autoridades competentes, accionistas e acredores afectados.

No capítulo V inclúense regras sobre o funcionamento dos instrumentos de resolución que, polo seu nivel de detalle, non foron recollidas na Lei 11/2015, do 18 de xuño. En particular, especificanse as actuacións que deberá realizar o FROB para a aplicación deses instrumentos.

No capítulo VI regúlanse algúns aspectos relativos á amortización e conversión dos instrumentos de capital e recapitalización interna, en particular os relativos á determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles, a valoración daqueles pasivos que xurdan de derivados financeiros e o contido do plan de reorganización de actividades.

No capítulo VII arbítranse as regras necesarias para determinar as condicións de utilización dos mecanismos de financiamento con que conta o FROB para o financiamento das medidas de resolución e regúlase a achega das contribucións ao Fondo de Resolución Nacional por parte das entidades.

No capítulo VIII abórdase, con carácter xeral, a resolución dun grupo de entidades que actúe de maneira transfronteiriza e a composición e competencias dos colexios de autoridades de resolución, de tal maneira que se favoreza unha solución coordinada deste tipo de situacións especialmente complexas dado o carácter internacional da entidade.

Neste capítulo, o mesmo que no seguinte, o papel do FROB adquire unha especial relevancia, non só porque será a autoridade que presida o colexio de autoridades de resolución nos casos en que sexa a autoridade de resolución a nivel de grupo, e por isto se encargará das funcións de dirección e coordinación do colexio; senón porque, máis alá da función que lle corresponda como presidente ou membro dos colexios de autoridades de resolución, a Lei 11/2015, do 18 de xuño, lle atribúe, con carácter xeral, o papel de autoridade española de contacto e coordinación para os efectos de cooperar coas autoridades internacionais e dos Estados membros da Unión Europea.

No capítulo IX regúlase a relación con terceiros países e promóvese a celebración de acordos de recoñecemento das accións de resolución, pois o carácter global de moitas entidades exige contar tamén con marcos de cooperación que involucren países que non forman parte da Unión Europea.

Nas disposicións adicionais compásase a normativa nacional sobre resolución a que regula o Mecanismo Único de Resolución a nivel europeo; esténdese a aplicación do real decreto, en determinados supostos, a outro tipo de persoas xurídicas que forman parte do grupo dunha entidade, e desenvólvese a regulación do réxime de xestión, liquidación e recadación da taxa a que están suxeitas as entidades para soste os gastos administrativos do FROB.

A disposición transitoria primeira fixa os prazos en que as entidades deberán realizar as contribucións ordinarias durante o exercicio 2015 ao Fondo de Resolución Nacional, e a disposición transitoria segunda prevé un réxime transitorio para as remisións que se fan ao texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

Respecto ás disposicións derradeiras, na disposición derradeira primeira modifícase o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito, co fin de desenvolver os novos artigos que a Lei 11/2015, do 18 de xuño, introduciu no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito. Desta forma complétase a transposición da Directiva 2014/49/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativa aos sistemas de garantía de depósitos.

As modificacións do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, supoñen un cambio na base de cálculo das achegas ao novo compartimento de garantía de depósitos do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito. Así, a base de cálculo das achegas, seguindo o establecido na Directiva 2014/49/UE, do 16 de abril de 2014, non virá

determinada polo volume total de depósitos susceptibles de seren cubertos polo Fondo senón unicamente pola contía efectivamente garantida destes. Por outra parte, cabe destacar a redución do período dentro do cal o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito deberá reembolsar aos depositantes as cantidades debidas, que se reducirá progresivamente desde os vinte días hábiles actuais a sete días hábiles en 2024. Así mesmo, regúlase o réxime de cooperación do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito cos sistemas de garantía de depósitos doutros Estados membros da Unión Europea, en especial no que respecta ao reembolso dos depósitos realizados en sucursais que operan fóra do seu país de orixe. Nos termos e circunstancias que procedan, a utilización do Fondo axustarase á normativa de axudas de Estado.

As restantes disposicións derradeiras refírense aos títulos competenciais que amparan o real decreto; á incorporación da disposición da Unión Europea; á habilitación normativa e á entrada en vigor da norma.

Finalmente, o real decreto inclúe tres anexos que enumeran a información que se deberá incluír nos plans de recuperación e resolución; a información que as autoridades de resolución preventiva poden exixir ás entidades para a elaboración e o mantemento dos plans de resolución, e as cuestións que as autoridades de resolución deben valorar cando afronten a resolución dunha entidade.

Este real decreto apróbase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira décimo sexta da Lei 11/2015, do 18 de xuño, que habilita o Goberno para ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto nesa lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto desenvolver o disposto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplícase ás entidades previstas no artigo 1.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, con exclusión das citadas no artigo 1.3 da dita lei.

Artigo 3. *Definicións.*

Serán de aplicación a este real decreto as definicións previstas no artigo 2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Artigo 4. *Circunstancias determinantes do establecemento e da aplicación de obrigas, requisitos e instrumentos de resolución.*

Á hora de establecer ou aplicar as obrigas e requisitos establecidos na Lei 11/2015, do 18 de xuño, ou de utilizar os diferentes instrumentos de que dispoñen, os supervisores e autoridades de resolución competentes tomarán en consideración as seguintes circunstancias que poidan concorrer nunha entidade:

- a) A natureza das súas actividades.
- b) A estrutura do seu accionariado.

- c) A forma xurídica.
- d) O perfil de risco.
- e) O tamaño.
- f) O estatuto xurídico.
- g) A interconexión da entidade con outras entidades ou co sistema financeiro en xeral.
- h) O ámbito e a complexidade das súas actividades.
- i) A pertenza a un sistema institucional de protección que cumpra os requisitos establecidos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) número 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) número 648/2012, ou a outros sistemas de solidariedade mutua de cooperación mencionados no artigo 113.6 do mencionado regulamento.
- j) A prestación dalgún servizo ou actividade de investimento nos termos definidos no artigo 4, número 1, punto 2, da Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE.

Artigo 5. *Obrigas, requisitos simplificados e exencións no cumprimento de medidas preparatorias.*

1. O supervisor e a autoridade de resolución preventiva competentes deberán ter en conta os seguintes criterios para determinar as obrigas e os requisitos simplificados do cumprimento de medidas preparatorias previstas nos capítulos II e III deste real decreto:

- a) As circunstancias singulares previstas no artigo anterior.
- b) As normas, guías ou directrices que se aproben sobre a materia no ámbito internacional ou europeo e que sexan incorporadas ou adoptadas no noso ordenamento.
- c) A incidencia que a inviabilidade dunha entidade poida ter nos mercados financeiros, noutras entidades, nas condicións de financiamento ou na economía en xeral, debido ás circunstancias previstas no artigo anterior.
- d) Os posibles efectos negativos da inviabilidade dunha entidade e a súa ulterior liquidación de acordo cos procedementos concursais nos mercados financeiros, noutras entidades, nas condicións de financiamento ou na economía en xeral.

2. Os requisitos simplificados que o supervisor e a autoridade de resolución preventiva poden impoñer estarán referidos aos seguintes elementos:

- a) O contido e os pormenores dos plans de recuperación e resolución previstos nos capítulos II e III da Lei 11/2015, do 18 de xuño.
- b) A ampliación ou redución da data límite en que deberán estar listos os primeiros plans de recuperación e resolución e a frecuencia de actualización destes, que poderá ser inferior á prevista con carácter xeral na Lei 11/2015, do 18 de xuño.
- c) O contido e os pormenores da información exixida ás entidades en relación cos plans de recuperación e resolución, en virtude do disposto nos capítulos II e III da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e desenvolvida polos artigos 11 e 25 e os anexos I e II deste real decreto.
- d) O contido da avaliación da resolubidade prevista no artigo 15 e 16 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e desenvolvida no artigo 29 e no anexo III deste real decreto.

3. A avaliación prevista no punto anterior realizarase tras consulta, cando corresponda, da autoridade macroprudencial nacional que, se é o caso, sexa designada.

4. O supervisor e a autoridade de resolución preventiva competentes deberán revisar periodicamente as súas decisións sobre as obrigas simplificadas permitidas e, en todo caso, cando revisen os plans de recuperación.

5. Así mesmo, o supervisor e a autoridade de resolución preventiva competentes poderán eximir do cumprimento das seguintes obrigas:

- a) As relativas aos plans de recuperación e resolución ás entidades afiliadas a un organismo central que estean total ou parcialmente exentas dos requisitos prudenciais, de conformidade co artigo 10 do Regulamento (UE) número 575/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e
- b) As relativas aos plans de recuperación, ás entidades pertencentes a un Sistema institucional de protección.

6. No suposto de que se conceda unha exención en virtude do número 5, deberase exixir:

- a) O cumprimento das obrigas relacionadas cos plans de recuperación e resolución en base consolidada ao organismo central e ás entidades afiliadas a este no sentido dado polo artigo 10 do Regulamento (UE) número 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013;
- b) O cumprimento das obrigas relativas aos plans de recuperación ao Sistema institucional de protección, en colaboración con cada un dos seus membros exentos.

Para tal efecto, entenderase que todas as referencias ás obrigas dun grupo relativas aos plans de recuperación e resolución inclúen tanto o organismo central como as entidades afiliadas a el, no sentido do artigo 10 do Regulamento (UE) número 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e as súas filiais, e que todas as referencias ás entidades ou matrices suxeitas a supervisión sobre unha base consolidada de acordo co artigo 57 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou ben ao artigo 233 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, inclúen o organismo central.

7. O supervisor e a autoridade de resolución preventiva competentes informarán a Autoridade Bancaria Europea de como aplicaron ás entidades da súa xurisdición o disposto no artigo 4.3 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, nos números 2, 5 e 6 deste artigo, e no artigo 11.2.

Artigo 6. *Valoración de entidades.*

1. Con carácter previo á adopción de calquera medida de resolución será realizada unha valoración do activo e do pasivo da entidade por un experto independente designado polo FROB, conforme o establecido no artigo 5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño. Cando se cumpran todos os requisitos establecidos no presente artigo, a valoración considerárase definitiva.

2. Cando non sexa posible efectuar unha valoración independente de acordo co punto anterior, o FROB poderá levar a cabo unha valoración provisional do activo e do pasivo da entidade, de conformidade co artigo 8.1.

3. A valoración será utilizada para os seguintes propósitos:

- a) Ponderar o cumprimento das condicións para a resolución ou as condicións para a amortización ou conversión de instrumentos de capital.
- b) Adoptar a decisión sobre a medida de resolución adecuada que se debe adoptar respecto da entidade.
- c) Decidir sobre o alcance da cancelación ou o reaxuste á baixa do valor das accións ou outros instrumentos de capital, e o alcance da amortización ou conversión dos instrumentos de capital, no caso de que se proceda á amortización ou conversión de capital.
- d) Establecer o alcance da amortización ou conversión dos pasivos admisibles, no caso de que se utilice o instrumento de recapitalización interna.
- e) Determinar que activos, dereitos, pasivos ou accións ou outros instrumentos de capital se deberán transmitir, así como a decisión sobre o valor que se deba aboar á

entidade obxecto da resolución ou, se é o caso, aos propietarios das accións ou outros instrumentos de capital, cando se aplique o instrumento de entidade ponte ou o instrumento de segregación de activos.

f) Fundamentar a decisión sobre os activos, dereitos, pasivos ou accións ou outros instrumentos de capital que se deberán transmitir, cando se aplique o instrumento de venda do negocio, e emitir informe sobre o que se debe considerar, a xuízo do FROB, como condicións comerciais para efectos do disposto no artigo 26 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

g) Asegurar a detección de toda perda que afecte os activos da entidade no momento en que se apliquen os instrumentos de resolución ou se exerza a competencia para amortizar ou converter os instrumentos de capital.

4. Sen prexuízo do disposto no marco regulador das axudas de estado na Unión Europea, a valoración basearase en supostos prudentes e incluírá a probabilidade de impagamento e a magnitude das perdas.

5. A valoración non recollerá ningunha achega futura de axudas públicas extraordinarias á entidade, de axudas en forma de provisión urxente de liquidez do banco central ou de axudas en forma de liquidez do banco central atendendo a criterios non convencionais en canto a garantías, vencemento e tipos de xuro, a partir do momento en que se emprenda unha medida de resolución ou se exerza a competencia para amortizar ou converter os instrumentos de capital en cuestión.

6. Ademais, a valoración terá en conta que, se se aplica calquera instrumento de resolución:

a) O FROB e calquera mecanismo de financiamento utilizado en virtude do artigo 53 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, poderá recuperar todo gasto razoable en que se incorrese por parte da entidade obxecto de resolución, de conformidade co artigo 25.4 da dita lei.

b) O mecanismo de financiamento da resolución poderá cobrar xuros ou taxas con respecto a todo préstamo ou garantía proporcionado á entidade obxecto de resolución, de conformidade co artigo 53.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Artigo 7. *Contido do expediente de valoración de entidades.*

1. A valoración irá acompañada da seguinte información segundo figure na contabilidade e nos rexistros contables da entidade:

- a) Un balance actualizado e un informe da situación financeira da entidade.
- b) Unha análise e unha estimación do valor contable dos activos.
- c) A lista de pasivos pendentes no balance e fóra de balance que figura na contabilidade e os rexistros da entidade, indicando os créditos correspondentes e a súa orde de prelación de acordo coa normativa concursal.

2. Cando proceda, con obxecto de emitir informe sobre as decisións a que se refire o artigo 6.4.e) e 6.4.f), a información recollida na letra b) do punto anterior poderá ser completada por unha análise e unha estimación do valor dos activos e pasivos da entidade, segundo o valor de mercado.

3. A valoración recollerá a subdivisión dos acredores por categorías segundo a lexislación concursal, así como unha estimación do trato que cabería esperar para cada categoría de accionistas e acredores se a entidade estivese sometida a un procedemento de liquidación concursal.

Esta estimación non impedirá a aplicación do principio recollido no artigo 4.1.d) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, segundo o cal ningún accionista nin acredor soportará perdas superiores ás que tería soportado se a entidade fose liquidada no marco dun procedemento concursal.

Artigo 8. *Valoración provisional.*

1. Cando, pola urxencia das circunstancias do caso, non sexa posible cumprir os requisitos establecidos no artigo 7, números 1 e 3, ou ben se aplique o artigo 6.2, o FROB efectuará unha valoración provisional. Para tales efectos, a valoración provisional fundarase no informe que, se é o caso, emita o supervisor competente conforme o disposto polo artigo 5.3 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

2. A valoración provisional cumprirá en todo caso o obxectivo establecido no artigo 5.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e, na medida en que o permitan as circunstancias, os requisitos dos artigos 6.1, 7.1 e 7.3.

Así mesmo, a valoración provisional incluírá o establecemento dun colchón para perdas adicionais, coa xustificación adecuada.

3. Toda valoración que non cumpra todos os requisitos establecidos nos artigos 6 e 7 se considerará provisional ata que un experto independente leve a cabo unha valoración definitiva que cumpra plenamente os ditos requisitos. Esta valoración definitiva *a posteriori* efectuarase tan pronto como sexa posible. Poderase levar a cabo de maneira separada á avaliación a que se refire o artigo 10 ou de maneira conxunta e pola mesma persoa independente, pero constituirán valoracións diferentes.

Artigo 9. *Valoración definitiva a posteriori.*

1. A valoración definitiva *a posteriori* a que se refire o número 3 do artigo anterior terá os seguintes obxectivos:

a) Garantir que toda perda que afecte os activos da entidade sexa constatada na súa contabilidade.

b) Informar sobre a decisión de modificar os dereitos dos acredores ou de incrementar o valor da compensación aboada, de conformidade co punto seguinte.

2. En caso de que a estimación do valor neto dos activos da entidade realizada na valoración definitiva *a posteriori* sexa superior á estimación do valor neto dos activos da entidade realizada na valoración provisional, o FROB poderá:

a) exercer a súa competencia de incrementar o valor dos dereitos dos acredores ou dos titulares dos instrumentos de capital pertinentes que fosen amortizados de acordo co instrumento de recapitalización interna;

b) encargar a unha entidade ponte ou a unha entidade de xestión de activos que realice un aboamento ulterior pola diferenza do valor, respecto aos activos, dereitos ou pasivos, á entidade obxecto de resolución, ou, segundo os casos, respecto ás accións ou instrumentos de capital, aos propietarios das accións e outros instrumentos de capital.

3. Non obstante o disposto no artigo 6.1, a valoración provisional efectuada de conformidade co disposto no artigo 8.1 e 2, permitirá ao FROB emprender as accións de resolución que sexan necesarias, incluíndo a asunción do control dunha entidade inviable ou o exercicio das competencias de amortización ou conversión de instrumentos de capital.

4. A valoración formará parte integrante da decisión de aplicar un instrumento de resolución ou de exercer unha competencia de resolución, así como da decisión de exercer as competencias de amortización ou conversión de instrumentos de capital.

Artigo 10. *Valoración da diferenza no trato.*

1. Para efectos de valorar se os accionistas e acredores terían recibido mellor trato se á entidade obxecto de resolución se lle tivese aplicado un procedemento de liquidación concursal, o FROB adoptará as medidas necesarias para que un experto independente leve a cabo unha valoración, unha vez realizadas as accións de resolución. Esta valoración será distinta da valoración efectuada de conformidade co artigo 5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

2. A valoración prevista no punto anterior deberá determinar os seguintes aspectos:
 - a) O trato que os accionistas e acredores, ou os sistemas de garantía de depósitos en cuestión, terían recibido se a entidade obxecto de resolución tivese sido sometida a un procedemento de liquidación concursal no momento en que se adoptou a decisión a que se refire o artigo 21 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.
 - b) O trato que efectivamente recibiron os accionistas e acredores na resolución da entidade obxecto de resolución.
 - c) A existencia, se é o caso, de diferenzas entre o trato recollido na letra a) e o trato recollido na letra b).
3. A valoración deberase realizar en atención ás seguintes premisas:
 - a) Partir da hipótese de que a entidade á cal se lle aplicaron as accións de resolución fose liquidada no marco do procedemento concursal no momento en que se adoptou a decisión a que se refire o artigo 21 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.
 - b) Supoñer que as accións de resolución non se realizen.
 - c) Descartar calquera concesión de axuda financeira pública extraordinaria á entidade obxecto de resolución.
4. Se a valoración determina que os accionistas e acredores, ou o Fondo de Garantía de Depósitos, incorreron en perdas superiores ás que terían sufrido se a entidade fose liquidada no marco dun procedemento concursal, terán dereito a obter o pagamento da diferenza con cargo aos mecanismos de financiamento previstos no artigo 53 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

CAPÍTULO II

Planificación da recuperación e actuación temperá

Sección 1.^a Planificación da recuperación

Artigo 11. *Plans de recuperación.*

1. Os plans de recuperación previstos no artigo 6 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, deberán conter, como mínimo, a información seguinte:
 - a) Distintos escenarios hipotéticos de inestabilidade financeira e macroeconómica que afecten tanto o conxunto do sistema financeiro como a entidade ou o grupo.

Así mesmo, os plans de recuperación de grupo determinarán, para cada un dos escenarios, se existen obstáculos para a aplicación das medidas de recuperación e se existen impedimentos para a rápida transmisión de fondos propios ou o reembolso de pasivos ou activos dentro do grupo.
 - b) Sen prexuízo das obrigas simplificadas establecidas conforme o disposto no artigo 5, a información enumerada no anexo I.
 - c) As medidas que poderá adoptar a entidade cando se cumpran as condicións para a actuación temperá establecidas no artigo 8 da Lei 11/2015, do 18 de xuño. Adicionalmente, os plans de recuperación de grupo deberán incluír disposicións para garantir a coordinación e a coherencia das medidas que se deban adoptar a escala da matriz e as medidas que se deban adoptar a nivel das filiais e, cando proceda, das sucursais significativas.
 - d) As condicións e procedementos apropiados para garantir a correcta e oportuna aplicación de medidas de recuperación, así como unha ampla gama de opcións para a dita recuperación.
 - e) Os acordos de axuda financeira intragrupo que se celebren de conformidade coa sección 2.^a

f) Unha análise das condicións en que a entidade podería facer uso das facilidades de crédito dos bancos centrais. Esta análise deberá identificar os activos que se poidan cualificar como garantías.

Os plans de recuperación non poderán presupoñer o acceso a axudas financeiras públicas en ningún caso.

2. De conformidade co artigo 13, o supervisor competente poderá exixir ás filiais dun grupo que elaboren e presenten plans de recuperación individuais.

En todo caso, será obrigatoria a elaboración de plans de recuperación individuais para as entidades de crédito suxeitas á supervisión directa do Banco Central Europeo en virtude do artigo 6.4 do Regulamento (UE) número 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito.

3. Sempre que se cumpran os requisitos de confidencialidade previstos no artigo 59 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o supervisor competente en base consolidada transmitirá os plans de recuperación do grupo:

a) Aos supervisores competentes que formen parte do colexio de supervisores ou con que se chegase a un acordo de coordinación e cooperación.

b) Aos supervisores competentes dos Estados membros da Unión Europea nos cales estean establecidas sucursais significativas, respecto das cuestións que afecten as ditas sucursais.

c) As autoridades de resolución competentes a nivel de grupo.

d) As autoridades de resolución competentes das filiais.

Artigo 12. *Avaliación dos plans de recuperación.*

1. O supervisor competente avaliará os plans de recuperación das entidades e, en particular, a medida en que estes satisfán os requisitos establecidos no artigo 6 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e no artigo 11 deste real decreto, así como os seguintes criterios:

a) A aplicación do plan debe ofrecer posibilidades razoables de manter ou restaurar a viabilidade e a posición financeira da entidade ou do grupo, tendo en conta as medidas preparatorias que a entidade adoptase ou teña previsto adoptar.

b) O plan e as opcións específicas que se adopten deben poder aplicarse de forma rápida e efectiva en caso de inestabilidade financeira e evitando, na medida do posible, todo efecto adverso significativo no sistema financeiro, mesmo en escenarios que leven a outras entidades a aplicar plans de recuperación no mesmo período.

Ao levar a cabo esta avaliación, o supervisor competente deberá considerar a adecuación da estrutura de capital e financiamento da entidade no nivel da complexidade da estrutura organizativa e do perfil de risco da entidade.

2. A avaliación a que se refire o punto anterior realizarase nun prazo máximo de seis meses desde que a entidade presente o plan de recuperación.

Para levar a cabo a avaliación, o supervisor competente remitirá os plans de recuperación ás autoridades de resolución competentes e consultará os supervisores dos Estados membros da Unión Europea en que estean establecidas sucursais significativas da entidade respecto das cuestións que afecten as ditas sucursais.

3. Se tras a avaliación o supervisor competente conclúe que existen deficiencias significativas no plan de recuperación, ou impedimentos para a súa aplicación, comunicará o resultado á entidade ou á matriz do grupo e exixiralle que presente un plan revisado no prazo de dous meses. Este prazo poderá ser ampliado nun mes se a entidade o solicita e o supervisor competente o estima necesario.

Antes de pedirlle a unha entidade que volva presentar un plan de recuperación, o supervisor competente daralle a oportunidade de expresar a súa opinión sobre esa petición.

Se o supervisor competente considera que as deficiencias e impedimentos non se emendaron adecuadamente no plan de recuperación revisado, poderá dar instrucións á entidade para que introduza modificacións específicas no plan.

4. Se a entidade non presenta un plan de recuperación revisado ou se o supervisor competente determina que o plan revisado non soluciona adecuadamente as deficiencias detectadas na avaliación inicial e non resulta posible emendar as ditas deficiencias mediante modificacións específicas do plan, o supervisor competente exixiralle á entidade que identifique nun prazo razoable os cambios que pode introducir na súa actividade para emendar as deficiencias do plan ou os impedimentos para a súa aplicación.

5. Se a entidade non identifica os cambios na súa actividade no prazo establecido polo supervisor competente ou se este conclúe que os cambios identificados son insuficientes para emendar as deficiencias do plan ou os impedimentos para a súa aplicación, o supervisor competente exixiralle á entidade algunha das medidas previstas no artigo 6.3 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, sen prexuízo do disposto nos artigos 68 e 69 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e nos artigos 260 e 261 do texto refundido da Lei do mercado de valores

Artigo 13. *Avaliación dos plans de recuperación de grupo.*

1. Para a avaliación dos plans de recuperación de grupo, o supervisor competente en base consolidada consultará os supervisores do colexio de supervisores e os supervisores das sucursais significativas respecto das cuestións que afecten as ditas sucursais.

Unha vez realizada esta consulta, avaliará, xunto cos supervisores das filiais, o plan de recuperación de grupo e, en particular, a medida en que estes satisfán os requisitos e criterios establecidos no artigo 6 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e nesta sección.

A avaliación realizarase de acordo co procedemento establecido no artigo 12 e atendendo ás posibles repercusións das medidas de recuperación en todos os Estados membros da Unión Europea en que opere o grupo.

2. O supervisor competente, xa o sexa en base consolidada ou en base individual, procurará alcanzar unha decisión conxunta co resto de supervisores sobre:

- a) A avaliación do plan de recuperación de grupo.
- b) A necesidade de que se elabore un plan de recuperación individualizado para as entidades que formen parte do grupo.
- c) A aplicación das medidas mencionadas no artigo 12.3 a 5.

O supervisor competente procurará alcanzar a decisión conxunta nun prazo de catro meses a partir da data en que o supervisor en base consolidada transmita o plan de recuperación do grupo.

O supervisor competente, de conformidade co artigo 31.c) do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, poderá solicitar a mediación da Autoridade Bancaria Europea para alcanzar a decisión conxunta.

3. Se no prazo establecido no punto anterior non se pode alcanzar unha decisión conxunta sobre o exame e a avaliación do plan de recuperación de grupo ou sobre outras medidas que a matriz estea obrigada a adoptar de conformidade co artigo 12.3 a 5, o supervisor competente, cando o sexa en base consolidada, adoptará a súa propia decisión sobre estas cuestións.

Así mesmo, en ausencia de decisión conxunta sobre a necesidade de que se elabore un plan de recuperación individualizado para determinadas entidades ou sobre a aplicación ás filiais das medidas previstas no artigo 12.3 a 5, o supervisor competente, cando o sexa dunha filial, poderá adoptar a súa propia decisión sobre tales cuestións.

As decisións a que se refire este punto deberán ter en conta as observacións e reservas manifestadas polos demais supervisores.

4. Non obstante o disposto no punto anterior, se durante o período de catro meses establecido no número 2, e antes da adopción dunha decisión conxunta, algún dos supervisores remitiu un asunto sobre a avaliación dos plans de recuperación ou sobre a aplicación das medidas previstas no artigo 6.3.a), b) ou d) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, á Autoridade Bancaria Europea, o supervisor competente adiará a súa decisión en espera da decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar de conformidade co artigo 19.3 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010. Nestes casos, o período de catro meses considerarase o período de conciliación no sentido do citado regulamento.

Así mesmo, o supervisor competente adoptará a súa decisión de acordo coa decisión da Autoridade Bancaria Europea. Non obstante, na falta de decisión da Autoridade Bancaria Europea no prazo dun mes, aplicarase a decisión do supervisor competente.

5. Sen prexuízo do disposto no número 3, o supervisor competente poderá adoptar cos demais supervisores do grupo entre os que non exista desacordo unha decisión conxunta sobre o plan de recuperación de grupo aplicable ás entidades que se encontren baixo a súa xurisdición.

6. O supervisor competente recoñecerá e aplicará as decisións alcanzadas por outros supervisores nas cales non fose partícipe.

7. O supervisor competente comunicará as decisións adoptadas en virtude deste artigo á matriz ou ás entidades afectadas do grupo, segundo proceda, e aos demais supervisores.

Artigo 14. *Indicadores do plan de recuperación.*

1. De conformidade co artigo 6.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, as entidades deberán incluír nos seus plans de recuperación un conxunto de indicadores que determinen os puntos en que se poderán emprender as accións previstas no plan. Estes indicadores deberán ser examinados polo supervisor competente durante o proceso de avaliación dos plans de recuperación.

2. Os indicadores poderán ser de carácter cualitativo ou cuantitativo e referiranse á situación financeira da entidade. Para tales efectos, as entidades deberán contar, polo menos, con indicadores de capital, liquidez e calidade e rendibilidade dos activos así como con indicadores macroeconómicos, de mercado ou doutra índole que sexan relevantes para avaliar a situación financeira da entidade.

Non obstante o anterior, o supervisor competente poderá eximir da obriga de contar con algún dos indicadores anteriores aquelas empresas de servizos de investimento para as que estes carezan de relevancia debido á natureza, á escala e á complexidade das súas actividades.

3. Así mesmo, os indicadores deberán ser de fácil monitorización, tanto para a entidade como para o supervisor competente. Para tales efectos, o supervisor competente exixirá ás entidades que establezan mecanismos adecuados para o seguimento regular dos indicadores.

4. Non obstante o disposto no número 1, o órgano de administración da entidade poderá:

a) Absterse de emprender as accións previstas no plan de recuperación se non as considera oportunas dadas as circunstancias.

b) Emprender as accións previstas no plan de recuperación sen necesidade de que se alcanzase o valor do indicador pertinente.

Toda decisión de emprender unha acción prevista no plan de recuperación ou de absterse de emprender tal acción notificaráselle sen demora ao supervisor competente.

Sección 2.ª Axuda financeira intragrupo

Artigo 15. *Acordos de axuda financeira dentro dun grupo.*

1. Os acordos de axuda financeira de grupo previstos no artigo 7 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, poderán:

- a) Afectar unha ou varias filiais do grupo e establecer acordos de axuda tanto entre filiais e matrices como entre as propias filiais.
- b) Establecer mecanismos de axuda financeira en forma de préstamo, concesión de garantías ou subministración de activos para uso como garantía.
- c) Incluír acordos recíprocos en virtude dos cales unha entidade receptora de axuda poida prestar, pola súa vez, axuda financeira á entidade que lle prestou.

2. O acordo de axuda financeira de grupo especificará os criterios para o cálculo da compensación por calquera transacción realizada no marco do acordo. Entre tales criterios deberá figurar o requisito de que a compensación se fixe no momento da prestación da axuda financeira.

3. En todo caso, o acordo deberá respectar os seguintes principios:

- a) Cada unha das partes do acordo deberá subscribilo libremente.
- b) Ao subscribir o acordo e ao determinar a compensación pola prestación de axuda financeira, cada parte deberá defender os seus propios intereses. Entre estes intereses poderanse encontrar os beneficios, directos ou indirectos que pode reportar a prestación da axuda.
- c) A parte receptora de axuda financeira debe ter facilitado á parte que preste a axuda toda a información pertinente antes de que se determine a compensación e de que se tome a decisión de prestar efectivamente a axuda.
- d) Ao determinar a compensación pola prestación de axuda financeira poderase ter en conta a información que figure en poder da parte que preste a axuda pola súa pertenza ao mesmo grupo que a parte receptora da axuda, aínda que esta información non estea dispoñible no mercado.
- e) Non será obrigatorio que os criterios de cálculo da compensación pola prestación de axuda financeira teñan en conta as posibles repercusións temporais nos prezos de mercado que se poidan derivar de circunstancias alleas ao grupo.

4. Os acordos de axuda financeira de grupo deberán ser autorizados polo supervisor competente antes de seren sometidos á aprobación da xunta de accionistas de cada entidade involucrada. Non obstante, só serán válidos se as súas accionistas autorizaron o órgano de administración da dita entidade a adoptar a decisión de que a entidade proporcione ou reciba axuda financeira conforme as condicións do acordo e as establecidas nesta sección e se a autorización dos accionistas non se revogou.

Así mesmo, o órgano de administración de cada entidade que forme parte do acordo informará anualmente os accionistas do desenvolvemento do acordo e da aplicación de calquera decisión adoptada no marco deste.

5. As entidades do grupo farán públicos os acordos de axuda financeira subscritos. A dita publicación deberá incluír unha descrición das características xerais do acordo e os nomes das entidades participantes.

A información deberá ser actualizada polo menos anualmente e estará suxeita aos principios xerais de divulgación de información previstos nos artigos 431 a 434 do Regulamento (UE) número 575/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

Artigo 16. *Condicións para a axuda financeira de grupo.*

Unha entidade só poderá prestar axuda financeira de grupo se se cumpren as condicións seguintes:

a) Que exista unha probabilidade razoable de que a axuda prestada contribúa significativamente a resolver as dificultades financeiras da entidade receptora.

b) Que a prestación da axuda financeira teña o obxectivo de garantir a estabilidade financeira do grupo no seu conxunto ou dunha entidade en concreto e atenda os intereses da entidade que presta a axuda.

c) Que a axuda financeira se proporcione en condicións, incluída a compensación, conformes co artigo 15.3.

d) Que, a xulgar pola información dispoñible para o órgano de administración da entidade que presta a axuda financeira, existan probabilidades razoables de que a entidade receptora aboe a compensación da axuda. En particular, se a axuda consiste nun préstamo ou nalgunha forma de garantía ou aval, a entidade receptora deberá estar en condicións de reembolsar o préstamo ou a débeda que derive da execución da garantía ou aval.

e) Que a prestación de axuda financeira non poña en perigo a liquidez nin a solvencia da entidade que a preste.

f) Que a prestación de axuda financeira non xere unha ameaza para a estabilidade financeira no Estado membro da Unión Europea da entidade que preste a axuda.

g) Salvo que o supervisor competente en base individual o autorice, que a entidade que facilite a axuda non incumpra no momento da prestación ou como consecuencia da prestación da axuda:

1.º Os requisitos da normativa de solvencia de entidades de crédito ou do título VIII do texto refundido da Lei do mercado de valores, en materia de capital, liquidez ou grandes riscos.

2.º Calquera requisito adicional de recursos propios imposto en virtude do artigo 69 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou do artigo 261 do texto refundido da Lei do mercado de valores.

h) Que a prestación de axuda financeira non poña en perigo a resolubilidade da entidade que a preste.

Artigo 17. *Autorización da proposta de acordo de axuda financeira.*

1. A matriz do grupo presentará ao supervisor competente en base consolidada unha solicitude de autorización de calquera proposta de acordo de axuda financeira de grupo. A solicitude conterá o texto da proposta de acordo e as entidades do grupo que se propoñen como partes.

2. O supervisor competente en base consolidada remitirá sen demora a solicitude aos supervisores de cada unha das filiais que pretenden formar parte do acordo, co obxecto de alcanzar unha decisión conxunta.

3. O supervisor competente en base consolidada unicamente autorizará a proposta de acordo se cumpre as condicións para conceder a axuda financeira establecidas no artigo 16. A autorización ou a prohibición para realizar o acordo tramitarase de conformidade co procedemento establecido no artigo seguinte.

4. O supervisor competente comunicará ás autoridades de resolución competentes os acordos de axuda financeira de grupo que autorizase así como calquera modificación destes.

Artigo 18. *Decisión conxunta sobre o acordo de axuda financeira de grupo.*

1. O supervisor competente, cando o sexa en base consolidada ou en base individual, procurará alcanzar unha decisión conxunta sobre a coherencia das condicións da proposta

de acordo coas condicións para conceder axuda financeira, establecidas no artigo 16. Esta decisión conxunta terá en conta o posible impacto da execución do acordo en todos os Estados membros da Unión Europea en que opere o grupo.

2. A decisión conxunta deberase adoptar no prazo de catro meses a partir da data de recepción da solicitude de autorización do acordo de axuda financeira polo supervisor en base consolidada. A decisión conxunta expoñerá nun documento que conteña a decisión plenamente motivada e será notificado polo supervisor competente en base consolidada ao solicitante.

O supervisor competente poderá solicitar á Autoridade Bancaria Europea a súa axuda para chegar a un acordo, de conformidade co artigo 31 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

3. Se os supervisores non chegan a unha decisión conxunta no prazo de catro meses, o supervisor competente en base consolidada adoptará a súa propia decisión respecto á solicitude.

A decisión presentárase nun documento que recolla a súa motivación detallada e as opinións e reservas expresadas polos demais supervisores competentes durante o período de catro meses.

O supervisor competente en base consolidada notificará a súa decisión ao solicitante e aos demais supervisores competentes.

4. Non obstante o anterior, se durante o período de catro meses, e antes da adopción dunha decisión conxunta, algún dos supervisores competentes das filiais involucradas no acordo de axuda financeira remitiu o asunto á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, o supervisor competente en base consolidada adiará a súa decisión en espera da decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar de conformidade co artigo 19.3 do dito regulamento. O período de catro meses considerarase o prazo para a conciliación no sentido do citado regulamento.

Así mesmo, o supervisor competente en base consolidada adoptará a súa decisión de acordo coa decisión da Autoridade Bancaria Europea. Non obstante, a falta de decisión da Autoridade Bancaria Europea no prazo dun mes, o supervisor en base consolidada poderá adoptar a súa propia decisión.

Artigo 19. *Dereito de oposición dos supervisores.*

1. Antes de prestar apoio no marco dun acordo de axuda financeira de grupo, o órgano de administración da entidade que se propoña prestar a axuda deberá informar o supervisor en base individual, o supervisor en base consolidada, o supervisor da entidade receptora da axuda e a Autoridade Bancaria Europea.

A comunicación prevista no parágrafo anterior incluírá a decisión motivada do órgano de administración de conformidade co artigo 16 e os pormenores da axuda financeira proposta, así como unha copia do acordo de axuda financeira de grupo.

2. Dentro dun prazo de cinco días hábiles a partir da data de recepción da comunicación completa de conformidade co previsto no punto anterior o supervisor competente en base individual da entidade que preste axuda financeira poderá prohibir ou restrinxir a concesión da axuda se considera que non se cumpren as condicións do artigo 16. En tales casos deberá xustificar a súa decisión e comunicala inmediatamente ao supervisor en base consolidada, ao supervisor competente da entidade que recibe a axuda e á Autoridade Bancaria Europea.

Así mesmo, o supervisor competente en base consolidada informará o antes posible o resto de membros do colexio de supervisores e os membros do colexio de autoridades de resolución.

3. Se o supervisor competente, cando o sexa en base consolidada ou en base individual da entidade que recibe a axuda, ten obxeccións relativas á decisión de prohibir ou restrinxir a axuda financeira, poderá trasladar o asunto á Autoridade Bancaria Europea e solicitar a súa asistencia de acordo co disposto no artigo 31 do Regulamento (UE)

número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, no prazo de dous días contados desde que reciba a comunicación do supervisor competente en base consolidada.

4. En caso de que o supervisor competente non prohiba nin restrinja a axuda financeira no prazo indicado no número 2, ou aceptase a concesión da axuda antes de finalizar o dito prazo, a entidade poderá facilitala de acordo coas condicións comunicadas ao supervisor competente.

5. A decisión do órgano de administración da entidade de facilitar axuda financeira, unha vez concedida a autorización, remitiráselle ao supervisor en base individual, ao supervisor en base consolidada, ao supervisor da entidade que reciba a axuda financeira e á Autoridade Bancaria Europea.

O supervisor competente en base consolidada informará inmediatamente os demais membros do colexio de supervisores e os membros do colexio de autoridades de resolución.

6. En caso de que o supervisor competente restrinja ou prohiba a axuda financeira de grupo e de que o plan de recuperación do grupo faga referencia a esta axuda, o supervisor competente en base individual da entidade cuxa axuda se restrinja ou prohiba poderá pedir ao supervisor competente en base consolidada que emprenda unha nova avaliación do plan de recuperación do grupo ou, se se elaborou un plan de recuperación sobre unha base individual, que solicite á entidade que presente un plan de recuperación revisado.

Sección 3.^a Actuación temperá

Artigo 20. Coordinación das medidas de actuación temperá do supervisor competente en base consolidada con outros supervisores da Unión Europea.

1. O supervisor competente en base consolidada comunicarlles aos membros do colexio de supervisores que declarou iniciada a situación de actuación temperá dunha entidade matriz e consultará cos membros do colexio a oportunidade da aplicación das medidas previstas no artigo 9 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

2. Tras a comunicación e consulta previstas no punto anterior, o supervisor competente en base consolidada decidirá se aplica algunha medida de actuación temperá á matriz do grupo.

Ao tomar a súa decisión, o supervisor competente en base consolidada terá en conta o impacto das medidas nas entidades do grupo establecidas noutros Estados membros da Unión Europea.

A decisión será comunicada aos demais supervisores do colexio de supervisores, á Autoridade Bancaria Europea e á matriz do grupo.

3. Cando o supervisor dunha filial do grupo comunique ao supervisor competente en base consolidada que declarou iniciada a situación de actuación temperá dunha filial, o supervisor competente en base consolidada poderá avaliar, nun prazo máximo de tres días, as repercusións que a imposición de medidas de actuación temperá podería ter sobre o resto do grupo.

Artigo 21. Coordinación das medidas de actuación temperá do supervisor competente en base individual con outros supervisores da Unión Europea.

1. O supervisor competente, cando sexa o supervisor en base individual da filial dun grupo, comunicará á Autoridade Bancaria Europea que declarou iniciada a situación de actuación temperá da filial. Ademais, consultará co supervisor en base consolidada a oportunidade da aplicación de medidas de actuación temperá.

2. Tras a comunicación e a consulta, o supervisor competente decidirá se aplica algunha medida de actuación temperá. A decisión terá en consideración a avaliación do impacto das medidas que leve a cabo o supervisor competente en base consolidada.

3. O supervisor competente comunicará a decisión ao supervisor en base consolidada, aos demais supervisores do colexio de supervisión, á Autoridade Bancaria Europea e á filial do grupo á cal se vaian aplicar as medidas de actuación temperá.

Artigo 22. Decisión conxunta sobre a coordinación das medidas de actuación temperá.

1. Cando máis dun supervisor propoña aplicar medidas de actuación temperá a máis dunha entidade do grupo, o supervisor competente examinará co resto de supervisores se resulta máis adecuada a coordinación das medidas de actuación temperá.

2. O resultado do exame previsto no punto anterior plasmarase nunha decisión conxunta do supervisor competente en base consolidada co resto de supervisores, que se deberá alcanzar nun prazo máximo de cinco días desde a comunicación por parte dalgún supervisor do cumprimento das condicións de actuación temperá.

3. O supervisor competente poderá solicitar á Autoridade Bancaria Europea a súa asistencia para alcanzar un acordo, de conformidade co artigo 31 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

4. Se non se pode alcanzar unha decisión conxunta no prazo de cinco días previsto no número 2, o supervisor competente poderá adoptar a súa propia decisión sobre as medidas de actuación temperá que se deban aplicar.

Esta decisión terá en conta as observacións e reservas manifestadas polos demais supervisores durante o período de consulta a que se refiren os artigos 20 e 21 ou durante o período de cinco días para alcanzar a decisión conxunta.

5. Non obstante o disposto no punto anterior, o supervisor competente adiará a súa decisión cando algún outro supervisor remita un asunto á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19.3 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, e se cumpran as seguintes condicións:

a) O asunto remitido deberase referir á decisión de impoñer medidas de actuación temperá recollidas nos artigos 9.2.a) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, en relación cos puntos, 4, 10, 11 e 19 do anexo I, ou no artigo 9.2.e) ou g) da citada lei.

b) A remisión do asunto á Autoridade Bancaria Europea deberase producir antes do período de consulta a que se refiren os artigos 20 e 21 ou ao termo do período de cinco días para alcanzar unha decisión conxunta a que se refire o número 2.

c) Non se poderá ter alcanzado previamente a decisión conxunta a que se refire o número 2.

En tales casos, o supervisor competente adoptará a súa decisión de acordo coa decisión adoptada pola Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19.3 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010. Non obstante, se a Autoridade Bancaria Europea non se pronunciase no prazo de tres días desde a remisión do asunto, o supervisor competente poderá adoptar a súa propia decisión.

6. O supervisor competente poderá remitir un asunto á Autoridade Bancaria Europea e solicitar a súa asistencia cando:

a) Estea en desacordo coa decisión comunicada por outro supervisor sobre o cumprimento das condicións para impoñer medidas de actuación temperá a un grupo ou entidade.

b) Non sexa posible alcanzar unha decisión conxunta sobre a imposición das medidas de actuación temperá recollidas no artigo 9.2.a) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, en relación cos puntos, 4, 10, 11 e 19 do anexo I, ou no artigo 9.2.e) ou g) da citada lei.

7. O supervisor competente comunicará as decisións adoptadas en virtude deste artigo á matriz do grupo, cando sexa o supervisor competente en base consolidada, ou ás entidades filiais, cando sexa o supervisor en base individual.

Artigo 23. *Designación e destitución do administrador provisional.*

1. De conformidade cos artigos 9.2.j) e 10 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, cando o supervisor competente considere insuficientes as medidas de actuación temperá recollidas no artigo 9.2.a) a i) da citada lei para resolver a situación de dificultade da entidade, poderá acordar a intervención da entidade ou a substitución provisional do seu órgano de administración ou dun ou varios dos seus membros.

O dito acordo, de carácter executivo desde o momento que se dite, será obxecto de inmediata publicación no «Boletín Oficial del Estado». A publicación no «Boletín Oficial del Estado» determinará a eficacia do acordo fronte a terceiros.

2. Todas as resolucións relativas á substitución do órgano de administración, directores xerais ou asimilados, con determinación das súas facultades e da súa forma de actuación, e limitacións, deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Mercantil.

3. Sen prexuízo do disposto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, e neste real decreto, a designación do administrador provisional non menoscabará os dereitos dos accionistas da entidade.

4. Os administradores provisionais deberán cumprir os requisitos de idoneidade previstos nos artigos 30 a 32 do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, no caso de entidades de crédito, e nos artigos 14 bis a 14 quáter do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, no caso de empresas de servizos de investimento.

5. O supervisor competente poderá destituír o administrador provisional en calquera momento e por calquera motivo.

Artigo 24. *Competencias e funcións do administrador provisional.*

1. O supervisor competente detallará as competencias e funcións do administrador provisional no momento da designación ou cando se produza calquera cambio das condicións de designación. Para estes efectos, o acordo deberá incluír, polo menos, o seguinte contido:

a) As competencias do administrador provisional, que deberán ser proporcionais ás circunstancias da entidade e poderán comprender algúns ou todos os poderes do órgano de administración da entidade, incluída a facultade de desempeñar funcións administrativas.

b) As funcións do administrador provisional, así como os posibles límites a estas. Entre tales funcións poderanse incluír:

1.º A determinación da situación financeira da entidade.

2.º A xestión da actividade ou de parte da actividade da entidade con vistas a preservar ou restaurar a situación financeira da entidade.

3.º A adopción de medidas orientadas a restaurar a xestión sa e prudente da actividade da entidade.

c) En caso de que o administrador provisional fose designado para colaborar temporalmente co órgano de administración, as súas funcións, obrigas e competencias, así como as decisións do órgano de administración da entidade que deban ser consultadas ou aprobadas polo administrador provisional.

d) As accións do administrador provisional que deben ser sometidas á aprobación do supervisor competente. Non obstante o anterior, o administrador provisional non poderá convocar a xunta xeral de accionistas da entidade e fixar os puntos da orde do día sen a aprobación do supervisor competente.

2. Adicionalmente, o supervisor competente poderá exixir ao administrador provisional, coa periodicidade que considere oportuna e ao final do mandato, que elabore informes sobre a situación financeira da entidade e sobre a súa actuación durante o transcurso do seu mandato.

CAPÍTULO III

Fase preventiva da resolución

Sección 1.^a Planificación da resolución

Artigo 25. *Plans de resolución.*

1. O plan de resolución previsto no artigo 13 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, conterà os instrumentos e competencias de resolución aplicables á entidade atendendo aos diferentes escenarios de estrés que poidan desencadear a inviabilidade.

Para tales efectos, sen prexuízo das obrigas simplificadas que se poidan establecer para certas entidades conforme o artigo 4 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e o artigo 5 deste real decreto, o plan deberá incluír, de maneira cuantificada cando sexa posible:

- a) Un resumo dos elementos fundamentais do plan.
- b) Un resumo dos cambios máis importantes acaecidos na entidade desde a última actualización da información sobre a resolubidade da entidade.
- c) Unha demostración de como se poderían separar xurídica e economicamente as funcións esenciais e as ramas de actividade principais doutras funcións, na medida en que sexa necesario para asegurar a súa continuidade en caso de inviabilidade da entidade.
- d) Unha estimación do prazo de execución de cada un dos elementos fundamentais do plan.
- e) Unha descrición detallada da avaliación da resolubidade levada a cabo conforme o artigo 15 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.
- f) Unha descrición das medidas necesarias para abordar ou eliminar obstáculos á resolubidade que se detectasen na avaliación levada a cabo conforme o artigo 15 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.
- g) Unha descrición dos procesos para determinar o valor e a posibilidade de venda dos activos da entidade, incluídas as ramas de actividade esenciais.
- h) Unha descrición detallada dos mecanismos establecidos para asegurar que a información requirida ás entidades estea actualizada e á disposición das autoridades de resolución e supervisión competentes en calquera momento.
- i) Unha análise das condicións en que a entidade podería acceder ás operacións ordinarias de provisión liquidez de bancos centrais e os activos que se poderían achegar como garantías.
- j) Unha explicación de como se financiarán as opcións de resolución sen contar cos mecanismos recollidos no artigo 13.2.a) a c) da Lei 11/2015, do 18 de xuño.
- k) Unha descrición detallada das diferentes estratexias de resolución que se poidan aplicar en función dos diferentes escenarios posibles e dos prazos dispoñibles.
- l) Unha descrición das interconexións e interdependencias esenciais.
- m) Unha descrición das opcións para protexer os dereitos de acceso aos sistemas de pagamento, compensación e outras infraestruturas e, cando sexa posible, unha indicación da posibilidade de traslado das posicións dos clientes.
- n) Unha análise das repercusións do plan nos empregados da entidade, incluíndo unha avaliación dos custos asociados e unha descrición das medidas previstas para establecer procedementos de consulta co persoal durante o proceso de resolución, tendo en conta, se é o caso, os sistemas para o diálogo cos interlocutores sociais.
- ñ) Un plan de comunicación cos medios de comunicación e co público.

o) Os requirimentos mínimos de fondos propios e de pasivos admisibles exixidos de conformidade co artigo 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e, se procede, un calendario para alcanzalos.

p) Os requirimentos mínimos de fondos propios e de instrumentos contractuais de recapitalización interna de conformidade co artigo 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e, se procede, o calendario para alcanzalos.

q) Unha descrición das operacións e sistemas esenciais para manter o funcionamento continuado dos procesos operativos da entidade.

r) Cando proceda, calquera opinión que expresase a entidade en relación co plan de resolución.

A autoridade de resolución preventiva comunicará á entidade afectada a información recollida na letra a).

2. Para a elaboración do plan de resolución, a autoridade de resolución preventiva poderá exixir á entidade, entre outra, a información especificada no anexo II. Se o supervisor competente dispón da información exixida, poderá facilitala directamente á autoridade de resolución preventiva.

3. De acordo co artigo 13.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a autoridade de resolución preventiva poderá requirir as entidades que a asistan na redacción e actualización do plan.

4. A autoridade de resolución preventiva transmitirá os plans de resolución e os cambios realizados neles aos supervisores competentes e ao FROB.

Artigo 26. *Plans de resolución de grupos.*

1. O plan de resolución de grupo previsto no artigo 14.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, incluíra os elementos mencionados no número 1 do artigo anterior e, ademais, deberá:

a) Establecer as accións de resolución que se deberían aplicar ás entidades do grupo.

b) Examinar en que medida os instrumentos e as competencias de resolución se poden aplicar e exercer de forma coordinada en entidades do grupo situadas na Unión Europea así como os obstáculos potenciais a unha resolución coordinada. En particular, examínanse as medidas para facilitar a compra do grupo, de entidades deste ou de ramas de actividade específicas por un terceiro.

c) Cando un grupo inclúa entidades constituídas en Estados non membros da Unión Europea, establecer acordos adecuados para a cooperación e coordinación coas autoridades que corresponda atendendo ás consecuencias para a resolución no seo da Unión Europea.

d) Determinar as medidas necesarias para facilitar a resolución de grupo cando se cumpran as condicións de resolución. Entre tales medidas poderán figurar a separación xurídica e económica de funcións ou ramas de actividade concretas.

e) Determinar as condicións de financiamento das accións de resolución de grupo, atendendo a principios equitativos e equilibrados de repartición das cargas entre fontes de financiamento radicadas en diferentes Estados membros da Unión Europea. En particular, estes principios deberán basear nos criterios establecidos no artigo 52.3, e deberán considerar as repercusións na estabilidade financeira de todos os Estados membros da Unión Europea afectados.

f) Establecer calquera outra medida adicional que o FROB, cando sexa a autoridade de resolución do grupo, teña intención de adoptar en relación coa resolución do grupo.

En todo caso, os plans de resolución de grupo non poderán ter un impacto desproporcionado en ningún Estado membro da Unión Europea.

2. Para a elaboración do plan de resolución de grupo, a matriz deberá presentar á autoridade de resolución preventiva competente a información a que se refire o artigo 25.2

referida á propia matriz e, na medida exixida pola autoridade de resolución preventiva, a cada unha das sociedades do grupo.

Así mesmo, a autoridade de resolución preventiva competente poderá utilizar a información transmitida polas entidades ou facilitada polo supervisor competente en virtude do artigo 25.2.

3. A autoridade de resolución preventiva transmitirá os plans de resolución e os cambios realizados nestes aos supervisores competentes que corresponda e ao FROB.

Artigo 27. *Transmisión de información entre autoridades de resolución e supervisores.*

1. A autoridade de resolución preventiva a nivel de grupo, sempre que se cumpran os requisitos de confidencialidade exixidos pola Lei 11/2015, do 18 de xuño, transmitirá a información facilitada pola matriz de acordo co artigo 26.3:

- a) Ao FROB, en canto autoridade de resolución executiva.
- b) Á Autoridade Bancaria Europea.
- c) Ás autoridades de resolución das filiais.
- d) Ás autoridades de resolución das xurisdicións en que estean establecidas sucursais significativas, respecto das cuestións que afecten as ditas sucursais.
- e) Aos supervisores cos cales existan acordos de coordinación e cooperación para exercer a supervisión en base consolidada dunha entidade ou formen parte dun colexio de supervisores.
- f) Ás autoridades de resolución dos Estados membros da Unión Europea onde estean establecidas as sociedades financeiras de carteira, sociedades financeiras mixtas de carteira ou sociedades mixtas de carteira do grupo.

2. A información facilitada pola autoridade de resolución preventiva, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, aos suxeitos recollidos nas letras c), d) e e) do punto anterior incluírá, como mínimo, toda a información pertinente respecto da filial ou da sucursal significativa.

3. A información facilitada pola autoridade de resolución preventiva, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, á Autoridade Bancaria Europea incluírá toda a información que esta poida necesitar para desempeñar as funcións que lle atribúe a normativa europea en materia de planificación da resolución de grupo.

4. A autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, se o considera conveniente, e sempre que se respecten os requisitos de confidencialidade establecidos no artigo 58.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, poderá involucrar na elaboración e mantemento dos plans de resolución de grupo as autoridades de resolución de Estados non membros da Unión Europea nos cales o grupo establece sucursais significativas, filiais ou sociedades financeiras de carteira.

5. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo non estará obrigada a transmitir a información relativa a filiais de Estados non membros da Unión Europea se o supervisor competente ou a autoridade de resolución destes Estados non dese o seu consentimento.

Artigo 28. *Decisión conxunta sobre o plan de resolución de grupo.*

1. De conformidade co artigo 14 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o plan de resolución de grupo plasmarase nunha decisión conxunta da autoridade de resolución preventiva coas autoridades de resolución das filiais do grupo e, en caso de que a autoridade de resolución preventiva actúe como autoridade de resolución preventiva dunha filial, coa autoridade de resolución a nivel de grupo.

Esta decisión conxunta deberase adoptar nun prazo de catro meses a partir da data en que sexa transmitida a información prevista no artigo 27 por parte da autoridade de resolución a nivel de grupo.

A autoridade de resolución preventiva, de conformidade co artigo 31.c) do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, poderá solicitar a mediación da Autoridade Bancaria Europea para alcanzar a decisión conxunta.

2. Se as autoridades de resolución non alcanzan a decisión conxunta no prazo de catro meses previsto no punto anterior, a autoridade de resolución preventiva, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, adoptará a súa propia decisión sobre o plan de resolución de grupo ou, cando sexa a autoridade de resolución dunha filial, adoptará a súa propia decisión e elaborará e manterá actualizado un plan de resolución para as entidades establecidas en España.

Estas decisións estarán plenamente motivadas e deberán ter en conta as opinións e reservas expresadas polas demais autoridades de resolución e supervisores. Ademais, nos casos en que a autoridade de resolución preventiva sexa a autoridade de resolución dunha filial, a decisión deberá expoñer as razóns do desacordo co plan de resolución de grupo proposto.

A autoridade de resolución preventiva comunicará as súas decisións ás entidades afectadas e aos membros do colexio de autoridades de resolución.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, se durante o período de catro meses e antes da adopción da decisión conxunta algunha autoridade de resolución remite o asunto á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, a autoridade de resolución preventiva adiará a súa decisión en espera da decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar en virtude do artigo 19.3 do dito regulamento. Nestes casos, o período de catro meses considerarase o período de conciliación no sentido do citado regulamento.

Así mesmo, a autoridade de resolución preventiva adoptará a súa decisión de acordo coa decisión da Autoridade Bancaria Europea. Na falta de decisión da Autoridade Bancaria Europea no prazo dun mes, aplicarase a decisión da autoridade de resolución preventiva competente.

4. Sen prexuízo do disposto no número 2, a autoridade de resolución preventiva poderá adoptar coas demais autoridades de resolución entre as cales non exista desacordo unha decisión conxunta sobre o plan de resolución de grupo aplicable ás entidades do grupo que se encontren baixo a súa xurisdición.

5. As decisións conxuntas a que se refiren os números 1 e 4, así como as decisións adoptadas conforme os artigos 3 e 4, recoñeceranse como decisións definitivas e serán aplicadas polas autoridades de resolución afectadas.

6. En ausencia de decisión conxunta durante o período de catro meses previsto no número 3, a autoridade de resolución preventiva poderá solicitar á Autoridade Bancaria Europea a súa asistencia para chegar a un acordo, de conformidade co artigo 19.3 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, a menos que algunha das autoridades de resolución afectadas considere que a cuestión que suscitou o desacordo pode vulnerar as competencias fiscais do seu Estado.

7. Cando se tomen decisións conxuntas en virtude do disposto nos números 1 e 3 e unha autoridade de resolución determine que a cuestión que suscitou o desacordo sobre os plans de resolución no nivel de grupo vulnera as competencias fiscais do seu Estado, a autoridade de resolución preventiva, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, procederá a unha reavaliación do plan de resolución de grupo, incluídos os requisitos mínimos sobre fondos propios e pasivos admisibles.

Sección 2.^a Avaliación da resolubidade

Artigo 29. Avaliación da resolubidade.

1. Para levar a cabo a avaliación da resolubidade de entidades e grupos prevista, respectivamente, nos artigos 15 e 16 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a autoridade de resolución preventiva competente examinará, polo menos, os aspectos especificados no anexo III.

2. O procedemento de adopción da decisión conxunta sobre a avaliación da resolubidade de grupo será o previsto no artigo 28. Para tales efectos, as autoridades do colexio de resolución terán en conta a avaliación da resolubidade do grupo levada a cabo pola autoridade de resolución preventiva na súa condición de autoridade de resolución preventiva de grupo.

Artigo 30. *Decisión conxunta sobre eliminación de obstáculos á resolubidade de grupos.*

1. A decisión conxunta sobre as medidas oportunas para eliminar os obstáculos á resolubidade dun grupo a que se refire o artigo 18 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, adoptarase no prazo máximo de catro meses desde que a matriz do grupo envíe as súas observacións ás medidas propostas pola autoridade de resolución preventiva para eliminar os obstáculos á resolubidade, en virtude do número 1 do artigo mencionado.

En ausencia de observacións durante o período de catro meses con que conta a matriz do grupo en virtude do artigo 18.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a decisión conxunta deberase adoptar o antes posible.

En todo caso, a decisión conxunta motivarase e expoñerase nun documento que a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo facilitará á empresa matriz.

2. A autoridade de resolución preventiva, de conformidade co artigo 31.c) do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, poderá solicitar a mediación da Autoridade Bancaria Europea para alcanzar a decisión conxunta.

3. Se non se pode alcanzar unha decisión conxunta no prazo establecido no número 1, a autoridade de resolución preventiva, cando sexa a autoridade de resolución no nivel de grupo, adoptará a súa propia decisión sobre as medidas que se deban aplicar no nivel de grupo ou, cando sexa a autoridade de resolución dunha filial, sobre as medidas que deban adoptar as entidades do grupo establecidas en España.

Estas decisións estarán plenamente motivadas e terán en conta as opinións e reservas expresadas polas demais autoridades de resolución. A autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo comunicará a decisión á matriz.

4. Non obstante o disposto no punto anterior, se durante o período de catro meses e antes da adopción da decisión conxunta algunha autoridade de resolución remitiu un asunto dos mencionados no número 6 á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, a autoridade de resolución preventiva adiará a súa decisión en espera da decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar de conformidade co artigo 19.3 do dito regulamento. Nestes casos, o período de catro meses considerarase o período de conciliación no sentido do citado regulamento.

Así mesmo, a autoridade de resolución preventiva adoptará a súa decisión de acordo coa decisión da Autoridade Bancaria Europea. Na falta de decisión da Autoridade Bancaria Europea no prazo dun mes, aplicarase a decisión da autoridade de resolución preventiva.

5. A autoridade de resolución preventiva recoñecerá e aplicará as decisións alcanzadas por outras autoridades de resolución nas cales non fose participe.

6. En ausencia dunha decisión conxunta sobre a adopción de calquera das medidas previstas no artigo 17.2.g), h), ou k) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a autoridade de resolución preventiva poderá solicitar á Autoridade Bancaria Europea a súa asistencia para chegar a un acordo de conformidade co artigo 19.3 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

CAPÍTULO IV

ResoluciónArtigo 31. *Requisitos de notificación.*

1. O supervisor competente informará a autoridade de resolución preventiva competente e o FROB de calquera notificación que reciba de conformidade co artigo 21.4 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e de calquera medida de prevención de crise ou de calquera medida establecida nos artigos 68 e 69 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou nos artigos 260 e 261 do texto refundido da Lei do mercado de valores, que ordenen adoptar respecto a unha entidade.

2. Cando o supervisor competente ou o FROB, segundo corresponda, determinen que unha entidade cumpre as condicións sinaladas no artigo 19.1. a) e b) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, comunicarllo sen demora ás autoridades seguintes, de ser estas distintas:

- a) As autoridades de resolución competentes.
- b) O supervisor das filiais da dita entidade.
- c) O supervisor das sucursais da dita entidade.
- d) As autoridades de resolución competentes das sucursais da dita entidade.
- e) O Banco de España.
- f) O sistema de garantía de depósitos a que estea afiliada a entidade de crédito, cando sexa necesario para permitir o desempeño das funcións do dito sistema.
- g) O órgano ou a institución encargados dos mecanismos de financiamento no procedemento de resolución cando sexa necesario para permitir o desempeño das funcións dos ditos mecanismos.
- h) Cando proceda, a autoridade de resolución a nivel de grupo.
- i) O Ministerio de Economía e Competitividade.
- j) Se a entidade é obxecto de supervisión en base consolidada de acordo co título II, capítulo II, da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou co título VII, capítulo I, do texto refundido da Lei do mercado de valores, ao supervisor en base consolidada.
- k) Á autoridade macroprudencial nacional que, se é o caso, sexa designada e á Xunta Europea de Risco Sistémico.

3. Cando non se poida garantir un nivel adecuado de confidencialidade na transmisión da información recollida no número 2.f) e g) o supervisor competente ou o FROB establecerá sistemas de comunicación alternativos para alcanzar os mesmos obxectivos sen deixar de garantir este nivel de confidencialidade.

Artigo 32. *Obrigas de información do FROB.*

1. Unha vez acordado o inicio do proceso de resolución, o FROB adoptará sen demora as medidas previstas neste artigo.

2. O FROB notificará a decisión pola que se inicia o proceso de resolución á entidade obxecto de resolución e, de seren estas distintas, ás autoridades seguintes:

- a) Ao supervisor competente da entidade obxecto de resolución.
- b) Ao supervisor competente de calquera filial ou sucursal da entidade obxecto de resolución.
- c) Ao Banco de España.
- d) Ao sistema de garantía de depósitos ao cal a entidade de crédito obxecto de resolución estea afiliada.
- e) Ao organismo encargado dos mecanismos de financiamento no procedemento de resolución.
- f) Cando proceda, á autoridade de resolución no nivel de grupo.
- g) Ao Ministerio de Economía e Competitividade.

h) Se a entidade obxecto de resolución se somete a supervisión en base consolidada de acordo co título II, capítulo II da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou co título VII, capítulo I do texto refundido da Lei do mercado de valores, ao supervisor en base consolidada.

i) Á autoridade macroprudencial nacional que, de ser o caso, sexa designada e á Xunta Europea de Risco Sistémico.

j) Á Comisión Europea, ao Banco Central Europeo, á Autoridade Europea de Valores e Mercados, á Autoridade Europea de Seguros e Pensiós de Xubilación e á Autoridade Bancaria Europea.

k) Se a entidade obxecto de resolución é unha entidade de acordo co artigo 2.b) da Directiva 98/26/CE, aos operadores dos sistemas en que participe.

3. A notificación a que se refire o punto anterior incluírá unha copia de calquera decisión mediante a que se exerzan as competencias correspondentes, e indicará a data en que producirán efecto as accións de resolución.

4. O FROB publicará a decisión prevista neste artigo ou solicitará ou ordenará a súa publicación:

a) Na súa páxina web oficial.

b) Na páxina web do supervisor competente e no da Autoridade Bancaria Europea.

c) Na páxina web da entidade obxecto da resolución.

d) Cando as accións, outros instrumentos de capital ou instrumentos de débeda da entidade obxecto de resolución se admitan a negociación nun mercado regulado, polos mesmos medios utilizados para a divulgación da información regulada acerca da dita entidade de conformidade co artigo 21.1 da Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro, sobre harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado e polo que se modifica a Directiva 2001/34/CE.

5. Se as accións, os instrumentos de capital ou os instrumentos de débeda non se admitiron a negociación nun mercado regulado, o FROB asegurase de que se lles notifica a decisión a que se refire o número 2 aos accionistas e aos acredores da entidade obxecto de resolución que fosen identificados a través dos rexistros e bases de datos da entidade que estean á disposición do FROB.

Artigo 33. *Substitución do órgano de administración e dos directores xerais ou asimilados como medida de resolución.*

1. Os membros do órgano de administración da entidade e os directores xerais ou asimilados que se nomeen en virtude do disposto no artigo 22 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, contarán coa cualificación, a capacidade e os coñecementos necesarios para desempeñar as súas funcións.

2. Os membros do órgano de administración da entidade e os directores xerais terán o deber estatutario de adoptar todas as medidas necesarias para promover os obxectivos e principios de resolución establecidos nos artigos 3 e 4 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e executar as accións de resolución de conformidade coa decisión da autoridade de resolución competente.

As solucións poderán incluír unha ampliación de capital, a reorganización da estrutura de capital da entidade ou a toma de participación por parte de entidades sas desde o punto de vista financeiro e organizativo, consonte os instrumentos de resolución a que se refire o capítulo V.

3. O FROB poderá establecer limitacións á actuación dos membros do órgano de administración da entidade e dos directores xerais ou asimilados ou requirir que algunhas das súas accións se deban someter ao seu consentimento previo. O FROB poderá destituír en calquera momento os membros do órgano de administración e os directores xerais.

4. Nos termos que determine o FROB, os membros do órgano de administración da entidade e os directores xerais elaborarán informes sobre a situación económica e financeira da entidade e sobre a súa actuación no desempeño das súas funcións. Estes informes deberán elaborarse de maneira periódica nos termos que dispoña o FROB e ao inicio e ao final do seu mandato.

5. Cando o FROB e outras autoridades de resolución se propoñan nomear un administrador especial en relación cunha entidade vinculada a un grupo, o FROB, en coordinación co resto de autoridades, valorará a conveniencia de nomear un único administrador especial para todas as entidades implicadas co fin de facilitar a adopción de medidas que melloren a solvencia financeira das entidades afectadas.

6. Todas as resolucións relativas á substitución do órgano de administración da entidade, directores xerais ou asimilados, con determinación das súas facultades e da súa forma de actuación, e limitacións, deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Mercantil.

CAPÍTULO V

Instrumentos de resolución

Artigo 34. *Requisitos para a venda do negocio da entidade.*

A persoa ou entidade que resulte adquirente da entidade obxecto de resolución de conformidade coa normativa aplicable debe dispoñer da autorización correspondente para desenvolver a actividade do negocio adquirido consonte o disposto no artigo 26 da Lei 11/2015, do 18 de xuño. Os supervisores competentes aseguraranse de que a solicitude de autorización é analizada ao seu debido tempo, en conxunción coa transmisión.

Artigo 35. *Funcionamento da entidade ponte.*

1. Corresponde ao FROB constituír a entidade ponte a que se refire o artigo 27 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e, en particular, aprobar:

- a) Os documentos constitutivos da entidade ponte.
- b) O nomeamento do órgano de administración da entidade ponte, que será nomeado con suxeición, en todo caso, á estrutura de capital desta.
- c) As remuneracións e responsabilidades dos membros do órgano de administración da entidade ponte.
- d) A estratexia e o perfil de risco da entidade.

2. O FROB acordará o cesamento da actividade dunha entidade ponte cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se fusione con outra entidade no marco da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.
- b) Por incumprimento dos requisitos establecidos para constituírse como unha entidade ponte.
- c) Pola venda a un terceiro da totalidade ou a maior parte dos seus activos e pasivos.
- d) Por liquidación dos seus activos e pasivos.

3. No caso de que non se produza ningunha das circunstancias previstas no punto anterior, o FROB poñerá fin ao funcionamento da entidade ponte en canto sexa posible e, en todo caso, dentro dos dous anos seguintes á data en que tivese lugar a última transmisión efectuada desde unha entidade obxecto de resolución ao instrumento da entidade ponte.

O FROB poderá ampliar o prazo de dous anos por un ou varios períodos adicionais dun ano co obxecto de favorecer as circunstancias mencionadas no punto anterior ou

cando sexa necesario co obxecto de garantir a continuidade dos servizos bancarios ou financeiros esenciais.

A decisión do FROB de ampliar o prazo de dous anos deberá estar motivada e conterá unha avaliación detallada da situación que xustifique a ampliación, incluídas as condicións e perspectivas do mercado.

Artigo 36. Funcionamento da sociedade de xestión de activos.

1. De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e á vista das circunstancias concorrentes, o FROB determinará, en cada caso, a forma de control sobre a sociedade de xestión de activos que considere apropiada para os efectos de garantir que a dita sociedade actúa de acordo cos obxectivos da resolución.

2. A sociedade de xestión de activos administrará os activos e pasivos recibidos da entidade de resolución. A xestión dos activos irá encamiñada a maximizar o seu valor a través dunha eventual venda ou liquidación ordenada.

3. O FROB aprobará os documentos constitutivos da sociedade de xestión, o seu órgano de administración, as remuneracións deste, determinará as súas responsabilidades así como a estratexia e o perfil de risco da sociedade.

4. O FROB, ao exercer as competencias previstas no punto anterior, determinará as obrigas de goberno corporativo a que estará suxeita a sociedade de xestión de activos co fin de garantir a máis adecuada organización e funcionamento para o cumprimento dos obxectivos da resolución e a transparencia nas súas actuacións, sendo de aplicación supletoria as previstas no Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

CAPÍTULO VI

Amortización e conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna

Artigo 37. Procedemento para a exclusión, total ou parcial, de certos pasivos ou categorías de pasivos admisibles.

O FROB, antes de exercer a facultade discrecional de excluír un pasivo en virtude do artigo 43.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, notificarallo á Comisión Europea.

Cando a exclusión requira unha contribución do Fondo de Resolución Nacional ou o uso polo FROB dunha fonte alternativa de financiamento, de acordo co artigo 43.4 e a sección sexta do capítulo VI da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a Comisión, nun prazo de vinte e catro horas a partir da recepción da dita notificación, ou nun prazo maior co acordo do FROB, poderá prohibir a exclusión proposta ou exixir que se modifique se non se cumpren os requisitos do presente artigo e dos actos delegados, co fin de protexer a integridade do mercado interior. Todo isto, sen prexuízo da aplicación da normativa europea sobre axudas de Estado.

Artigo 38. Determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.

1. Os pasivos admisibles, incluídos os instrumentos de débeda subordinada e os préstamos subordinados que non se poidan considerar capital adicional de nivel 1 ou de nivel 2, incluíranse no importe de fondos propios e pasivos admisibles recollido no artigo 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, cando cumpran as seguintes condicións:

- a) Que o instrumento fose emitido e estea plenamente desembolsado.
- b) Que o pasivo non se lle deba á propia entidade, nin estea apoiado ou garantido por ela.
- c) Que a adquisición do instrumento non fose financiada directa ou indirectamente pola entidade.
- d) Que o pasivo teña un prazo de vencemento remanente de, polo menos, un ano.

- e) Que o pasivo non proceda dun instrumento derivado.
- f) Que o pasivo non surda dun depósito dos previstos no número 1 da disposición adicional décimo cuarta da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Para efectos do disposto na letra d), cando un pasivo lle confira ao seu propietario un dereito de amortización anticipada, considerarase como vencemento dese pasivo a primeira data en que se poida exercer o dito dereito.

2. Cando unha entidade teña que demostrar, conforme o artigo 44.4 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, que toda decisión dunha autoridade de resolución consistente en amortizar ou converter un pasivo admisible sería efectiva consonte a normativa do dito terceiro país, deberá facelo tendo en conta as cláusulas do contrato que regule o pasivo, os acordos internacionais sobre o recoñecemento de procedementos de resolución, así como doutras cuestións que resulten pertinentes.

3. Para que se poida considerar instrumento contractual de recapitalización interna para os efectos do artigo 44.7 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a autoridade de resolución preventiva deberase asegurar de que o instrumento:

- a) contén unha cláusula contractual que estipule que, cando unha autoridade de resolución decida aplicar a esa entidade o instrumento de recapitalización interna, o instrumento se amortizará ou converterá na medida necesaria antes de que se amorticen ou convertan outros pasivos admisibles, e
- b) está supeditado a un acordo, compromiso ou disposición de subordinación vinculante, en virtude do cal, se teñen lugar procedementos concursais, o instrumento estará clasificado nun rango inferior a outros pasivos admisibles conforme o número 1 e non se poderá reembolsar ata que non se liquidasen outros pasivos admisibles que estean pendentes nese momento.

Artigo 39. *Exención do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.*

1. A autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, logo de consulta co FROB, poderá eximir totalmente unha entidade matriz da Unión Europea da aplicación do requirimento mínimo individual de fondos propios e pasivos admisibles cando:

- a) a entidade matriz da Unión Europea cumpra en base consolidada o requirimento mínimo fixado no artigo 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e
- b) a autoridade competente respecto da entidade matriz da Unión Europea eximise totalmente a entidade da aplicación dos requirimentos individuais de capital de acordo co artigo 7, número 3, do Regulamento (UE) número 575/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

2. A autoridade de resolución preventiva dunha filial, logo de consulta co FROB, poderá eximir totalmente a dita filial da aplicación do artigo 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, con carácter individual, cando:

- a) tanto a filial como a súa empresa matriz estean suxeitas a autorización e supervisión do mesmo Estado membro,
- b) a filial estea incluída na supervisión en base consolidada da entidade que sexa a súa empresa matriz,
- c) a entidade de grupo de máis alto nivel no Estado membro da filial, se é distinta da entidade matriz da Unión Europea, cumpra en base subconsolidada o requirimento mínimo fixado no artigo 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño,
- d) non exista, nin sexa previsible que existan, ningún impedimento práctico ou xurídico relevante para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivos á filial por parte da súa empresa matriz,
- e) a empresa matriz demostre, a satisfacción da autoridade competente, que efectúa unha xestión prudente da filial e se declare, co consentimento da autoridade competente,

garante dos compromisos subscritos pola filial ou ben os riscos de terceiros coa filial sexan pouco significativos,

f) os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial,

g) a empresa matriz posúa máis do 50 por cento dos dereitos de voto na filial ou teña a facultade de nomear ou destituir a maioría dos membros do órgano de administración da filial, e

h) a autoridade competente respecto da filial eximise totalmente a filial da aplicación dos requirimentos individuais de capital, de conformidade co artigo 7.1 do Regulamento (UE) número 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

Artigo 40. Determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles das filiais do grupo e das matrices da Unión Europea.

1. A autoridade de resolución preventiva española, logo do informe do FROB e do supervisor competente, fixará o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles que se deberá aplicar ás filiais españolas do grupo a nivel individual.

2. A autoridade de resolución preventiva española, cando sexa tamén a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, determinará, logo de informe do FROB e logo de consulta ao supervisor en base consolidada, o requirimento mínimo a nivel consolidado das matrices da Unión Europea, así como o requirimento mínimo individual da entidade matriz.

Artigo 41. Decisión conxunta sobre o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles aplicable a nivel consolidado.

1. A autoridade de resolución preventiva española, como autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo ou como autoridade de resolución preventiva responsable das filiais con carácter individual, logo de informe do FROB, fará todo canto estea ao seu alcance para chegar a unha decisión conxunta sobre o nivel do requirimento mínimo aplicado a nivel consolidado, de acordo co artigo 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

2. A decisión conxunta recollerase nun informe en que se conteña a súa motivación, e que a autoridade de resolución preventiva española notificará á empresa matriz da Unión, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo.

3. Na falta de tal decisión conxunta nun prazo de catro meses, a autoridade de resolución preventiva española, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo, logo informe do FROB, adoptará unha decisión sobre o requirimento mínimo consolidado despois de ter estudado debidamente a avaliación das filiais realizada polas autoridades de resolución pertinentes.

4. Se, durante o citado período de catro meses, algunha das autoridades de resolución interesadas remitiu o asunto á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, a autoridade de resolución preventiva española no nivel de grupo adiará a súa decisión en espera da decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar de conformidade co artigo 19.3 do dito regulamento. Posteriormente resolverá de acordo coa decisión da Autoridade Bancaria Europea.

O período de catro meses considerarase o período de conciliación no sentido do artigo 19 do citado regulamento.

O asunto non se remitirá á Autoridade Bancaria Europea unha vez finalizado o período de catro meses ou tras se ter adoptado unha decisión conxunta. Na falta de decisión da Autoridade Bancaria Europea no prazo dun mes, aplicarase a decisión da autoridade de resolución no nivel de grupo.

5. A decisión conxunta e a decisión adoptada pola autoridade de resolución no nivel de grupo na falta de decisión conxunta serán vinculantes para as autoridades de resolución preventiva españolas.

6. A decisión conxunta e toda decisión adoptada na falta de decisión conxunta serán revisadas e, cando proceda, actualizadas regularmente.

Artigo 42. Requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles das filiais a nivel individual e decisión conxunta sobre o requirimento mínimo aplicado a nivel individual ás filiais do grupo.

1. O requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles da filial fixarase a un nivel adecuado que teña en conta:

a) os criterios enumerados no artigo 44.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, en particular o tamaño, o tipo de empresa e o perfil de risco da filial, incluídos os seus fondos propios, e

b) o requirimento consolidado que se fixase para o grupo de acordo co artigo 41.

2. A autoridade de resolución preventiva española, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo ou dalgunha das filiais con carácter individual, logo de informe do FROB, fará todo canto estea ao seu alcance para chegar a unha decisión conxunta sobre o nivel do requirimento mínimo que se deba aplicar a cada filial con carácter individual.

3. A decisión conxunta recollerase nun documento en que se conteña a súa motivación, e que a autoridade de resolución preventiva española notificará ás filiais españolas e, se for o caso, á entidade matriz da Unión Europea, cando sexa a autoridade de resolución preventiva no nivel de grupo.

Na falta de decisión conxunta entre as autoridades de resolución nun prazo de catro meses, a decisión será adoptada pola autoridade de resolución preventiva española respecto das filiais españolas tendo debidamente en conta as opinións e reservas manifestadas pola autoridade de resolución no nivel de grupo.

4. Se, durante o citado período de catro meses, a autoridade de resolución no nivel de grupo remitiu o asunto á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) número 1093/2010, a autoridade de resolución preventiva responsable da filial con carácter individual adiará a súa decisión en espera da decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar de conformidade co artigo 19, número 3, do dito Regulamento, e adoptará a súa decisión de conformidade coa decisión da Autoridade Bancaria Europea.

O período de catro meses considerarase o período de conciliación no sentido do citado regulamento.

O asunto non se remitirá á Autoridade Bancaria Europea tras ter finalizado o período de catro meses ou tras se ter adoptado unha decisión conxunta.

Na falta de decisión da Autoridade Bancaria Europea no prazo dun mes, aplicaranse as decisións da autoridade de resolución preventiva española responsables da filial.

5. As decisións conxuntas e todas as decisións adoptadas polas autoridades de resolución das filiais na falta de decisión conxunta serán vinculantes para a autoridade de resolución preventiva española.

6. A decisión conxunta e toda decisión adoptada a falta de decisión conxunta serán revisadas e, cando proceda, actualizadas periodicamente.

7. A autoridade de resolución no nivel de grupo non remitirá o asunto á Autoridade Bancaria Europea para efectos de mediación vinculante cando o nivel establecido pola autoridade de resolución da filial non varíe en máis dun punto porcentual do nivel consolidado establecido en virtude do artigo 41.

Artigo 43. *Valor dos pasivos xurdidos de derivados.*

O FROB determinará o valor dos pasivos xurdidos de derivados consonte:

- a) métodos apropiados para determinar o valor das distintas categorías de derivados, incluídas as operacións efectuadas no marco de acordos de compensación;
- b) principios para establecer o momento exacto en que se debe establecer o valor dunha posición de derivados, e
- c) métodos apropiados para comparar a perda de valor que xurdiría da liquidación das transaccións e a recapitalización interna de derivados, co importe das perdas que sufrirían os derivados nunha recapitalización interna.

Artigo 44. *Plan de reorganización de actividades.*

1. No prazo dun mes desde a aplicación a unha entidade do instrumento de recapitalización interna de conformidade co artigo 40.2 a) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o órgano de administración da entidade ou a persoa ou persoas físicas ou xurídicas designadas de acordo co artigo 22.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, elaborarán e presentarán ao FROB un plan de reorganización de actividades, de acordo co artigo 49 da citada lei, que se axuste aos requisitos dos números 4 e 5 deste artigo. Cando resulte de aplicación o marco das normas da Unión Europea en materia de axudas de Estado, o plan deberá ser compatible co plan de recuperación que a entidade estea obrigada a presentar á Comisión Europea de acordo co dito marco.

2. Cando o instrumento de recapitalización interna recollido no artigo 40.2 a) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, se aplique a dúas ou máis entidades do grupo, o plan de reorganización de actividades que hai que presentar ao FROB será elaborado pola empresa matriz española ou pola empresa matriz non situada en España cando a supervisión do grupo en base consolidada corresponda ás autoridades supervisoras competentes españolas de acordo co artigo 81 do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, e abarcará todas as entidades do grupo de conformidade co procedemento especificado nos artigos 12 e 13. O FROB comunicará o plan a outras autoridades de resolución interesadas e á Autoridade Bancaria Europea.

3. En circunstancias excepcionais, e se é necesario para alcanzar os obxectivos de resolución, o FROB poderá prorrogar o período previsto no número 1 ata un máximo de dous meses a partir da aplicación do instrumento de recapitalización interna.

Cando a reorganización das actividades se deba notificar tamén no marco das normas da Unión Europea en materia de axudas de Estado, o FROB poderá prorrogar o período previsto no número 1 ata un máximo de dous meses a partir da aplicación do instrumento de recapitalización interna ou ata a finalización do prazo fixado polas normas da Unión Europea en materia de axudas de Estado, se é anterior.

Artigo 45. *Contido e execución do plan de reorganización de actividades.*

1. O plan de reorganización de actividades expoñerá as medidas encamiñadas a restablecer a viabilidade a longo prazo da entidade, ou de parte das súas actividades, nun prazo de tempo razoable.

Estas medidas basearanse en supostos realistas acerca da situación da economía e dos mercados financeiros en que operará a entidade.

O plan de reorganización de actividades terá en conta, entre outras cuestións, as perspectivas presentes e futuras dos mercados financeiros, que reflectirán os escenarios máis pesimistas e optimistas, así como unha selección de sucesos que permitan identificar os puntos máis vulnerables da entidade. Os escenarios serán comparados con datos de referencia aplicables a todo o sector.

2. No plan de reorganización de actividades incluíranse como mínimo os elementos seguintes:

a) Un diagnóstico pormenorizado dos factores e problemas que causasen a inviabilidade ou a futura posible inviabilidade da entidade, e das circunstancias que propiciasen esta situación.

b) Unha descrición das medidas que se vaian adoptar para restablecer a viabilidade a longo prazo da entidade.

c) Un calendario para a execución de tales medidas.

3. No prazo máximo dun mes a partir da presentación do plan de reorganización de actividades, o FROB, de acordo co supervisor competente e a autoridade de resolución preventiva, avaliará a capacidade do plan para restablecer a viabilidade a longo prazo da entidade. Se o FROB, a autoridade de resolución preventiva e o supervisor competente consideran que o plan é apto para alcanzar ese obxectivo, o FROB aprobará o plan.

4. Se o FROB considera que o plan non é apto para lograr o obxectivo mencionado no número 3, comunicarllelo, de común acordo coa autoridade de resolución preventiva e o supervisor competentes, ao órgano de administración da entidade ou á persoa ou persoas físicas ou xurídicas designadas de conformidade co artigo 22.1 Lei 11/2015, do 18 de xuño, e exixirá a modificación do plan.

5. No prazo de quince días naturais a partir da recepción da comunicación mencionada no número 4, o órgano de administración da entidade ou a persoa ou persoas físicas ou xurídicas designadas de conformidade co artigo 22.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, presentarán ao FROB un plan modificado para a súa aprobación. O FROB, de acordo co supervisor competente e a autoridade de resolución preventiva, avaliará o plan modificado e, no prazo de sete días naturais, comunicarlles, de común acordo con ambos, ao órgano de administración da entidade ou á persoa ou persoas físicas ou xurídicas designadas de conformidade co artigo 22.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, se considera que o plan é apto ou require modificacións suplementarias.

6. O órgano de administración da entidade ou a persoa ou persoas físicas ou xurídicas designadas de conformidade co artigo 22.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, executarán o plan de reorganización como acordasen o FROB, e a autoridade de resolución preventiva e o supervisor competentes. Así mesmo, remitirá un informe ao FROB, como mínimo cada seis meses, acerca do avance na execución do plan. O FROB poderá requirir unha periodicidade inferior atendendo ás circunstancias da entidade ou grupo e as medidas que preveña o citado plan.

7. O órgano de administración da entidade ou a persoa ou persoas físicas ou xurídicas designadas de conformidade co artigo 22.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, revisarán o plan se, en opinión do FROB co acordo do supervisor competente, é necesario para lograr o obxectivo sinalado no número 1, e presentará esta revisión ao FROB para a súa aprobación, logo de consulta á autoridade de resolución preventiva e ao supervisor competente.

Artigo 46. *Conversión e amortización dos instrumentos de capital.*

1. Co fin de efectuar a conversión dos instrumentos de capital de acordo co artigo 39.1.b) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o FROB poderá exixirles ás entidades que emitan instrumentos de capital ordinario de nivel 1 para os titulares dos instrumentos de capital definidos na citada lei.

2. Os instrumentos de capital pertinentes unicamente poderán ser convertidos cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que estes instrumentos de capital ordinario de nivel 1 sexan emitidos pola entidade, ou por unha empresa matriz da entidade, co acordo do FROB, ou, cando proceda, da autoridade de resolución da empresa matriz.

b) Que estes instrumentos de capital ordinario de nivel 1 sexan emitidos con anterioridade a calquera emisión de accións ou outros instrumentos de capital por parte da dita entidade, para os efectos de achega de fondos propios por parte do Estado ou unha entidade estatal.

c) Que estes instrumentos de capital ordinario de nivel 1 sexan asignados e transmitidos sen demora despois do exercicio da competencia de conversión.

d) Que o tipo de conversión que determina o número de instrumentos de capital ordinario de nivel 1 que se emiten respecto a cada instrumento de capital pertinente se axuste aos principios establecidos no artigo 48.5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Artigo 47. Requisitos de notificación e consulta na aplicación consolidada.

1. O FROB, antes de determinar se se dá algunha das circunstancias recollidas no artigo 38. 2. b), c), d) ou e) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, en relación cunha filial española que emita instrumentos de capital computables para efectos do cumprimento das obrigas sobre fondos propios en base individual e consolidada, deberá:

a) Notificar, sen demora, ao supervisor en base consolidada e, se son diferentes, á autoridade de resolución do Estado membro en que estea situado o supervisor en base consolidada, que está planeando valorar se se dan as circunstancias recollidas no artigo 38.2. b), c), d) ou e) da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

b) Notificar sen demora ao supervisor competente responsable de cada entidade que emitise os instrumentos de capital sobre os cales se debería exercer a competencia de amortización ou conversión e, se son diferentes, ás autoridades de resolución dos Estados membros que correspondan e ao supervisor en base consolidada.

2. Para determinar se concorren as circunstancias recollidas no artigo 38. 2. c), d), ou e) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, cando se trate da resolución dunha entidade ou dun grupo con actividade transfronteiriza, o FROB tomará en consideración o posible impacto da resolución en todos os Estados membros en que opera a dita entidade ou grupo.

3. O FROB, xunto coa notificación a que se refire o número 1, deberá facilitar unha explicación das razóns polas que considera que se dan as circunstancias en cuestión.

4. O FROB, tras efectuar a notificación de acordo con número 1, logo de consulta coas autoridades notificadas, avaliará os seguintes aspectos:

a) Se existe unha medida alternativa ao exercicio da competencia de amortización ou conversión prevista no artigo 38.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

b) En caso de existir a dita medida alternativa, se se pode aplicar adecuadamente.

c) No caso de que sexa posible aplicar a medida alternativa, se existen perspectivas realistas de que, nun prazo adecuado, poida solucionar as circunstancias que, doutra maneira, requirirían aplicar o disposto no artigo 38.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

5. Para efectos do disposto no número 4 anterior, enténdese por medidas alternativas as medidas de actuación temperá a que se refire o artigo 9 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, as medidas recollidas no artigo 68.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e 260 do texto refundido da Lei do mercado de valores, así como a transmisión de fondos ou de capital da empresa matriz.

6. Cando, de conformidade co número 4, o FROB, logo de consulta ás autoridades notificadas, considere que hai medidas alternativas que se poden aplicar e que producirían os resultados a que se refire a letra c), asegurarse de que se apliquen tales medidas.

7. Cando, no caso a que se refire o número 1. a), e de conformidade co número 4 do presente artigo, o FROB, logo de consulta ás autoridades notificadas, avalíe que non existen medidas alternativas que poidan producir os resultados a que se refire o número 4.c), o FROB decidirá se procede aplicar o disposto no artigo 38.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

8. Cando o FROB determine que se dan as circunstancias previstas no artigo 38.2. d) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, notificarallo inmediatamente ás autoridades competentes dos Estados membros en que estean situadas as filiais afectadas. Esta determinación adoptará a forma de decisión conxunta consonte o disposto no artigo 63.3 e 4. En ausencia de decisión conxunta, non se levará a cabo a dita determinación.

9. O FROB aplicará sen demora e tendo especialmente en conta a urxencia das circunstancias, toda decisión de amortización ou de conversión dos instrumentos de capital adoptada de conformidade co artigo 38.2. b), c), d) ou e) Lei 11/2015, do 18 de xuño, e este artigo, en relación coas filiais de entidades situadas en España.

CAPÍTULO VII

FROB

Sección 1.^a Mecanismos de financiamento

Artigo 48. Fondo de Resolución Nacional.

1. Os recursos financeiros do Fondo de Resolución Nacional deberán alcanzar, polo menos, o 1 por cento do importe dos depósitos garantidos de todas as entidades antes do 31 de decembro de 2024. Cando se alcance esta porcentaxe, o ministro de Economía e Competitividade, por proposta do FROB e logo de consulta ás autoridades de resolución preventivas, poderá acordar que se suspendan as contribucións.

Así mesmo, e cando resulte indispensable para a consecución dos fins do Fondo de Resolución Nacional, o ministro de Economía e Competitividade, de oficio ou por iniciativa do FROB e logo de consulta ás autoridades de resolución, poderá ampliar o importe fixado no parágrafo anterior.

O FROB poderá acordar que se prorrogue o período inicial que finalizará o 31 de decembro de 2024 por un prazo máximo de catro anos se se realizaron de maneira sucesiva desembolsos por parte do Fondo de Resolución Nacional superiores ao 0,5 por cento dos depósitos garantidos de todas as entidades.

2. Se transcorrido o período inicial a que se refire o punto anterior, os recursos financeiros do Fondo diminúen por debaixo do nivel fixado como obxectivo, as contribucións ordinarias reiniciaranse ata alcanzar o dito nivel.

3. Unha vez que se alcanzase por primeira vez o nivel fixado como obxectivo, se os recursos financeiros dispoñibles se reducen a menos de dous terzos do dito nivel, a contribución das entidades fixarase a un nivel que permita alcanzar novamente o nivel fixado como obxectivo nun prazo non superior a seis anos.

4. Con suxeición ao disposto nos artigos 25 a 28 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, as cantidades recibidas da entidade en resolución ou da entidade ponte, así como os xuros e outros ingresos de investimentos e calquera outro beneficio, poderanse destinar ao Fondo de Resolución Nacional.

5. En caso de que o uso dos mecanismos de financiamento para efectos do disposto no artigo 53.1 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, supoña indirectamente que parte das perdas dunha entidade sexan transmitidas ao mecanismo de financiamento da resolución, aplicaranse os principios que rexen o seu uso recollidos na sección 4.^a do capítulo VI da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Artigo 49. Determinación das contribucións anuais polo FROB.

1. O FROB determinará anualmente, e en todo caso antes do 1 de maio de cada ano, a contribución total que o conxunto de entidades obrigadas deberán facer ao Fondo de Resolución Nacional e as contribucións ordinarias que deberá aboar cada unha das entidades durante ese ano, tendo en conta a información de que dispoña e a que poida requirir ás entidades para tales efectos.

2. A contía total será fixada de maneira que se cumpra o obxectivo previsto no artigo 48.1 tendo en conta as fases do ciclo económico e o impacto procíclico que as contribucións poidan ter na situación financeira das entidades contribuíntes.

3. De acordo co previsto no artigo 53.1.a). 2.º da Lei 11/2015, do 18 de xuño, as contribucións axustaranse ao perfil de risco de cada entidade, de acordo cos seguintes criterios:

- a) o nivel de risco da entidade, tendo en conta a importancia das súas actividades comerciais, os riscos fóra de balance e o seu grao de apancamento,
- b) a estabilidade e variedade das fontes de financiamento e os activos de elevada liquidez libres de cargas da empresa,
- c) a situación financeira da entidade,
- d) a probabilidade de que a entidade sexa obxecto de resolución,
- e) o grao en que a entidade se beneficiase con anterioridade de axudas financeiras públicas extraordinarias,
- f) a complexidade da estrutura da entidade e a súa resolubilidade,
- g) a importancia da entidade para a estabilidade do sistema financeiro ou a economía dun ou varios Estados membros da Unión Europea ou da Unión Europea no seu conxunto, e
- h) o feito de que a entidade forme parte dun sistema institucional de protección.

4. O FROB adoptará aquelas medidas que sexan necesarias para que as entidades realicen as contribucións exixidas.

En particular, o FROB poderá adoptar formularios normalizados ou modelos que faciliten a liquidación das ditas contribucións. En todo caso, poderá requirir das entidades calquera información adicional que resulte necesaria para verificar a correcta realización das contribucións.

5. As entidades rexeranse pola normativa contable de carácter xeral ditada pola autoridade competente na materia.

A autoridade competente en materia contable, logo do informe do resto de autoridades competentes, poderá establecer as obrigas de rexistro necesarias para o adecuado cumprimento do deber de contribución das entidades.

Artigo 50. *Contribucións extraordinarias.*

1. O importe anual das contribucións extraordinarias non poderá superar o triplo do importe anual das contribucións ordinarias.

2. O FROB determinará o importe que cada entidade asumirá en concepto de contribución extraordinaria segundo as regras aplicables ás contribucións ordinarias previstas no artigo 53.1.a) da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

3. O FROB poderá adiar, total ou parcialmente, a obriga do pagamento da contribución extraordinaria se a dita obriga pon en perigo a liquidez ou a solvencia da entidade, ou a súa posición financeira. Este adiamento concederase por un período máximo de seis meses, renovables por pedimento da entidade. O pagamento deberase realizar cando non poña en perigo a liquidez ou solvencia da entidade.

4. O artigo 49, números 3 e 4, aplicaráselles ás contribucións recadadas conforme este artigo.

Artigo 51. *Préstamos entre mecanismos de financiamento de Estados membros da Unión Europea.*

1. De acordo co establecido no artigo 53.1.b) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o Fondo de Resolución Nacional poderá recibir e conceder préstamos aos mecanismos de financiamento doutros Estados membros por solicitude do FROB.

En ambos os dous casos, antes de adoptar unha decisión, o FROB deberá pedir informe ao Ministerio de Economía e Competitividade, quen dispoñerá dun prazo máximo de cinco días hábiles para emitilo.

2. Os expedientes polos que o FROB decida solicitar ou aceptar a solicitude dun préstamo tramitaranse con celeridade.

3. No caso de que o FROB acepte a solicitude de préstamo de maneira conxunta con outras autoridades de resolución ou mecanismos de financiamento, o tipo de xuro, o período de amortización e o resto de condicións do préstamo serán os acordados entre os participantes no préstamo.

A cantidade que conceda o Fondo de Resolución Nacional, por solicitude do FROB, será a correspondente á proporción do total de depósitos garantidos en España sobre o total dos depósitos garantidos nos Estados membros dos mecanismos participantes. Esta cantidade poderá variar logo de acordo de todas as autoridades de resolución ou mecanismos participantes.

4. Os préstamos que se concedan conforme este artigo terán a consideración de activos do Fondo de Resolución Nacional e teranse en conta para calcular o nivel fixado como obxectivo no artigo 48.1.

Artigo 52. Mutuación dos mecanismos nacionais de financiamento no caso de resolución de grupo.

1. Para efectos do disposto no artigo 53.3 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o FROB, tras consultar ás autoridades de resolución das entidades que sexan parte do grupo, propoñerá, se for necesario, un plan de financiamento como parte do esquema de resolución de grupo recollido nos artigos 62 e 63.

2. O plan de financiamento aprobarase seguindo o procedemento de toma de decisións dos artigos 62 e 63 e incluírá:

a) unha valoración das entidades do grupo afectadas, conforme o artigo 5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño,

b) as perdas que corresponden a cada entidade do grupo afectada no momento en que se aplique o instrumento de resolución,

c) as perdas que sufrirá cada clase de accionistas e de acredores en cada entidade do grupo afectada,

d) as contribucións do sistema de garantía de depósitos a que estea afiliada cada entidade do grupo afectada, conforme o artigo 53.7 da Lei 11/2015, do 18 de xuño,

e) o total da contribución a cargo do mecanismo de financiamento correspondente, así como a súa finalidade e forma,

f) a base para calcular a cantidade con que debe contribuír cada mecanismo de financiamento nacional dos Estados membros en que están establecidas as entidades dun grupo afectadas, para cubrir a totalidade da contribución a que se refire a letra e),

g) as contribucións que o mecanismo de financiamento nacional de cada entidade do grupo afectada debe achegar ao financiamento da resolución de grupo e a forma das ditas contribucións,

h) o importe dos préstamos que as autoridades de resolución ou os mecanismos de financiamento dos Estados membros en que están establecidas as entidades dun grupo afectadas poidan contratar con outras entidades, institucións financeiras e terceiros en xeral, de acordo co artigo 53.5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e

i) un calendario, prorrogable cando sexa necesario, de utilización dos mecanismos de financiamento dos Estados membros en que están establecidas as entidades do grupo afectadas.

3. Salvo que no plan de financiamento se acordase outra cosa, a base para calcular a contribución de cada mecanismo de financiamento nacional a que se refire a letra e) do punto anterior terá en conta:

a) a proporción dos activos ponderados por risco do grupo que pertencen ás entidades.

b) a proporción dos activos do grupo que pertencen ás entidades.

c) a proporción das perdas que desen lugar á necesidade da resolución do grupo e que se orixinasen nas entidades do grupo supervisadas polas autoridades competentes do Estado membro a que pertenza o mecanismo de financiamento.

d) a proporción dos recursos dos mecanismos de financiamento do grupo que, de acordo co plan de financiamento, se prevé que vaian ser utilizados para beneficiar directamente as entidades do grupo establecidas no Estado membro a que pertenza o mecanismo de financiamento.

4. Sen prexuízo do disposto no número 1, o FROB poderá adoptar as accións necesarias para garantir a contribución do Fondo de Resolución Nacional ao financiamento da resolución de grupo de maneira inmediata.

5. Para efectos do disposto neste artigo, o FROB estará habilitado, nas condicións establecidas no artigo 53.5 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, para utilizar o Fondo de Resolución Nacional para contratar préstamos, solicitar a apertura de créditos e realizar calquera outra operación de endebedamento, así como para garantir os préstamos ou operacións que realice.

6. Calquera ingreso ou beneficio derivado da utilización dos mecanismos de financiamento de grupo asignarase ao Fondo de Resolución Nacional en función das súas contribucións ao financiamento do procedemento de resolución segundo o establecido no número 1.

Artigo 53. *Utilización do sistema de garantía de depósitos no contexto da resolución.*

1. A determinación do importe de que se deba facer responsable o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito conforme o disposto no artigo 53.7 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, axustarase ao disposto no artigo 5 da dita lei.

2. O desembolso do importe a que se refire o punto anterior farase en efectivo.

3. Cando os depósitos admisibles dunha entidade obxecto de resolución se transmitan a outra entidade a través do instrumento de venda do negocio ou dunha entidade ponte, os depositantes non poderán reclamar ningún crédito ante o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, en virtude do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, pola parte non transmitida dos depósitos que conste na entidade obxecto de resolución, sempre que o importe dos depósitos admisibles transmitidos sexa igual ou superior ao nivel de cobertura acumulado previsto no artigo 10 do citado real decreto lei.

4. Cando se aplique o instrumento de recapitalización interna, o sistema de garantía de depósitos non contribuirá aos custos da recapitalización da entidade obxecto de resolución ou da entidade ponte previstos na letra b) do artigo 36.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Sección 2.^a Actuacións do FROB

Artigo 54. *Efectividade das accións de resolución en terceiros países.*

Cando o FROB considere que, non obstante o disposto no artigo 64.1.o) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, é moi improbable que as medidas ou instrumentos de resolución produzan efecto en relación con determinados activos situados nun terceiro país ou con determinadas accións, outros instrumentos de capital, dereitos ou pasivos regulados pola lexislación deste, o FROB non ordenará a adopción das ditas medidas.

Artigo 55. *Restricións na execución das garantías.*

Nos supostos en que sexa de aplicación o previsto no artigo 67.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o FROB garantirá que calquera restrición imposta de conformidade coa

competencia prevista no artigo 70.4 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, se aplica de forma equitativa a todas as entidades de grupo que sexan obxecto dunha determinada medida de resolución.

CAPÍTULO VIII

Resolución de grupo

Sección 1.ª Principios da resolución de grupo

Artigo 56. *Principios xerais relativos á adopción de decisións que impliquen máis dun Estado membro.*

Ao adoptar as medidas e exercer as facultades derivadas da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e deste real decreto, que poidan ter efectos nun ou varios Estados membros, o supervisor e a autoridade de resolución competentes terán en conta os seguintes principios:

- a) Eficacia, eficiencia e redución ao máximo posible dos custos da resolución.
- b) Dilixencia e celeridade.
- c) Cooperación e coordinación co fin de asegurar a eficacia das medidas adoptadas e as facultades exercidas.
- d) Respecto e clara delimitación das funcións e responsabilidades das autoridades de cada Estado membro.
- e) Consideración debida dos intereses dos Estados membros en que estean establecidas as empresas matrices e, en particular, dos efectos de toda decisión, acción ou inacción na estabilidade financeira, os recursos orzamentarios, o fondo de resolución, o sistema de garantía de depósitos ou o sistema de indemnización de investidores dos ditos Estados membros.
- f) Consideración debida dos intereses de cada un dos Estados membros en que estea establecida unha filial e, en particular, dos efectos de toda decisión, acción ou inacción na estabilidade financeira, nos recursos orzamentarios, no fondo de resolución, no sistema de garantía de depósitos ou no sistema de indemnización de investidores dos ditos Estados membros.
- g) Consideración debida dos intereses de cada un dos Estados membros en que estean situadas sucursais significativas e, en particular, dos efectos de toda decisión, acción ou inacción na estabilidade dos ditos Estados membros.
- h) Consideración debida do obxectivo de alcanzar un equilibrio entre os intereses dos distintos Estados membros implicados e de evitar prexuízos inxustos ou proteccións indebidas dos seus intereses, ou unha asignación inxusta das cargas entre eles.
- i) Toda obriga, de acordo coa Lei 11/2015, do 18 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento, de consultar unha autoridade antes de adoptar medidas e exercer as facultades, implicará polo menos a obriga de consultar a dita autoridade sobre aqueles elementos da medida ou facultade exercida que teñan ou poidan ter:
 - 1.º efectos na entidade matriz da Unión Europea, a filial ou a sucursal; e
 - 2.º unha repercusión na estabilidade do Estado membro en que estea establecida ou situada a entidade matriz da Unión Europea, unha filial ou unha sucursal.
- j) No caso de que se adopten medidas de resolución, toma en consideración debida e seguimento dos plans de resolución de grupo de acordo co disposto nos artigos 13 e 14 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a non ser que as autoridades de resolución conclúan, á vista das circunstancias do caso, que os obxectivos de resolución se alcanzarán de maneira máis eficaz adoptando medidas que non están previstas nos ditos plans.
- k) Transparencia, sempre que unha decisión ou facultade poida ter implicacións na estabilidade financeira, os recursos orzamentarios, o fondo de resolución e o sistema de

garantía de depósitos ou o sistema de indemnización dos investidores en todo Estado membro considerado.

l) Recoñecemento de que a coordinación e a cooperación redundarán moi probablemente nunha rebaixa do custo xeral dunha resolución.

Artigo 57. *Colexios de autoridades de resolución.*

1. Cando actúe como autoridade de resolución executiva a nivel de grupo, o FROB, en colaboración coa autoridade de resolución preventiva competente, constituirá colexios de autoridades de resolución que desempeñen as funcións previstas nos artigos 14, 16, 18, 20.3 e 44 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

En todo caso, o FROB e a autoridade de resolución preventiva competente, cooperarán e coordinaranse coas autoridades de resolución de terceiros países para participar nos colexios de autoridades de resolución que se constitúan.

2. Os colexios de autoridades de resolución constituirán o marco no cal as autoridades de supervisión e de resolución competentes desempeñarán as funcións seguintes:

a) O intercambio de información pertinente para o desenvolvemento dos plans de resolución de grupos, a aplicación de medidas preparatorias ou preventivas e a resolución de grupos.

b) O desenvolvemento dos plans de resolución de grupos.

c) A análise da avaliación da resolubidade de grupos.

d) O exercicio das competencias para afrontar e eliminar os obstáculos á resolubidade de grupos.

e) A toma de decisións sobre a necesidade de establecer un esquema de resolución de grupo, de acordo cos artigos 62 e 63.

f) A obtención dun acordo sobre o esquema de resolución de grupo proposto.

g) A coordinación da comunicación pública de estratexias e esquemas de resolución de grupo.

h) A coordinación do uso dos mecanismos de financiamento.

i) A determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para os grupos a nivel consolidado e de filial.

3. Os colexios poderán utilizarse como foros para debater calquera asunto relacionado coa resolución de grupos transfronteirizos.

Artigo 58. *Composición dos colexios de autoridades de resolución.*

1. No suposto do artigo 57.1, serán membros dos colexios de autoridades de resolución as seguintes autoridades:

a) O FROB e a autoridade de resolución preventiva competente, en canto autoridades de resolución no nivel de grupo. O FROB presidirá o colexio de autoridades de resolución e será a autoridade principal de contacto e coordinación.

b) As autoridades de resolución de cada Estado membro en que estea establecida unha filial cuberta pola supervisión consolidada.

c) As autoridades de resolución dos Estados membros onde estea establecida a matriz das entidades previstas no artigo 1.2. d) da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

d) As autoridades de resolución dos Estados membros en que estean situadas sucursais significativas.

e) Os supervisores dos Estados membros afectados. En caso de que o supervisor competente dun Estado membro non sexa o seu banco central, o supervisor poderá decidir que o acompañe un representante do banco central.

f) O Ministerio de Economía e Competitividade e os ministerios competentes dos Estados Membros afectados cando as autoridades de resolución membros do colexio de resolución non sexan os ministerios competentes.

g) O Fondo de Garantía de Depósitos de entidades de crédito, previsto no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, e as autoridades que sexan responsables do sistema de garantía de depósitos dos Estado membros, cando a autoridade de resolución dese Estado membro sexa membro do colexio de autoridades de resolución.

h) A Autoridade Bancaria Europea, de acordo co número 3.

2. No caso de que unha entidade teña nun terceiro país unha filial ou unha sucursal que tería sido considerada significativa se estivese establecida na Unión Europea, as autoridades de resolución dese terceiro país poderán, por pedimento propio, ser convidadas a participar no colexio de autoridades de resolución como observadoras, sempre que, a xuízo da autoridade de resolución no nivel de grupo, estean suxeitos a requisitos de confidencialidade equivalentes aos previstos no artigo 58 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

3. A Autoridade Bancaria Europea será invitada a asistir, sen dereito a voto, ás reunións do colexio de autoridades de resolución.

4. Ademais dos casos en que o FROB e a autoridade de resolución preventiva competente formen parte do colexio de autoridades de resolución en canto autoridade de resolución no nivel de grupo nos termos previstos no número 1.a), tamén participarán no colexio de autoridades de resolución, cando se encontren en calquera dos supostos a que se refiren os números 1.b), c) ou d), así como en calquera outro que prevexa a normativa de resolución.

Artigo 59. *Competencias e deberes da autoridade de resolución no grupo.*

1. En canto presidente do colexio de autoridades de resolución, o FROB contará coa colaboración da autoridade preventiva de resolución competente e terá as seguintes competencias:

a) Establecer normas e procedementos que regulen o funcionamento do colexio de autoridades de resolución, logo de consulta co resto de autoridades.

b) Coordinar as actividades do colexio de autoridades de resolución e o fluxo de información entre as autoridades de resolución, transmitindo ao resto de autoridades dos Estados membros a información necesaria para o exercicio das súas funcións.

c) Convocar e presidir as reunións do colexio de autoridades de resolución, e informar coa antelación necesaria da celebración das reunións do colexio e da súa orde do día.

d) Notificarlles aos membros do colexio de autoridades de resolución as datas das reunións previstas para os efectos de que poidan solicitar a súa participación.

e) Decidir que membros e observadores serán convidados a asistir a cada unha das reunións do colexio de autoridades de resolución, tendo en conta a utilidade da súa asistencia para o colexio, a importancia para os membros e observadores dos asuntos que se vaian debater e a posible repercusión na estabilidade financeira dos Estados membros afectados.

f) Manter os membros do colexio puntualmente informados dos resultados das reunións e das decisións adoptadas.

2. Os membros que participen no colexio de autoridades de resolución deberán cooperar estreitamente.

3. Non obstante o disposto no número 1.e), as autoridades de resolución terán dereito a participar nas reunións do colexio de autoridades de resolución cando os asuntos que se vaian debater estean suxeitos a decisión conxunta ou se refiran a unha entidade do grupo que estea situada no seu Estado membro.

4. En todo caso, terase en conta o disposto no artigo 58.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, no que se refire á obriga de confidencialidade.

Artigo 60. *Exención da obriga de constituír un colexio de autoridades de resolución.*

O FROB, en canto autoridade de resolución executiva no nivel de grupo, non estará obrigado a constituír un colexio de autoridades de resolución se xa existen outros grupos ou colexios coas mesmas funcións e sometidos a un mesmo réxime de organización e participación que o dos colexios de autoridades de resolución. Nestes casos, calquera referencia aos colexios de autoridades de resolución da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento, considerarase así mesmo feita a tales grupos ou colexios.

Artigo 61. *Colexios de autoridades de resolución europeos.*

1. Cando unha entidade dun terceiro país conte con filiais establecidas en España e noutro ou noutros Estados membros, ou sucursais que se consideren significativas por España e por outro ou outros Estados membros, as autoridades de resolución dos Estados membros en que están establecidas constituirán un colexio de autoridades de resolución europeo.

2. Cando as filiais ou as sucursais significativas pertencen a unha sociedade financeira de carteira establecida na Unión Europea de conformidade co artigo 60.2, parágrafo cuarto, da Lei 10/2014, do 26 de xuño, a presidencia do colexio de autoridades de resolución europeo determinarase de acordo co disposto no artigo 88.3 da Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio de 2014.

No suposto de que a supervisión consolidada corresponda a unha autoridade supervisora española, a autoridade de resolución executiva competente será o FROB. O FROB presidirá o colexio de resolución e será a autoridade principal de contacto e coordinación.

Cando non sexa aplicable o parágrafo primeiro, os membros do colexio de autoridades de resolución europeo elixirán e nomearán o presidente.

3. Mediante acordo mutuo de todas as partes, poderase exceptuar a obriga de constituír un colexio de autoridades de resolución europeo se existen outros grupos ou colexios coas mesmas funcións e sometidos a un mesmo réxime de organización e participación. En tal caso, toda referencia aos colexios europeos de autoridades de resolución da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento, considerarase feita a tales grupos ou colexios.

Sección 2.^a Resolución de filiais e resolución de grupo

Artigo 62. *Resolución de filiais que formen parte dun grupo.*

1. En caso de que se proceda á resolución dunha filial que pertenza a un grupo ou conglomerado financeiro que opere tamén noutros Estados membros da Unión Europea e cuxa supervisión consolidada non corresponda ás autoridades españolas, antes de declarar a apertura dun proceso de resolución, o FROB notificaralles á autoridade de resolución no nivel de grupo, á autoridade da Unión Europea responsable da supervisión consolidada do grupo a que pertenza a filial e aos membros do colexio de autoridades de resolución do grupo a seguinte información:

- a) A decisión de que a entidade cumpre as condicións de resolución dos artigos 19, e 20 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.
- b) As accións de resolución ou as medidas de insolvencia que o FROB considere apropiadas para a entidade.

2. No caso de que o FROB sexa a autoridade de resolución executiva no nivel de grupo e reciba a notificación prevista no punto anterior realizada por outra autoridade de resolución, avaliará, logo de consulta cos demais membros do colexio de autoridades de resolución, as posibles repercusións das accións de resolución e demais medidas notificadas, no grupo e nas entidades do grupo doutros Estados membros. En particular,

analizárase se é probable que a aplicación de tales accións ou medidas provoque que se dean as condicións de resolución noutra entidade do grupo doutro Estado membro.

3. Se, realizada a consulta prevista no punto anterior, o FROB considera que non é probable que a aplicación sobre a filial das accións de resolución e demais medidas notificadas conduza a que se dean as condicións de resolución noutra entidade do grupo doutro Estado membro, a autoridade de resolución responsable da dita entidade poderá emprender as accións de resolución ou as demais medidas que notificase.

En caso contrario, o FROB, logo de consulta dos demais membros do colexio de autoridades de resolución, propoñerá, nun prazo non superior a 24 horas desde a recepción da notificación establecida no número 1, un esquema de resolución de grupo e presentará ante o colexio de autoridades de resolución. Este período de 24 horas poderase prorrogar co consentimento da autoridade de resolución que realizou inicialmente a notificación.

4. Se, transcorrido un prazo de 24 horas tras se ter realizado a notificación prevista no número 1 a cargo da autoridade de resolución dun Estado membro, ou o prazo superior que se acordase, o FROB, en canto autoridade de resolución executiva no nivel de grupo, non realizou a avaliación prevista no número 2, a autoridade de resolución que realizou a dita notificación poderá emprender as accións de resolución ou adoptar as outras medidas notificadas.

5. Os esquemas de resolución de grupo establecidos no número 3:

a) Terán en conta e seguirán os plans de resolución de grupo aprobados de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a non ser que as autoridades de resolución conclúan, á vista das circunstancias do caso, que os obxectivos de resolución se alcanzarán de maneira máis eficaz adoptando accións que non están previstas neses plans.

b) Expoñerán as accións de resolución que deberán emprender as autoridades de resolución en relación coa entidade matriz ou con determinadas entidades do grupo co fin de cumprir os obxectivos de resolución e os principios recollidos nos artigos 3 e 4 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

c) Especificarán a forma en que se coordinarán as accións de resolución.

d) Establecerán un plan de financiamento que terá en conta o plan de resolución de grupo, os principios de responsabilidade compartida de conformidade co artigo 26 e os principios xerais de mutualización a que se refire o artigo 52.

6. Sen prexuízo do disposto no punto seguinte, o FROB, xunto coas autoridades de resolución responsables das filiais cubertas polo esquema de resolución de grupo, adoptará unha decisión conxunta pola cal quedará aprobado o dito esquema.

O FROB, así como o resto de autoridades de resolución, poderá solicitar a asistencia da Autoridade Bancaria Europea para os efectos de alcanzar unha decisión conxunta, de conformidade co artigo 31, letra c), do Regulamento (UE) número 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

7. Cando o FROB disinta ou se aparte do esquema de resolución de grupo proposto pola autoridade de resolución no nivel de grupo ou considere necesario, por razóns de estabilidade financeira, adoptar accións ou medidas distintas das propostas no esquema, expoñerá pormenorizadamente as razóns polas que disente ou se aparta do esquema, notificará a autoridade de resolución no nivel de grupo e ás demais autoridades de resolución, e comunicará ás ditas autoridades as accións ou medidas que adopte.

Ao expoñer as razóns polas que disente, o FROB ou outra autoridade de resolución terán en conta o contido dos plans de resolución e a posible repercusión na estabilidade financeira dos Estados membros de que se trate, así como os efectos potenciais das accións ou medidas noutras partes do grupo.

8. No caso de que non disinta, o FROB, xunto co resto de autoridades de resolución non disidentes, poderá alcanzar unha decisión conxunta sobre un esquema de resolución de grupo que será de aplicación ás entidades do grupo que se encontren en España e nos Estados membros do resto de autoridades de resolución non disidentes.

9. A decisión conxunta a que se refiren os números 6 e 8 e as decisións adoptadas polas autoridades de resolución en ausencia dunha decisión conxunta conforme o número 8 serán vinculantes e serán aplicadas polo FROB.

10. O FROB levará a cabo sen demora todas as accións expostas neste artigo e terá debidamente en conta a urxencia da situación.

11. No suposto de que non chegue a implementarse un esquema de resolución de grupo, pero se adopten medidas de resolución en relación con calquera entidade do grupo, o FROB deberá colaborar estreitamente co colexio de autoridades de resolución co fin de lograr unha estratexia de resolución coordinada para todas as entidades do grupo.

12. O FROB, ao emprender calquera medida de resolución en relación con calquera entidade de grupo, informará de forma regular e completa os membros do colexio de autoridades de resolución acerca das ditas accións ou medidas e do progreso destas.

13. No suposto de que o FROB non sexa a autoridade de resolución no nivel de grupo, exercerá as funcións e dereitos que lle correspondan en canto membro do colexio de autoridades de resolución ou órgano equivalente.

14. Para os efectos deste artigo e do seguinte enténdese por esquema de resolución de grupo o definido no artigo 2.1. (45) da Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio de 2014.

Artigo 63. *Resolución de grupo.*

1. Cando o FROB, en canto autoridade de resolución no nivel de grupo, en colaboración coa autoridade de resolución preventiva competente, xulgue que unha entidade matriz da Unión Europea da cal sexa responsable cumpre as condicións de resolución, notificará sen demora ao supervisor competente en base consolidada e aos demais membros do colexio de autoridades de resolución a información mencionada no artigo 62.1.a) e b).

As accións de resolución ou outras medidas que se adopten para efectos do disposto no artigo 62.1.b) poderán incluír a aplicación dun esquema de resolución de grupo elaborado de conformidade co artigo 62.5 en calquera das circunstancias seguintes:

a) Cando sexa probable que, ao se adoptaren as accións de resolución ou outras medidas no nivel da entidade matriz notificadas de conformidade co disposto no artigo 62.1.b), se poidan dar as condicións de resolución nunha entidade do grupo doutro Estado membro.

b) Cando a adopción de accións de resolución ou outras medidas unicamente no nivel da entidade matriz non sexa suficiente para estabilizar a situación do grupo ou resulte improbable que conduzan a un resultado óptimo.

c) Cando, segundo as autoridades de resolución responsable das filiais, unha ou varias filiais cumpran as condicións de resolución.

d) No caso de que a aplicación do esquema de resolución de grupo sexa máis beneficioso para as filiais do grupo.

2. Cando a acción proposta polo FROB, en canto autoridade de resolución executiva no nivel de grupo, non inclúa un esquema de resolución de grupo, o FROB adoptará a súa decisión tras consultar cos membros do colexio de autoridades de resolución. Esta decisión deberá:

a) Ter en conta e respectar o previsto nos plans de resolución salvo que o FROB, xunto co resto de autoridades de resolución, considere, tendo en conta as circunstancias do caso, que os obxectivos da resolución poderán conseguirse máis eficazmente mediante accións non previstas nos ditos plans.

b) Ter en conta a estabilidade financeira dos Estados membros de que se trate.

3. Cando as accións propostas polo FROB, en canto autoridade de resolución executiva no nivel de grupo, inclúan un esquema de resolución de grupo, este adoptará a forma dunha decisión conxunta das autoridades de resolución.

O FROB, así como o resto de autoridades de resolución, poderá solicitar a asistencia da Autoridade Bancaria Europea para os efectos de alcanzar unha decisión conxunta, de conformidade co artigo 31.c), do Regulamento (UE) número 1093/2010.

4. Cando o FROB disinta ou se aparte do esquema de resolución de grupo proposto pola autoridade de resolución no nivel de grupo ou considere necesario, por razóns de estabilidade financeira, adoptar accións ou medidas distintas das propostas no plan, expoñerá pormenorizadamente as razóns polas que disente ou se aparta do esquema de resolución de grupo, notificaraas á autoridade de resolución no nivel de grupo e ás demais autoridades de resolución, e comunicarlles ás ditas autoridades as accións ou medidas que adopte.

Ao expoñer as razóns polas que disente, o FROB ou outra autoridade de resolución terá en conta o contido dos plans de resolución e a posible repercusión na estabilidade financeira dos Estados membros de que se trate, así como os efectos potenciais das accións ou medidas noutras partes do grupo.

5. No caso de que non disinta, o FROB, xunto co resto de autoridades de resolución non disidentes, poderá alcanzar unha decisión conxunta sobre un esquema de resolución de grupo que será de aplicación ás entidades do grupo que se encontren en España.

6. A decisión conxunta a que se refiren os números 3 e 5 e as decisións adoptadas polas autoridades de resolución en ausencia dunha decisión conxunta conforme o número 4 serán vinculantes e serán aplicadas polo FROB.

7. O FROB levará a cabo sen demora todas as accións expostas no presente artigo, tendo debidamente en conta a urxencia da situación.

8. No suposto de que non se chegue a implementar un esquema de resolución de grupo, pero se adopten medidas de resolución en relación con calquera entidade do grupo, o FROB colaborará estreitamente co colexio de autoridades de resolución co fin de lograr unha estratexia de resolución coordinada para todas as entidades do grupo afectadas.

9. O FROB e o resto de autoridades de resolución que emprendan calquera medida de resolución en relación con calquera entidade de grupo informarán de forma regular e completa os membros do colexio de autoridades de resolución acerca das ditas accións ou medidas e do progreso destas.

10. No suposto de que o FROB non sexa a autoridade de resolución no nivel de grupo, exercerá as funcións e dereitos que lle correspondan en canto membro do colexio de autoridades de resolución ou órgano equivalente.

CAPÍTULO IX

Acordos con terceiros países

Artigo 64. *Acordos con terceiros países.*

1. Poderanse celebrar acordos bilaterais con terceiros países que prevexan as modalidades de cooperación entre as autoridades de resolución respectivas, para os efectos, entre outros, de compartir información sobre a planificación da recuperación e resolución de entidades que operen en España e nos terceiros países, todo isto con pleno respecto ao disposto no artigo 58.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño. Estes acordos daranse, especialmente, nos supostos seguintes:

a) cando a entidade matriz dun terceiro país teña en España filiais ou sucursais que sexan consideradas significativas, ou

b) cando unha entidade matriz establecida en España posúa filiais ou sucursais en terceiros países.

2. Os acordos recollidos neste artigo terán por obxecto, en particular, garantir o establecemento de mecanismos e sistemas de cooperación entre o FROB e a autoridade de resolución preventiva competente, e as autoridades pertinentes do terceiro país para a execución das tarefas e o exercicio das competencias indicadas no artigo 68.

3. Os acordos recollidos neste artigo non conterán provisións dirixidas a entidades individuais.

4. Os acordos previstos neste artigo poderanse celebrar mentres non entre en vigor un acordo internacional celebrado polo Consello da Unión Europea sobre cooperación entre as autoridades de resolución e as autoridades competentes dos terceiros países, e na medida en que os ditos acordos non sexan contrarios ao disposto neste capítulo e no capítulo VII da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Artigo 65. Recoñecemento e execución dos procedementos de resolución de terceiros países.

1. No caso de que exista un colexio de autoridades de resolución europeo establecido de conformidade co artigo 61, este adoptará unha decisión conxunta sobre o recoñecemento dos procedementos de resolución de autoridades dun terceiro país respecto dunha entidade dese país que:

- a) posúa filiais ou sucursais significativas en España e en, polo menos, outro Estado membro, ou
- b) posúa activos, dereitos ou pasivos situados en España e en, polo menos, outro Estado membro, ou rexidos pola lexislación española e doutro Estado membro.

Cando se chegue a unha decisión conxunta sobre o recoñecemento dos procedementos de resolución de terceiros países, o FROB velará pola execución dos procedementos de resolución de terceiros países recoñecidos, de acordo coa lexislación española.

2. En ausencia dunha decisión conxunta entre as autoridades de resolución que participan no colexio de autoridades de resolución europeo, ou en ausencia dun colexio de autoridades de resolución europeo, o FROB, tendo en conta a lexislación nacional aplicable, adoptará a súa propia decisión sobre o recoñecemento e a execución dos procedementos de resolución de terceiros países.

Esta decisión terá debidamente en conta os intereses do resto de Estados membros afectados e, en particular, a súa repercusión nas outras partes do grupo e na estabilidade financeira deses Estados membros.

3. Para os efectos do disposto neste artigo, o FROB poderá:

- a) Exercer as competencias de resolución en relación:

1.º Cos activos da entidade dun terceiro país situados en España ou rexidos pola lexislación española.

2.º Cos dereitos ou pasivos dunha entidade dun terceiro país, que estean contabilizados nunha sucursal española ou rexidos pola lexislación española, ou que sexan executables de acordo coa lexislación española.

b) Executar transmisións de accións ou outros instrumentos de capital nunha filial establecida en España, ou exixir a outra persoa que o faga.

c) Exercer as competencias recollidas no artigo 70 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, en relación cos dereitos de calquera das partes dun contrato cunha entidade das mencionadas no número 1, cando o exercicio das ditas competencias sexa necesario para executar os procedementos de resolución do terceiro país.

d) Impedir a acción de rescisión, a liquidación, a declaración do vencemento anticipado de contratos, ou impedir calquera outro exercicio dos dereitos contractuais, en relación coas entidades previstas no número 1 e outras entidades de grupo, cando tal

dereito ou exercicio afecte a entidade do terceiro país ou outras do seu grupo e emanen dunha medida de resolución emprendida pola autoridade de resolución do terceiro país ou suxeita ao dereito do terceiro país, e sempre que se sigan cumprindo as obrigas substantivas do contrato, en particular, as obrigas de pagamento e entrega e a achega de activos de garantía.

4. Cando resulte necesario por razóns de interese público, o FROB poderá emprender unha medida de resolución en relación cunha entidade matriz cando a autoridade pertinente dun terceiro país determine que unha entidade do grupo desa entidade matriz que se constituíse no dito terceiro país reúne as condicións para a resolución de acordo cos súa lexislación. Para tales efectos, o FROB estará facultado para exercer calquera competencia de resolución con respecto a esa entidade matriz, e será de aplicación o artigo 70 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e o artigo 66 deste real decreto.

5. O recoñecemento e a execución dos procedementos de resolución dos terceiros países non afectarán a normativa nacional aplicable aos procedementos concursais.

6. Este artigo non será aplicable no momento en que o Consello da Unión Europea, no exercicio das súas competencias, celebre un acordo internacional cun terceiro país nos termos previstos no artigo 64.4. Unha vez celebrado tal acordo, este artigo só será de aplicación na medida en que o acordo non regule o recoñecemento e a execución dos procedementos de resolución de terceiros países.

Artigo 66. Dereito a refusar o recoñecemento ou a execución dos procedementos de resolución de terceiros países.

O FROB, logo de consulta a outras autoridades de resolución cando se establecese un colexio de autoridades de resolución europeo de acordo con artigo 61, poderá refusar recoñecer ou executar os procedementos de resolución de terceiros países, cando considere que:

- a) os procedementos de resolución do terceiro país terán un efecto prexudicial sobre a estabilidade financeira de España, ou influirán adversamente na estabilidade financeira doutro Estado membro,
- b) cómpre adoptar unha medida de resolución independente de acordo co artigo 67 en relación cunha sucursal española, para lograr un ou varios obxectivos de resolución,
- c) os acredores e, en especial, os depositantes que estean situados ou poidan recibir pagamentos en España, non recibirán o mesmo trato que os acredores e depositantes do terceiro país con dereitos legais similares, se se someten aos procedementos de resolución do dito terceiro país,
- d) o recoñecemento ou execución dos procedementos de resolución do terceiro país terá un impacto orzamentario significativo para España, ou
- e) os efectos do dito recoñecemento ou execución son contrarios á lexislación nacional.

Artigo 67. Resolución de sucursais de entidades de terceiros países.

1. O FROB poderá actuar en relación cunha sucursal localizada en España cando esta non estea sometida aos procedementos de resolución dun terceiro país ou cando esta estea sometida aos procedementos de resolución dun terceiro país e se produza algunha das circunstancias referidas no artigo 66.

Será de aplicación no suposto previsto no parágrafo anterior, o disposto no artigo 70 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e no artigo 66 deste real decreto.

2. O FROB poderá exercer as competencias recollidas no número 1 cando considere que é necesario emprender unha acción por razóns de interese público e se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

a) Que a sucursal non cumpra xa, ou sexa probable que non cumpra, os requisitos legalmente exixibles para a obtención de autorización e o funcionamento en España, e non haxa perspectivas de que outra medida do sector privado, de supervisión ou do terceiro país, restablecería o cumprimento da sucursal ou impediría a súa inviabilidade nun prazo de tempo razoable.

b) Que, segundo o criterio do FROB, a entidade do terceiro país non teña a vontade de, ou lle sexa imposible ou lle poida chegar a ser imposible, liquidar as súas obrigas fronte aos acredores de España, ou liquidar as obrigas creadas ou rexistradas pola sucursal no momento do seu vencemento, e que conste ao FROB que non se incoaron nin se van incoar procedementos de insolvencia ou de resolución do terceiro país en relación con tal entidade nun prazo de tempo razoable.

c) Que a autoridade pertinente do terceiro país iniciase procedementos de resolución coa entidade ou notificase á autoridade de resolución española a súa intención de iniciais.

3. Cando o FROB emprenda unha acción independente en relación cunha sucursal localizada en España, terá en conta os obxectivos da resolución e adoptará a acción tendo en conta os seguintes principios e requisitos, se resultan procedentes:

a) os principios recollidos no artigo 4 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e

b) os requisitos relativos á aplicación dos instrumentos de resolución do capítulo V da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Artigo 68. *Cooperación coas autoridades de terceiros países.*

1. Os supervisores e as autoridades de resolución competentes celebrarán, cando proceda, acordos de cooperación non vinculantes coas autoridades pertinentes de terceiros países que se indican no número 4, en liña cos acordos marco da Autoridade Bancaria Europea.

Este artigo non impedirá a celebración de acordos bilaterais ou multilaterais con terceiros países, de conformidade co disposto no artigo 33 do Regulamento (UE) número 1093/2010.

2. Os acordos de cooperación celebrados en virtude deste artigo entre as autoridades de supervisión e resolución competentes e as autoridades de resolución de terceiros países poderán incluír disposicións sobre as seguintes materias:

a) O intercambio de información necesario para a elaboración e a xestión dos plans de resolución.

b) A consulta e a cooperación necesarias para o desenvolvemento de plans de resolución, incluíndo unha referencia aos principios para o exercicio das competencias recollidas nos artigos 65 e 67 ou competencias equivalentes previstas na normativa dos terceiros países afectados.

c) O intercambio de información necesario para a aplicación dos instrumentos de resolución e o exercicio das competencias de resolución, e competencias equivalentes previstas na normativa dos terceiros países afectados.

d) Alerta temperá e consulta entre as partes do acordo de cooperación antes de adoptar calquera acción significativa en virtude da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e este real decreto, así como da normativa aplicable dos terceiros países afectados.

e) A coordinación da comunicación pública, no caso de accións de resolución conxuntas.

f) Os procedementos e as disposicións de intercambio de información e cooperación respecto ao establecido nas letras a) a e), incluíndo, se procede, o establecemento e a posta en marcha de grupos de xestión de crise.

3. Notificaráselle á Autoridade Bancaria Europea todo acordo de cooperación que as autoridades de resolución e os supervisores competentes conclúsen en virtude deste artigo.

4. Os acordos de cooperación non vinculantes que celebren as autoridades de supervisión e resolución competentes respectarán os acordos marco de cooperación non vinculantes que a Autoridade Bancaria Europea celebre coas seguintes autoridades de terceiros países:

a) Cando unha filial estea establecida en España e noutro ou noutros Estados membros, coas autoridades pertinentes do terceiro país en que estea establecida a entidade matriz.

b) Cando unha entidade dun terceiro país opere unha ou varias sucursais situadas en España e noutro ou noutros Estados membros, coa autoridade pertinente do terceiro país en que estea establecida a dita entidade.

c) Cando unha entidade matriz establecida en España cunha filial ou cunha sucursal significativa noutro Estado membro tamén dispoña dunha ou varias filiais en terceiros países, coas autoridades pertinentes dos terceiros países en que estean establecidas as ditas filiais.

d) Cando unha entidade española que conte cunha filial ou cunha sucursal significativa noutro Estado membro establecese unha ou varias sucursais nun ou en varios terceiros países, coas autoridades pertinentes dos terceiros países en que estean situadas as ditas sucursais.

5. As autoridades participantes intercambiarán a información necesaria e realizarán os esforzos necesarios para executar os acordos de cooperación de boa fe e nos termos previstos. En particular, cooperarán sobre as seguintes materias:

a) Desenvolvemento de plans de resolución de conformidade cos artigos 13 e 14 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e a lexislación equivalente dos terceiros países.

b) A avaliación da resolubilidade de tales entidades e grupos de conformidade cos artigos 15 e 16 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e a lexislación equivalente dos terceiros países.

c) Aplicación das competencias para abordar ou eliminar obstáculos que impiden a resolución de conformidade cos artigos 17 e 18 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e a lexislación equivalente dos terceiros países.

d) Aplicación de medidas de actuación temperá de acordo cos artigos 8 a 12 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e a lexislación equivalente dos terceiros países.

e) Aplicación dos instrumentos de resolución e exercicio das competencias de resolución, de acordo coa normativa española e a lexislación equivalente dos terceiros países.

6. Este artigo non será aplicable no momento en que o Consello da Unión Europea, no exercicio das súas competencias celebre un acordo internacional cun terceiro país nos termos previstos no artigo 64.4. Unha vez celebrado tal acordo, este artigo só será de aplicación na medida en que o acordo non afecte as materias previstas neste artigo.

Disposición adicional primeira. *Mecanismo Único de Resolución e Fondo Único de Resolución.*

Este real decreto aplicarase de maneira compatible co Regulamento (UE) número 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, a medida que os preceptos deste regulamento entren en vigor de acordo co disposto no seu artigo 99.

Disposición adicional segunda. *Entidades financeiras e outro tipo de sociedades.*

Este real decreto será de aplicación ás entidades e sociedades previstas no artigo 1.2.b), c) e d) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, na medida necesaria para facer plenamente efectivos os obxectivos e principios de resolución previstos nos artigos 3 e 4 da dita lei, e dar estrito cumprimento ao previsto na Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio de 2014. En particular, seralles de aplicación o disposto nos artigos 4 a 10, 11, 13, 15, 26, 27, 28, capítulo V, 44, 45, 46, 47, 54, 55, 62, 63, 68 deste real decreto, sen prexuízo daqueles outros preceptos do real decreto cuxa literalidade comprenda ou exixa a súa aplicación a estas entidades e sociedades.

Disposición adicional terceira. *Xestión, liquidación e recadación da taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución.*

1. De conformidade co disposto na disposición adicional décimo sexta, número 8, da Lei 11/2015, do 18 de xuño, o FROB adoptará os acordos e aprobará os formularios, modelos e instrucións necesarios para levar a cabo as súas funcións de xestión, liquidación e recadación da taxa polas actividades que realiza como autoridade de resolución.

2. O FROB procederá á liquidación da taxa de maneira simultánea á liquidación das contribucións que as entidades deban realizar de conformidade co disposto na disposición adicional segunda e na disposición adicional cuarta. 2, da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

3. As entidades realizarán o pagamento nos prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Será de aplicación, con carácter supletorio, o disposto na Lei 58/2013, do 17 de decembro, e no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das contribucións ao Fondo de Resolución Nacional e ao Fondo de Garantía de Depósitos.*

1. En relación co Fondo de Resolución Nacional, o FROB solicitará a contribución ordinaria que corresponde ás entidades respecto ao exercicio de 2015, coa data límite do 31 de decembro de 2015.

2. En aplicación do disposto no artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, a Comisión Xestora do Fondo de Garantía de Depósitos determinará o volume anual das contribucións ao compartimento de garantía de depósitos que as entidades deberán achegar durante o período previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

Disposición transitoria segunda. *Referencias ao texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.*

1. Ata que se produza a entrada en vigor do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, a remisión feita neste real decreto a esa norma deberase entender referida á Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, segundo corresponda.

2. Concretamente, a correlación dos artigos é a seguinte:

a) No artigo 5.6, a referencia que se fai ao artigo 233 do texto refundido da Lei do mercado de valores, débese entender feita ao artigo 84 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

b) No artigo 12.5, as referencias que se fan aos artigos 260 e 261 do texto refundido da Lei do mercado de valores, débense entender feitas, respectivamente, aos artigos 87 octies e 87 nonies da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

c) No artigo 16.g) as referencias que se fan ao título VIII e ao artigo 261 do texto refundido da Lei do mercado de valores débense entender feitas, respectivamente, ao título VIII e ao artigo 97 nonies da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

d) No artigo 31.1, as referencias que se fan aos artigos 260 e 261 do texto refundido da Lei do mercado de valores, débense entender feitas, respectivamente, aos artigos 87 octies e 87 nonies da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

e) No artigo 31.2.j), a referencia que se fai ao título VII, capítulo I, do texto refundido da Lei do mercado de valores, débese entender feita ao título VII, capítulo I, da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

f) No artigo 32.2.h), a referencia que se fai ao título VII, capítulo I, do texto refundido da Lei do mercado de valores, débese entender feita ao título VII, capítulo I, da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

g) No artigo 47.5, a referencia que se fai ao artigo 260 do texto refundido da Lei do mercado de valores, débese entender feita ao artigo 87 octies da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

h) Na disposición derradeira primeira, tres, ordinal primeiro, segundo parágrafo, a referencia que se fai ao texto refundido da Lei do mercado de valores, débese entender feita á Lei 24/1988, do 28 de xullo.

i) Na disposición derradeira primeira, tres, ordinal primeiro, terceiro parágrafo, a referencia que se fai ao artigo 2 do texto refundido da Lei do mercado de valores, débese entender feita ao artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito.*

O Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Patrimonio do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

1. As entidades adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito están obrigadas a cumprir co réxime económico de achegas anuais e derramas regulado nos números 2 e 5, de forma que o Fondo poida cumprir coas obrigas fronte aos depositantes e investidores impostas nesta norma.

2. A Comisión Xestora determinará as achegas anuais das entidades adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, atendendo aos criterios establecidos no artigo 6 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito. Para tal fin, as bases de cálculo das achegas que as entidades deben realizar a cada compartimento do Fondo serán:

a) No caso das achegas ao compartimento de garantía de depósitos, os depósitos garantidos, segundo se definen no artigo 4.1.

b) No caso das achegas ao compartimento de garantía de valores, o 5 por 100 do valor de cotización do último día de negociación do ano, no mercado secundario correspondente, dos valores garantidos, segundo o definido no artigo 4.2, existentes ao final do exercicio. Cando entre estes últimos figuren valores e instrumentos financeiros non negociados nun mercado secundario, español ou estranxeiro, a súa base de cálculo virá dada polo seu valor nominal ou polo de reembolso, o que resulte máis propio do tipo de valor ou instrumento financeiro de que se trate, salvo que se declarase ou que conste outro valor máis significativo para efectos do seu depósito ou rexistro.

3. As achegas anuais das entidades adscritas irán destinadas a cubrir as necesidades derivadas das funcións atribuídas aos compartimentos do Fondo e ingresarán nas contas que designe a Comisión Xestora, a partir da data de peche de cada exercicio, nun ou máis desembolsos, á vista das necesidades do Fondo e nos prazos que fixe a Comisión Xestora.

Non obstante, e sen prexuízo do disposto no punto seguinte, o eventual excedente anual e calquera outro excedente no patrimonio do Fondo sobre a contía necesaria para o cumprimento dos seus fins permanecerá no dito patrimonio sen que caiba a súa distribución ou devolución ás entidades adheridas.

4. Cando os recursos financeiros dispoñibles dun compartimento do Fondo alcancen unha contía suficiente para o cumprimento dos seus fins, o ministro de Economía e Competitividade, por proposta do Banco de España, poderá acordar a diminución das achegas mencionadas no número 1 deste artigo. En todo caso, de conformidade co artigo 6.6 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, as achegas a un compartimento suspenderanse cando os recursos financeiros dispoñibles do compartimento igualem ou superen o 1 por cento do importe garantido polo dito compartimento. Esta circunstancia será comunicada pola Comisión Xestora na forma que esta estableza.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, as achegas ao compartimento de garantía de depósitos non se poderán suspender cando os recursos financeiros dispoñibles deste compartimento sexan inferiores ao nivel obxectivo establecido no artigo 6.4 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro.

5. Cando os recursos financeiros dispoñibles sexan insuficientes para efectuar os pagamentos aos depositantes ou aos investidores, a Comisión Xestora poderá acordar a realización de derramas entre as entidades adscritas, que se distribuirán segundo a base de cálculo das achegas, prevista no número 1.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, o importe total das achegas non poderá exceder:

a) No caso do compartimento de garantía de depósitos, o 0,5 por cento dos depósitos garantidos por ano natural, salvo que o Banco de España o autorice. Así mesmo, o Banco de España poderá adiar total ou parcialmente a obriga dunha entidade de crédito do pagamento da derrama cando esta contribución poña en perigo a liquidez ou a solvencia da entidade. Esta prórroga non se poderá conceder por máis de seis meses pero poderá ser renovada por pedimento da entidade. En todo caso, o Banco de España non concederá o adiamento ou a prórroga cando prevexa que tras esta a entidade non poderá facer fronte ás súas achegas.

b) No caso do compartimento de garantía de valores, a contía necesaria para eliminar a insuficiencia de recursos.

6. As achegas realizadas ao compartimento de garantía de depósitos en virtude do número 2 nos últimos doce meses por unha entidade de crédito que transfira a súa actividade a outro Estado membro da Unión Europea e que quede adscrita a outro sistema de garantía de depósitos transferiranse ao dito sistema de garantía de depósitos en proporción ao importe dos depósitos garantidos transferidos.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, en ningún caso se transferirán as achegas realizadas ao compartimento de garantía de depósitos en virtude do número 5.

7. O patrimonio non comprometido do Fondo deberá estar investido de forma diversificada e en activos das categorías primeira ou segunda do cadro 1 do artigo 336 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de

crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, ou por activos considerados seguros e líquidos pola Comisión Xestora.

8. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito informará a Autoridade Bancaria Europea anualmente, antes do 31 de marzo, do importe a que ascenden, en 31 de decembro do ano anterior, os depósitos garantidos e os recursos financeiros dispoñibles do compartimento de garantía de depósitos do Fondo.»

Dous. Engádesse un novo artigo 3 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 3 bis. *Atribución a cada compartimento dos custos, gastos e obrigas xerais.*

De conformidade co previsto no artigo 6.2 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, os custos, gastos e obrigas que non fosen atribuídos a ningún compartimento distribuiranse da seguinte forma:

a) Corresponderá ao compartimento de garantía de depósitos unha contía igual ao importe total deses custos, gastos ou obrigas multiplicado pola base de cálculo das contribucións a este compartimento e dividida pola suma das bases de cálculo das contribucións aos dos compartimentos.

b) Corresponderá ao compartimento de garantía de valores unha contía igual ao importe total deses custos, gastos ou obrigas multiplicado pola base de cálculo das contribucións a este compartimento e dividida pola suma das bases de cálculo das contribucións aos dos compartimentos.»

Tres. Os números 1 e 4 do artigo 4 quedan redactados como segue:

«1. Para efectos deste real decreto, terán a consideración de depósitos admisibles os saldos acredores mantidos en conta, incluídos os fondos procedentes de situacións transitorias por operacións de tráfico e excluídos aqueles depósitos mencionados no número 4, que a entidade teña obriga de restituír nas condicións legais e contractuais aplicables, calquera que sexa a moeda en que estean nominados e sempre que estean constituídos en España ou noutro Estado membro da Unión Europea, incluídos os depósitos a prazo fixo e os depósitos de aforro. A parte destes depósitos que non supere os niveis de cobertura establecidos no artigo 7 consideraranse depósitos garantidos.

Entre os fondos procedentes de situacións transitorias, a que se refire o parágrafo precedente, incluíranse, en todo caso, os recursos pecuniarios que se lle confiasen á entidade para a realización dalgún servizo de investimento, de acordo co texto refundido da Lei do mercado de valores, ou que proveñan da prestación dos ditos servizos ou actividades.

Non terán a consideración de depósitos para efectos deste real decreto os saldos acredores en que conorra algunha das circunstancias seguintes:

a) A súa existencia só se pode probar mediante un instrumento financeiro dos previstos no artigo 2 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro. Non teñen, por tanto, a consideración de depósitos as cesións temporais de activos e os certificados de depósito ao portador.

b) Se o principal non é reembolsable polo seu valor nominal.

c) Se o principal só é reembolsable polo seu valor nominal cunha garantía ou acordo especial da entidade de crédito ou dun terceiro.

4. Non se considerarán depósitos admisibles para os efectos deste real decreto e, por tanto, estarán excluídos da cobertura do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito:

a) Os depósitos realizados por outras entidades de crédito por conta propia e no seu propio nome, así como os realizados polos suxeitos e as entidades financeiras seguintes:

- 1.º As sociedades e axencias de valores.
- 2.º As entidades aseguradoras.
- 3.º As sociedades de investimento mobiliario.
- 4.º As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, así como as sociedades xestoras de fondos de pensións, dos fondos de titulización e de capital risco e os depósitos das entidades que xestionan.
- 5.º As sociedades xestoras de carteiras e as empresas de asesoramento financeiro.
- 6.º As sociedades de capital risco e as súas correspondentes sociedades xestoras.
- 7.º Calquera outra entidade financeira definida no artigo 4.1.26) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

b) Os fondos propios da entidade segundo a definición do artigo 4.1.118 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, independentemente do importe polo que se computen como tales.

c) Os valores representativos de débeda emitidos pola entidade de crédito, incluso as notas promisorias e efectos negociables.

d) Os depósitos cuxo titular non fose identificado, conforme o disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, ou que teñan a súa orixe en operacións que fosen obxecto dunha sentenza penal condenatoria por delito de branqueo de capitais.

e) Os depósitos constituídos na entidade polas administracións públicas coa excepción dos constituídos por entidades locais cun orzamento anual igual ou inferior a 500.000 euros.

Non se considerarán valores garantidos para os efectos deste real decreto aqueles dos cales sexan titulares as persoas mencionadas nas alíneas a) e e) precedentes.»

Catro. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Adscrición ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

1. As entidades de crédito españolas, coa excepción do Instituto de Crédito Oficial, deberanse adherir aos compartimentos do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

2. As sucursais de entidades de crédito estranxeiras terán o seguinte réxime:

a) As sucursais de entidades de crédito autorizadas noutro país membro da Unión Europea poderanse adherir ao compartimento de garantía de valores.

b) As sucursais de entidades de crédito autorizadas nun país non membro da Unión Europea terán o seguinte réxime:

1.º A súa adscrición ao compartimento de garantía de depósitos ou de valores do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito será obrigatoria cando os depósitos garantidos ou cando os valores garantidos constituídos ou confiados á sucursal respectivamente non estean cubertos por un sistema de garantía no país de orixe.

2.º Deberanse adscribir ao correspondente compartimento do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito para cubrir a diferenza en nivel ou

alcance cando a garantía do sistema do país de orixe sexa inferior á cuberta por aquel, xa sexa respecto aos depósitos, xa respecto aos valores garantidos.

3.º Non será obrigatoria a súa adscrición ao correspondente compartimento do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito cando os depósitos ou os valores garantidos gocen dun nivel de cobertura igual ou superior no país de orixe. Tampouco será obrigatoria a adscrición ao compartimento de garantía de valores cando a entidade non preste en España servizos de investimento.

Para os efectos de determinar o suposto que corresponda a cada sucursal, estas acreditarán, se é o caso, a cobertura dispensada polo sistema de garantía do seu país de orixe.

3. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito deberá cooperar cos sistemas de garantía de depósitos doutros países co obxecto de organizar, se é o caso, o pagamento dos importes garantidos. Para tal efecto, poderá establecer os convenios e mecanismos de colaboración que considere oportunos.

O Fondo notificará á Autoridade Bancaria Europea os acordos alcanzados con sistemas de garantía de depósitos doutros Estados membros da Unión Europea e o seu contido. Así mesmo, o Fondo poderá solicitar asistencia á Autoridade Bancaria Europea para resolver os impedimentos para alcanzar acordos ou as diverxencias en canto á interpretación dos acordos de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Bancaria Europea), se modifica a Decisión n.º 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/78/CE da Comisión.

4. A Comisión Xestora inserirá no «Boletín Oficial del Estado», anualmente, a relación das entidades adscritas a cada compartimento do Fondo.

5. Con excepción do disposto no artigo 3.6, as entidades que por calquera causa causen baixa como membros do Fondo deberanlle aboar ao Fondo as contías pendentes de pagamento por achegas anuais e derramas aprobadas e non terán dereito á devolución das cantidades achegadas a estes.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 5 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 5 bis. *Información aos depositantes.*

1. As entidades de crédito que operen en España deberán poñer á disposición dos seus depositantes e investidores reais e potenciais, en todas as súas oficinas e na súa páxina web en forma facilmente comprensible e accesible, a información necesaria para identificar o fondo de garantía de depósitos a que pertencen. Esta información comprenderá en todo caso a súa denominación, sede, número de teléfono, enderezo da internet e de correo electrónico, así como as disposicións aplicables a el, especificando o importe e alcance da cobertura ofrecida. Para informar sobre a garantía dos depósitos, utilizarase a folia informativa do anexo.

As entidades de crédito que operen baixo diferentes denominacións comerciais informarán claramente os seus depositantes deste feito e de que o nivel de cobertura establecido no artigo 7.1 se aplica aos depósitos agregados que o depositante mantén na entidade de crédito. Esta información incluírase na información ao depositante mencionada neste artigo e no anexo.

No caso dos depósitos ou valores que non estean garantidos en virtude do previsto no artigo 4.4, as entidades deberán informar ao respecto os seus depositantes e investidores.

Se o depositante ou investidor o solicita, será informado, así mesmo, das condicións necesarias para que se produza o pagamento do importe garantido e das formalidades necesarias para o seu pagamento.

Así mesmo, as entidades manterán á disposición do público información sobre as características do fondo a que estean adscritas e indicarán, se é o caso, as coberturas ofrecidas por sistemas ou fondos estranxeiros. En particular, precisarán

o réxime de cobertura para os supostos de depósito ou rexistro de valores noutras entidades financeiras.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores deste mesmo punto, as entidades integradas no Fondo non poderán utilizar a súa pertenza a este na súa publicidade, aínda que poderán incluír unha mención a aquela sen engadir outros datos ou informacións sobre o Fondo.

2. Antes da celebración dun contrato de depósito, as entidades proporcionarán aos depositantes a información indicada no punto anterior e estes xustificarán a recepción da dita información.

3. A confirmación de que os depósitos non están excluídos da garantía transmitiráselles aos depositantes nos seus extractos de conta, que incluírán unha referencia á folla informativa que figura no anexo. Esta folla informativa será transmitida ao depositante polo menos unha vez ao ano.

4. No sitio web do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito recollerase a información necesaria para os depositantes, en especial a relativa ás disposicións sobre o procedemento e as condicións das garantías de depósito.

5. En caso de fusión, escisión, transformación de filiais en sucursais ou operacións similares, as entidades de crédito informarán os depositantes polo menos un mes antes de que a operación produza efecto legal, salvo que o Banco de España permita un prazo máis curto por motivos de segredo comercial ou estabilidade financeira.

Os depositantes dispoñerán dun prazo de tres meses tras a notificación da fusión ou transformación ou operación similar, para retirar ou transferir a outra entidade de crédito, sen ningún tipo de custos, os seus depósitos admisibles, incluídos todos os xuros devindicados e os beneficios obtidos ata o momento da operación.

6. Se unha entidade de crédito se retira ou é excluída dun sistema de garantía de depósitos, a dita entidade de crédito informará ao respecto os seus depositantes no prazo dun mes tras a súa retirada ou exclusión.

7. Se un depositante efectúa as súas operacións bancarias a través da internet, a información que se debe facilitar en virtude deste artigo poderá comunicárselle electronicamente, salvo que o depositante expresamente solicite que se lle comunique en papel impreso.»

Seis. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Alcance do importe dos depósitos garantidos.*

1. O importe garantido dos depósitos terá como límite as contías establecidas no artigo 10.1 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro. A garantía alcanzará os xuros devindicados pero sen aboar ata a data en que se produzan os feitos recollidos no artigo 8.1 sen que, en ningún caso, excedan os límites do citado artigo 10.1.

2. As débedas do depositante fronte á entidade de crédito non se terán en conta para calcular o importe reembolsable salvo que a data de exixibilidade das ditas débedas sexa anterior ou igual ás datas de referencia previstas no punto anterior e as disposicións legais e contractuais polas que se rexa o contrato entre a entidade de crédito e o depositante así o establezan.

En todo caso, as entidades de crédito informarán debidamente os depositantes, antes da celebración do contrato, de cando as súas débedas fronte á entidade se terán ou non en conta á hora de calcular o importe garantido de acordo co establecido no parágrafo anterior.

3. No caso de depósitos non nominados en euros, o importe garantido será o seu equivalente aplicando os tipos de cambio do día en que se produza algún dos feitos citados no artigo 8.1 deste real decreto ou ao día anterior hábil cando sexa festivo.

4. As garantías previstas neste artigo aplicaranse por depositante, sexa persoa natural ou xurídica e calquera que sexan o número e clase de depósitos de efectivo en que figure como titular na mesma entidade. Este límite aplicarase tamén aos depositantes titulares de depósitos de importe superior ao máximo garantido.

5. Cando unha conta teña máis dun titular, o seu importe dividirase entre os titulares, de acordo co previsto no contrato de depósito e, na súa falta, a partes iguais.

6. Cando os titulares dun depósito actúen como representantes ou axentes de terceiros, sempre que o beneficiario legal sexa identificado ou sexa identificable antes de que se produzan as circunstancias descritas no artigo 8, a cobertura do Fondo aplicarase aos terceiros beneficiarios do depósito na parte que lles corresponda.

Non obstante o anterior, cando quen actúe como representante ou axente sexa unha entidade das excluídas de cobertura do Fondo en virtude do artigo 4.4.a), considerarase que o depósito pertence á dita entidade e non será cuberto polo Fondo.

7. Os depósitos existentes no momento da revogación da autorización a unha entidade adscrita ao Fondo seguirán cubertos ata a disolución ou liquidación da entidade e a entidade seguirá obrigada a realizar as achegas legalmente exhibibles. No caso das contas correntes, o saldo amparado será o existente na data da revogación menos os cargos que teñan lugar entre a citada data e a de declaración do suposto que dea lugar ao pagamento da indemnización.»

Sete. Engádesse un novo número 7 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 7 bis. *Alcance do importe dos valores garantidos.*

1. O importe garantido aos investidores que confíansen á entidade de crédito valores ou instrumentos financeiros será independente do previsto no artigo anterior e alcanzará como máximo a contía de 100.000 euros.

O importe calcularase ao valor de mercado dos ditos valores e instrumentos no día en que se produza algún dos feitos citados no artigo 8.2 deste real decreto ou no día anterior hábil cando sexa festivo, aplicando, se é o caso, o tipo de cambio do día. Os importes garantidos aboaranse no seu equivalente en diñeiro.

2. No caso de que os valores e instrumentos non se negocien nun mercado secundario oficial, español ou estranxeiro, para determinar o importe garantido, unha vez que se producise algún dos feitos previstos no artigo 8 e unicamente para este proceso, o seu valor calcularase atendendo aos seguintes criterios:

a) Valores de renda variable: valor teórico calculado sobre o último balance auditado á entidade emisora; no caso de que non exista balance auditado ou este conteña excepcións con axustes que poidan determinar un valor teórico menor do que resulte das contas, o valor de mercado determinarase pericialmente.

b) Valores de renda fixa: valor nominal máis o cupón corrido, cando o tipo de xuro sexa explícito, ou valor de reembolso actualizado ao tipo implícito de emisión, no caso de valores tipo cupón cero ou emitidos ao desconto.

c) Instrumentos financeiros: valor estimado de mercado calculado de acordo cos procedementos de valoración xeralmente aceptados respecto ao instrumento de que se trate.

d) Nos casos de valores ou instrumentos emitidos por empresas que se encontren en concurso de acredores, o valor que se debe restituír determinarase pericialmente e poderá pospoñerse a súa determinación ata a conclusión do procedemento concursal correspondente.

3. As garantías previstas neste artigo aplicaranse por investidor, sexa persoa natural ou xurídica e calquera que sexan o número e a clase dos valores e instrumentos financeiros en que figure como titular na mesma entidade.

4. Cando os valores ou instrumentos financeiros sexan propiedade de máis dun titular, o seu importe dividirase entre os titulares, de acordo co previsto no contrato de custodia de valores e, na súa falta, a partes iguais.

5. Cando os titulares dun depósito de valores actúen como representantes ou axentes de terceiros, sempre que esta condición existise antes de que se produzan as circunstancias descritas no artigo 8, a cobertura do Fondo aplicarase aos terceiros beneficiarios do depósito de valores na parte que lles corresponda.

Non obstante o anterior, cando quen actúe como representante ou axente sexa unha entidade das excluídas de cobertura do Fondo en virtude do artigo 4.4.a), considerarase que o depósito de valores pertence á dita entidade e non será cuberta polo Fondo.

6. Os valores ou instrumentos financeiros confiados á entidade no momento en que se produza a revogación da autorización para prestar servizos de investimento deixarán de estar cubertos polo Fondo transcorridos tres meses desde a data da revogación. Durante este prazo, a entidade seguirá obrigada a realizar as achegas legalmente exixibles.»

Oito. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 8 como segue:

« Artigo 8. *Causas para a execución da garantía.*

1. O Fondo, con cargo ao compartimento de garantía de depósitos, satisfará aos seus titulares o importe garantido dos depósitos cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade fose declarada ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración en concurso de acredores.

b) Que, non se tendo declarado o concurso da entidade conforme o indicado no parágrafo anterior e téndose producido impagamento de depósitos vencidos e exixibles, o Banco de España determine que, na súa opinión e por razóns directamente derivadas da situación financeira da entidade de que se trate, esta se encontra na imposibilidade de restituílos e non parece ter perspectivas de poder facelo nun futuro inmediato. O Banco de España, oída a Comisión Xestora do Fondo, deberá resolver o antes posible e, como máis tarde, dentro dos cinco días hábiles seguintes a ter comprobado por primeira vez que a entidade non logrou restituír depósitos vencidos e exixibles, tras ter dado audiencia á entidade interesada, sen que esta supoña interrupción do prazo sinalado.

2. O Fondo, con cargo ao compartimento de garantía de valores, satisfará aos seus titulares o importe garantido dos valores e instrumentos financeiros susceptibles de cobertura cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que se ditase auto no cal se declare o concurso da entidade de crédito e esa situación comporte a suspensión da restitución dos valores ou instrumentos financeiros; non obstante, non procederá o pagamento deses importes se, dentro do prazo previsto para iniciar o seu desembolso, se levanta a suspensión mencionada.

b) Que o Banco de España declare que a entidade de crédito non pode, á vista dos feitos dos que tivo coñecemento o propio Banco de España e por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira, cumprir as obrigas contraídas cos investidores.

Para que o Banco de España poida realizar esta declaración será necesario que se produzan as seguintes circunstancias:

- a) Que o investidor lle solicitase á entidade de crédito a devolución dos valores e instrumentos financeiros que lle confiase e non obtivese satisfacción nun prazo máximo de vinte e un días hábiles por parte daquela.
- b) Que a entidade de crédito non se encuentre na situación prevista na alínea a) do número 1 deste artigo.
- c) Que se dea audiencia previa á entidade de crédito.»

Nove. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. *O pagamento e os seus efectos.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 4.4:

a) O compartimento de garantía de depósitos do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito deberá satisfacer as reclamacións debidamente comprobadas dentro dos sete días hábiles seguintes ás datas de referencia establecidas no artigo 7 bis.1.

A recompilación e transmisión polas entidades de crédito da información exacta sobre os depositantes e os depósitos garantidos, necesaria para comprobar as reclamacións, deberase efectuar dentro dos prazos previstos no parágrafo anterior.

O pagamento dos depósitos previsto no primeiro parágrafo desta letra poderase adiar en calquera dos seguintes casos:

1.º Cando non exista certeza acerca de se unha persoa ten dereitos legais para recibir un pagamento ou cando o depósito sexa obxecto de litixio.

2.º Cando o depósito sexa obxecto de sancións que restrinxan as facultades de disposición polos seus titulares.

3.º Cando non se producise ningunha operación en relación co depósito nos últimos 24 meses.

4.º Cando, de acordo con segundo parágrafo do artigo 10.1 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, o importe que se debe reembolsar exceda os 100.000 euros.

5.º Cando, de conformidade co número 6, o importe deba ser pagado polo sistema de garantía de depósitos do Estado membro da Unión Europea de orixe da sucursal dunha entidade de crédito que opere en España.

Non obstante o previsto nesta letra, os depósitos recollidos no artigo 7.6, estarán suxeitos a un período de pagamento de ata tres meses a partir das datas de referencia previstas no artigo 7 bis.1.

O compartimento de garantía de depósitos do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito efectuará os correspondentes pagamentos sen que os depositantes o soliciten. Para tal efecto, as entidades de crédito transmitirán toda a información necesaria sobre os depósitos e os depositantes en canto o Fondo o requira. Non obstante o anterior, o compartimento de garantía de depósitos non realizará ningún pagamento se non houbo ningunha operación relacionada co depósito nos últimos 24 meses e o valor do depósito é inferior aos gastos administrativos que supoñería o pagamento para o Fondo.

b) Así mesmo, o compartimento de garantía de valores do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito deberá satisfacer as reclamacións dos investidores o máis pronto posible e, como máis tarde, tres meses despois de ter determinado a posición do investidor e o seu importe.

Cando o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito prevexa que non pode efectuar os pagamentos previstos na letra b) no prazo establecido, poderá solicitar ao Banco de España a concesión dunha prórroga non superior a tres

meses, indicando as razóns da solicitude. O Banco de España poderá autorizala cando aprecie que concorren motivos excepcionais que xustifiquen o atraso, tales como o elevado número de investidores, a existencia de valores confiados á entidade noutros países ou a constatación de dificultades extraordinarias, técnicas ou xurídicas, para comprobar o saldo efectivo dos valores garantidos ou se procede ou non satisfacer o importe garantido.

2. O pagamento dos importes garantidos dos depósitos de diñeiro e valores ou instrumentos non se estenderá aos efectuados con posterioridade á data en que se producisen os feitos sinalados no artigo anterior nin aos depósitos, investimentos ou importes que se retirasen con posterioridade á dita data, sen prexuízo do establecido no artigo 7.1.

3. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non se poderá acoller aos prazos a que se refiren os puntos anteriores para denegar o beneficio dunha garantía a un depositante ou investidor que non puidese facer valer a tempo o seu dereito. Os importes non satisfeitos, dentro dos prazos establecidos ou das súas prórrogas, quedarán no Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito á disposición dos seus titulares, sen prexuízo da súa prescrición consonte dereito. Non obstante, se as reclamacións que realizarán os depositantes ou investidores en execución da garantía se efectúan con posterioridade á satisfacción a estes de calquera cantidade que fose acordada nun eventual procedemento concursal, a determinación do importe que se debe satisfacer en virtude da garantía deberá tomar en consideración o importe xa percibido no dito procedemento, co fin de que os citados depositantes ou investidores non obteñan vantaxe nin sufran detrimento económico en relación con aqueles que executaron a garantía nun momento anterior.

4. Polo simple feito do pagamento dos importes garantidos, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito subrogarase, por ministerio da lei, nos dereitos dos depositantes ou investidores, ata un importe equivalente ao dos pagamentos realizados, e será título suficiente o documento en que conste o pagamento.

5. No suposto de que os valores ou outros instrumentos financeiros confiados á entidade fosen restituídos por aquela con posterioridade ao pagamento dun importe garantido, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito poderase resarcir do importe satisfeito, total ou parcialmente, se o restituído, valorado conforme establece o artigo 7.1 no momento da restitución, fose maior que a diferenza entre o importe dos valores ou outros instrumentos que foron confiados á entidade, valorados no momento en que se produciron os feitos citados no artigo 8.2, e o importe pagado ao investidor. Cando o valor do restituído fose superior ao dos valores e instrumentos, calculado na data citada no artigo 8.2, o exceso distribuirase entre o Fondo e o investidor a pro rata dos seus respectivos créditos.

A restitución realizarase ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, quen lle entregará ao investidor as cantidades que correspondan de acordo co previsto no parágrafo precedente, e o Fondo estará facultado, para tal fin, para allear os valores na contía que resulte procedente.

6. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito efectuará, por conta do sistema de garantía de depósitos do Estado da Unión Europea de orixe e de conformidade coas instrucións deste, os pagamentos que correspondan aos depositantes de sucursais de entidades de crédito doutros Estados membros da Unión Europea establecidas en España. Así mesmo, o Fondo informará os depositantes afectados en nome do sistema de garantía de depósitos do Estado membro da Unión Europea de orixe, e poderá recibir a correspondencia de tales depositantes en nome do sistema de garantía de depósitos do Estado membro de orixe.

Non obstante o anterior, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non efectuará ningún pagamento ata ter recibido os fondos necesarios do sistema de garantía de depósitos do Estado membro de orixe.

Adicionalmente, o Fondo exixirá ao sistema de garantía de depósitos do Estado membro de orixe unha compensación polos gastos en que incorra durante o pagamento.

7. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non terá ningunha responsabilidade respecto aos actos levados a cabo de conformidade coas instrucións do sistema de garantía de depósitos do Estado membro de orixe.

8. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito recorrerá aos sistemas de garantía de depósitos dos Estados membros da Unión Europea en que se encontren establecidas as sucursais de entidades de crédito españolas para efectuar os pagamentos correspondentes aos depósitos desas sucursais.

Para os efectos do parágrafo anterior, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito enviará os fondos ao sistema de garantía de depósitos do Estado membro de acollida xunto coas instrucións oportunas para efectuar os pagamentos e compensará o sistema de garantía de depósitos do Estado membro de acollida polos gastos incorridos durante o pagamento.

Así mesmo, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito comunicarlle periodicamente ao sistema de garantía de depósitos do Estado membro de acollida a información prevista no artigo 9 bis e os resultados das probas de resistencia realizadas de conformidade co artigo 12 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro.»

Dez. Engádesse un novo artigo 9 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 9 bis. *Información que deben proporcionar as entidades de crédito.*

1. As entidades de crédito terán identificados en todo momento os importes agregados dos depósitos admisibles e garantidos de cada depositante.

Esta información poderá ser solicitada polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito en calquera momento.

2. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito garantirá a confidencialidade e a protección dos datos relativos ás contas dos depositantes. Para tales efectos, o tratamento de tales datos efectuarase de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»

Once. Modifícase o artigo 10 como segue:

«Artigo 10. *Outras actuacións do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

1. De conformidade co artigo 11.5 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, excepcionalmente, cando a situación dunha entidade de crédito, segundo a información facilitada polo Banco de España, sexa tal que faga previsible que o Fondo quede obrigado ao pagamento, conforme as causas previstas no artigo 8.1.b), o Fondo, con cargo ao compartimento de garantía de depósitos, poderá adoptar medidas preventivas e de saneamento previstas no artigo seguinte co obxecto de impedir a liquidación da entidade. Estas medidas deberanse enmarcar nun plan acordado pola entidade e aprobado polo supervisor competente, logo de consulta ao FROB.

Non obstante o anterior, o Fondo non adoptará estas medidas se as autoridades de resolución competentes previstas na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, consideran que se reúnen as condicións para a resolución.

2. Todo plan que conteña medidas que requiran a aprobación da xunta ou asemblea xeral da entidade afectada se considerará condicional e non se executará ata que recaian os acordos que o fagan posible. Mentres, se o requirise a situación da entidade, o Fondo poderá prestar axudas provisionais, sempre que se encontren debidamente garantidas, a xuízo da comisión xestora.

3. Os recursos utilizados polo Fondo en virtude deste artigo deberán ser proporcionados de inmediato polas entidades de crédito adscritas ao compartimento de garantía de depósitos nos seguintes casos:

a) Se, de conformidade co artigo 9.1.a), o compartimento de garantía de depósitos debe satisfacer depósitos garantidos e os seus recursos financeiros dispoñibles non alcanzan dous terzos do nivel obxectivo establecido en virtude do artigo 6.4 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro.

b) Cando o compartimento de garantía de depósitos non deba satisfacer depósitos garantidos, sempre que os recursos financeiros dispoñibles deste compartimento se sitúen por debaixo do 25 por cento do nivel obxectivo establecido en virtude do artigo 6.4 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro.»

Doce. Modifícase o artigo 11 como segue:

«Artigo 11. *Medidas preventivas e de saneamento.*

1. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito poderá adoptar, de conformidade co artigo anterior, algunha das seguintes medidas preventivas e de saneamento con respecto a unha entidade:

- a) Concesión de axudas a fondo perdido.
- b) Concesión de garantías, préstamos en condicións favorables ou financiamentos subordinados.
- c) Adquisición de activos danados ou non rendibles que figuren no balance da entidade.
- d) Subscrición de ampliacións de capital, conforme o disposto nos puntos seguintes.
- e) Calquera outro apoio financeiro.

2. O Fondo poderá subscribir as ampliacións de capital que aproben as entidades para restablecer a súa situación patrimonial no suposto de que estas non sexan cubertas polos accionistas da entidade.

Entenderase, en todo caso, que as ampliacións de capital a que se refire o parágrafo anterior non son cubertas polos accionistas da entidade cando a xunta xeral desta acordase a exclusión total ou parcial do dereito de subscrición preferente, conforme o previsto na lexislación aplicable.

No prazo máximo de dous anos, o Fondo ofrecerá en venda as accións subscritas nas ampliacións a que se refire o punto anterior. Este ofrecemento de venda efectuarase de forma que poidan concorrer a el, polo menos, as entidades de crédito integradas no Fondo que polas súas condicións de capacidade económica, actividade e outras exixibles, en relación coa importancia e dimensión da entidade en saneamento, aseguren o definitivo restablecemento da solvencia e normal funcionamento desta.

En caso de que no prazo de dous anos previsto no punto anterior non se poida asegurar a concorrencia ao ofrecemento de entidades que aseguren o restablecemento da solvencia e o normal funcionamento da entidade en saneamento, o Fondo poderá ampliar este prazo por un ou varios períodos adicionais dun ano. A decisión de ampliar o prazo deberá estar motivada e conterá unha avaliación detallada da situación que xustifique a ampliación, incluídas as condicións e perspectivas do mercado.

No ofrecemento especificaranse os compromisos mínimos que deba aceptar a eventual entidade adxudicataria.

A adxudicación será efectuada polo Fondo en favor da entidade que presente as condicións de adquisición máis vantaxosas. Para tal efecto, poderanse tomar en conta, ademais das condicións económicas, a capacidade e os medios económicos e organizativos de cada entidade oferente.

O ofrecemento en venda das accións e as súas condicións, así como a decisión de adxudicación daquelas, deberán publicarse no «Boletín Oficial del Estado».

3. Co fin de posibilitar a adxudicación das accións, o Fondo poderá asumir perdas, prestar garantías e adquirir activos que figuren no balance das entidades afectadas, así como responsabilizarse do balance económico dos expedientes ou procedementos de diversa orde que estean en curso ou que se poidan incoar posteriormente a aquelas.

O Fondo tamén poderá adquirir activos a aquelas entidades nos cales, a xuízo da comisión xestora, a dita adquisición contribúa substancialmente a evitar outras medidas do restablecemento da situación patrimonial dunha entidade integrada no Fondo.

As actuacións previstas nos parágrafos anteriores non implicarán en ningún caso a exclusión do requirimento aos administradores da entidade para a adopción doutras medidas que contribúan ao reforzamento patrimonial e á solvencia, así como ao necesario equilibrio da conta de perdas e ganancias.

4. En ningún caso serán de aplicación ao Fondo as limitacións estatutarias do dereito a voto respecto das accións que adquira ou subscriba conforme este artigo.»

Trece. Engádense dous novos artigos 12 e 13 coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Probas de resistencia.*

De conformidade co artigo 12 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, o Banco de España someterá o Fondo, polo menos cada tres anos, a probas de resistencia da súa capacidade para facer fronte ás súas obrigas de pagamento en situacións de tensión.

Estas probas deberán verificar tanto a situación financeira do Fondo como a resistencia dos seus sistemas e capacidades operativas.

Artigo 13. *Comunicación e cooperación.*

Sen prexuízo dos artigos 82 e 83 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito poderá compartir información e manter unha comunicación eficaz con outros sistemas de garantías de depósitos, coas entidades de crédito adscritas, co Banco de España, o FROB e as autoridades correspondentes doutros Estados membros da Unión Europea.»

Catorce. Engádense a seguinte disposición transitoria cuarta:

«Disposición transitoria cuarta. *Consideración como depósito garantido dos certificados de depósito nominativos.*

Ata a súa data inicial de vencemento, os certificados de depósito nominativos emitidos antes do 2 de xullo de 2014 terán a consideración de depósitos garantidos para efectos deste real decreto.»

Quince. Engádense a seguinte disposición transitoria quinta:

«Disposición transitoria quinta. *Obriga de informar sobre depósitos que deixarán de estar garantidos.*

Os depositantes cuxos depósitos deixen de estar garantidos despois do 3 de xullo de 2015 con motivo das modificacións introducidas neste real decreto polo

Real decreto 1012/2015, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, deberán ser informados pola súa entidade de crédito antes de transcorridos dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto.»

Dezaseis. Engádesse a seguinte disposición transitoria sexta:

«Disposición transitoria sexta. *Prazos de pagamento.*

1. O prazo máximo de pagamento de sete días hábiles previsto no artigo 9.1.a) non entrará en vigor ata o 1 de xaneiro de 2024. Ata entón, os prazos máximos de pagamento serán os seguintes:

- a) Vinte días hábiles, ata o 31 de decembro de 2018.
- b) Quince días hábiles, entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020.
- c) Dez días hábiles, entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2023.

2. Ata o 31 de decembro de 2023, cando o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non poida restituír o importe reembolsable nun prazo de sete días hábiles, pagará aos depositantes, nun prazo máximo de cinco días hábiles tras a súa solicitude, un importe adecuado dos seus depósitos garantidos co fin de cubrir o seu sustento. Este importe deducirase da suma reembolsable a que se refire o artigo 7.1. primeiro parágrafo.

O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito só concederá acceso ao importe adecuado a que se refire o parágrafo anterior sobre a base dos datos do propio Fondo ou dos datos proporcionados pola entidade de crédito.

3. O pagamento recollido no punto anterior poderase adiar en calquera dos casos establecidos no artigo 9.1.a), terceiro parágrafo.»

Dezasete. Introdúcese o seguinte anexo:

«ANEXO

Impreso de información aos depositantes

Información básica sobre a cobertura dos depósitos	
Os depósitos mantidos en [inserir nome da entidade de crédito] están garantidos por	[inserir nome do correspondente sistema de garantía de depósitos](1)
Límite da cobertura	100.000 euros por depositante e entidade de crédito (2) [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o euro] [cando proceda:] As seguintes denominacións comerciais forman parte da súa entidade de crédito [inserir todas as marcas comerciais que operan baixo a mesma licenza]:
Se ten vostede máis depósitos na mesma entidade de crédito:	Todos os seus depósitos na mesma entidade de crédito se suman e o total está suxeito ao límite de 100.000 euros [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o euro] (2)
Se ten unha conta en participación con outra(s) persoa(s):	O límite de 100 000 EUR [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR] aplícase a cada depositante por separado (3)

Información básica sobre a cobertura dos depósitos	
Período de reembolso en caso de concurso da entidade de crédito:	7 días hábiles [substituír por outra data, se procede] (4)
Moeda en que se realiza o reembolso:	Euros [substituír por outra moeda, cando proceda]
Contacto:	[inserir os datos de contacto do SGD correspondente (endereço, teléfono, correo electrónico, etc.)]
Para máis información:	[inserir o sitio web do correspondente SGD]
Xustificante de recepción do depositante:	
Información adicional (toda ou parte da información que aparece máis abaixo)	

(1) Sistema responsable da cobertura do seu depósito.

[Só cando proceda]: o seu depósito está garantido por un sistema contractual recoñecido oficialmente como Sistema de garantía de depósitos. En caso de insolvencia da súa entidade de crédito, o seu depósito reembolsaráselle ata os 100 000 EUR [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR].

[Só cando proceda]: a súa entidade de crédito forma parte dun Sistema institucional de protección recoñecido oficialmente como Sistema de garantía de depósitos. Isto significa que todas as entidades que son membros deste sistema se apoian mutuamente co fin de evitar a insolvencia. En caso de insolvencia da súa entidade de crédito, o seu depósito reembolsaráselle ata os 100 000 EUR [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR].

[Só cando proceda]: o seu depósito está garantido por un Sistema de garantía de depósitos creado por disposición legal e por un Sistema de garantía de depósitos contractual. En caso de insolvencia da súa entidade de crédito, o seu depósito reembolsaráselle de todos modos ata os 100 000 EUR [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR].

[Só cando proceda]: o seu depósito está garantido por un Sistema de garantía de depósitos creado por disposición legal. Ademais, a súa entidade de crédito forma parte dun Sistema institucional de protección no cal todos os afiliados se apoian mutuamente co fin de evitar a insolvencia. En caso de insolvencia, o Sistema de garantía de depósitos reembolsaralle o seu depósito ata os 100 000 EUR [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR].

(2) Límite xeral da protección.

Se non se pode dispoñer dun depósito debido a que unha entidade de crédito non está en condicións de cumprir as súas obrigas financeiras, un Sistema de garantía de depósitos reembolsará aos depositantes. O reembolso ascende como máximo a 100 000 EUR [substituír o importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR] por entidade de crédito. Isto significa que se suman todos os seus depósitos efectuados na mesma entidade de crédito para determinar o nivel de cobertura. Se, por exemplo, un depositante posúe unha conta de aforro con 90 000 EUR e unha conta corrente con 20 000 EUR, só se lle reembolsarán 100 000 EUR.

[Só cando proceda]: este método utilizarase tamén se unha entidade de crédito opera con diferentes denominacións comerciais. [Nome da entidade de crédito onde está aberta a conta] opera comercialmente tamén coas denominacións [demais denominacións comerciais da entidade de crédito]. Isto significa que todos os depósitos nunha ou máis de tales denominacións comerciais están garantidos por un total de 100 000 EUR.

(3) Límite da protección para as contas en participación.

No caso de contas en participación, o límite de 100 000 EUR aplicarase a cada depositante.

[Só cando proceda]: porén, os depósitos nunha conta sobre a cal teñan dereitos dúas ou máis persoas como socios ou membros dunha sociedade, unha asociación ou calquera agrupación de índole similar, sen personalidade xurídica, agréganse e trátanse como se os efectuase un depositante único para efectos do cálculo do límite de 100 000 EUR [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR].

Nalgúns casos [insíranse os casos determinados na normativa nacional] os depósitos están garantidos por riba dos 100 000 EUR [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR]. Pódese obter máis información en [inserir o sitio web do correspondente SGD].

(4) Reembolso.

O sistema de garantía de depósitos responsable é [insírase o nome, enderezo, teléfono, enderezo electrónico e sitio web]. Reembolsará os seus depósitos (ata un máximo de 100 000 EUR) [substituír polo importe adecuado en caso de que a moeda non sexa o EUR] o [insírase o período de reembolso exigido pola normativa nacional] como máis tarde, e a partir do [31 de decembro de 2023] nun prazo de [7 días hábiles].

[Engádase información sobre reembolsos de emerxencia ou provisionais en caso de que non se puidese dispoñer de ningunha cantidade nun prazo de sete días hábiles.] Se neste prazo non se lle reembolsou, débese poñer en contacto co sistema de garantía de depósitos, xa que o tempo durante o cal se pode reclamar o reembolso pode estar limitado. Para máis información, sívase consultar [insírase sitio web do SGD responsable].

Outra información importante.

En xeral, todos os depositantes retalistas e as empresas están cubertos por sistemas de garantía de depósitos. As excepcións aplicables a certos depósitos pódense consultar no sitio web do sistema de garantía de depósitos responsable. A súa entidade de crédito informarao tamén, se así o solicita, de se determinados produtos están cubertos ou non. Se os depósitos están cubertos, a entidade de crédito confirmarallo tamén nos extractos de conta.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente. Da expresada cobertura competencial exceptúase a disposición derradeira primeira do real decreto, que se ampara na competencia expresada na norma que modifica.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse parcialmente ao dereito español a Directiva 2014/49/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, e a Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

Disposición derradeira cuarta. *Facultade de desenvolvemento.*

O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán ditar as disposicións

necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto. En caso de que se produza tal habilitación, a norma deberase someter a informe previo do resto de autoridades de resolución ou supervisión competentes.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

1. O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
2. Non obstante o anterior, as normas sobre recapitalización interna contidas no capítulo VI entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Dado en Madrid o 6 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO

ANEXO I

Información que se debe incluír nos plans de recuperación

O plan de recuperación conterá a seguinte información:

1. Un resumo dos elementos fundamentais do plan e da capacidade total de recuperación.
2. Un resumo dos cambios importantes da entidade desde o plan de recuperación aprobado máis recentemente.
3. Un plan de comunicación e divulgación que describa como se propón xestionar calquera posible reacción negativa dos mercados.
4. Unha serie de medidas en materia de capital e liquidez necesarias para manter ou restablecer a viabilidade e a posición financeira da entidade.
5. Unha estimación do prazo de execución de cada aspecto importante do plan.
6. Unha descrición detallada de calquera obstáculo substancial a unha execución eficaz e oportuna do plan, incluída unha consideración do impacto sobre o resto do grupo, os clientes e as contrapartes.
7. A determinación das funcións esenciais.
8. Unha descrición detallada dos procesos para determinar o valor e a capacidade de comercialización das operacións, os activos da entidade e as ramas de actividade principais.
9. Unha descrición detallada de como se integra o plan de recuperación na estrutura de gobernanza da entidade, así como as políticas e procedementos que rexen a aprobación do plan de recuperación e a identificación das persoas da organización responsables de elaborar e aplicar o plan.
10. Disposicións e medidas para conservar ou restaurar os fondos propios da entidade.
11. Disposicións e medidas para garantir que a entidade conte cun acceso adecuado a fontes de financiamento de continxencia, incluíndo as fontes de liquidez potenciais, unha avaliación das garantías dispoñibles e unha avaliación da posibilidade de transmitir liquidez entre as ramas de actividade e as entidades do grupo, co fin de garantir que poida seguir adiante coas súas actividades e cumprir as súas obrigas na data do seu vencemento.
12. Disposicións e medidas para reducir o risco e o aparcamento.
13. Disposicións e medidas para a reestruturación do pasivo.
14. Disposicións e medidas para a reestruturación das ramas de actividade.
15. Disposicións e medidas necesarias para manter o acceso continuo ás infraestruturas dos mercados financeiros.

16. Disposicións e medidas necesarias para manter o funcionamento dos procesos operativos da entidade, incluíndo as infraestruturas e os servizos das tecnoloxías da información.

17. Disposicións preparatorias para facilitar a venda de activos ou as ramas de actividade nun momento adecuado para a restauración da solidez financeira.

18. Outras accións ou estratexias de xestión para restaurar a solidez financeira e o efecto financeiro previsto destas accións ou estratexias.

19. Medidas preparatorias que a entidade xa adoptou ou teña intención de adoptar para facilitar a aplicación do plan de recuperación, incluídas as necesarias para permitir a recapitalización interna da entidade no momento oportuno.

20. Un marco de indicadores que determine os puntos en que se poderán emprender as accións adecuadas recollidas no plan.

ANEXO II

Información que as autoridades de resolución preventiva poden exixir ás entidades para a elaboración e o mantemento dos plans de resolución

As autoridades de resolución preventiva poden exixir ás entidades que, para a elaboración e o mantemento dos plans de resolución, presenten polo menos a seguinte información:

1. Unha descrición detallada da estrutura organizativa da entidade, que inclúa unha lista de todas as persoas xurídicas que integran o grupo.

2. A identificación do titular directo e da porcentaxe de dereitos de voto e sen dereito de voto de cada accionista e persoas xurídicas que integran o grupo.

3. A localización, a xurisdición de constitución, a concesión de licenza e os principais directivos das persoas xurídicas que integran o grupo.

4. Unha correlación das operacións esenciais e das ramas de actividade principais da entidade, incluídos os principais activos e os pasivos relacionados con estas operacións e ramas de actividade, con referencia ás persoas xurídicas que integran o grupo.

5. Unha descrición detallada dos compoñentes do pasivo da entidade e das persoas xurídicas que integran o grupo, cunha desagregación, como mínimo, por tipos e importes de débeda a curto e longo prazo e por pasivos garantidos, non garantidos e subordinados.

6. Desagregación dos pasivos da entidade que sexan admisibles.

7. Unha relación dos procesos necesarios para determinar para quen constituíu a entidade unha garantía, a persoa que é titular da garantía e a xurisdición baixo a cal se encontra a garantía.

8. Unha descrición dos riscos fóra de balance da entidade e das persoas xurídicas que integran o grupo, incluída a asignación ás súas operacións esenciais e ramas de actividade principais.

9. As coberturas esenciais da entidade, incluíndo unha desagregación por cada membro do grupo.

10. A identificación das contrapartes principais ou máis críticas da entidade, así como unha análise do impacto da inviabilidade das principais contrapartes na situación financeira da entidade.

11. Cada un dos sistemas en que a entidade realice importantes transaccións, ben polo seu volume ben polo seu valor, incluída a asignación aos membros do grupo, ás operacións esenciais e ás ramas de actividade principais da entidade.

12. Cada un dos sistemas de pagamento, compensación ou liquidación dos cales a entidade sexa membro, directa ou indirectamente, e a súa conexión coas persoas xurídicas que integran o grupo, as operacións esenciais e as ramas de actividade principais da entidade.

13. Un inventario e unha descrición detallados dos principais sistemas de xestión de información, incluídos os destinados á xestión do risco, a contabilidade e a notificación

financeira e regulamentaria da entidade, cunha asignación aos membros do grupo, ás operacións esenciais e ás ramas de actividade principais da entidade.

14. A identificación dos propietarios dos sistemas a que se fai referencia no punto anterior, dos acordos de nivel de servizo relacionados e de calquera sistema informático ou licenza, incluída a asignación aos membros do grupo, as operacións esenciais e as ramas de actividade principais da entidade.

15. A identificación dos membros do grupo e un esquema das súas interpelacións, precisando as interconexións e interdependencias que as unen, particularmente en materia de:

- a) Persoal, instalacións e sistemas comúns ou compartidos.
- b) Disposicións en materia de capital, financiamento ou liquidez.
- c) Riscos de crédito, existentes ou potenciais.
- d) Acordos de garantía cruzada, acordos de garantía recíproca, disposicións en materia de incumprimento cruzado e acordos de compensación entre filiais.
- e) Transmisión de riscos e acordos de apoio mutuo, así como acordos sobre nivel de servizo.

16. O supervisor e as autoridades de resolución competentes das persoas xurídicas que integran o grupo.

17. O membro do órgano responsable de proporcionar a información necesaria para preparar o plan de resolución da entidade, así como os responsables, de seren diferentes, das persoas xurídicas que integran o grupo, as operacións esenciais e as ramas de actividade principais.

18. Unha descrición dos mecanismos con que conta a entidade para garantir que, en caso de resolución, a autoridade de resolución teña toda a información que considere necesaria para aplicar os instrumentos e as competencias de resolución.

19. Todos os acordos subscritos polas entidades e os membros do grupo con terceiras partes cuxa rescisión poida vir provocada pola decisión das autoridades de aplicar un instrumento de resolución e se as consecuencias da dita rescisión poderían afectar a aplicación do instrumento de resolución.

20. Unha descrición das posibles fontes de liquidez para apoiar a resolución.

21. Información sobre os gravames que pesan sobre os activos, os activos líquidos, as actividades non contabilizadas no balance, as estratexias de cobertura e as prácticas de rexistro.

ANEXO III

Cuestións que as autoridades de resolución deben considerar ao valorar a resolución dunha entidade ou un grupo

Ao avaliar a oportunidade de proceder á resolución dunha entidade ou un grupo, as autoridades de resolución competentes tomarán en consideración os factores que se expoñen a seguir:

1. O grao en que a entidade pode asignar as ramas de actividade principais e as operacións esenciais a persoas xurídicas.
2. O grao de compatibilidade entre as estruturas xurídicas e corporativas con respecto ás ramas de actividade principais e ás operacións esenciais.
3. O grao en que existen mecanismos para proporcionar persoal básico, infraestrutura, financiamento, liquidez e capital para axudar e manter as ramas de actividade principais e as operacións esenciais.
4. O grao en que os acordos de servizo que a entidade mantén son plenamente executables en caso de resolución da entidade.
5. O grao en que a estrutura de gobernanza da entidade é adecuada para xestionar e garantir o cumprimento das políticas internas da entidade con respecto aos seus acordos sobre nivel de servizo.

6. O grao en que a entidade conta cun proceso para transmitir a terceiras partes os servizos prestados en virtude de acordos sobre nivel de servizo, en caso de segregación das funcións esenciais ou das ramas de actividade principais.

7. O grao en que existen plans e medidas de continxencia para garantir a continuidade do acceso aos sistemas de pagamento e de liquidación.

8. A adecuación dos sistemas de xestión de información para garantir que as autoridades de resolución poden recompilar información precisa e completa sobre as ramas de actividade principais e as operacións esenciais co fin de permitir unha rápida toma de decisións.

9. A capacidade dos sistemas de xestión de información de proporcionar a información esencial para unha resolución eficaz da entidade en calquera momento, mesmo en condicións que cambien rapidamente.

10. O grao en que a entidade probou os seus sistemas de información de xestión en escenarios de tensión definidos pola autoridade de resolución.

11. O grao en que a entidade pode garantir a continuidade dos seus sistemas de información de xestión, tanto para a entidade afectada como para a nova entidade, en caso de que as operacións esenciais e as ramas de actividade principais sexan separados do resto das operacións e ramas de actividade.

12. O grao en que a entidade creou procesos adecuados para proporcionar ás autoridades de resolución a información necesaria para identificar os depositantes e os importes garantidos polos sistemas de garantía de depósitos.

13. No caso de que o grupo utilice garantías a nivel interno, o grao en que estas garantías se ofrecen a condicións de mercado e a solidez dos sistemas de xestión do risco relativos a estas garantías.

14. Cando o grupo leve a cabo transaccións vinculadas ou espello, a medida en que estas transaccións se realizan en condicións de mercado e a solidez dos sistemas de xestión do risco relativos a estas transaccións.

15. A medida en que o uso de garantías dentro do grupo ou de transaccións vinculadas ou espello aumenta o contaxio dentro do grupo.

16. O grao en que a estrutura xurídica do grupo impide a aplicación dos instrumentos de resolución como consecuencia do número de persoas xurídicas, da complexidade da estrutura do grupo ou da dificultade á hora de asignar as ramas de actividade ás entidades do grupo.

17. O importe e o tipo de pasivos admisibles da entidade.

18. Cando a avaliación se refira a unha sociedade mixta de carteira, o grao en que a resolución das entidades do grupo podería afectar a parte non financeira do grupo.

19. A existencia de acordos de nivel de servizos e a súa solidez.

20. Se as autoridades de países non pertencentes á Unión Europea contan cos instrumentos de resolución necesarios para apoiar as accións de resolución emprendidas polas autoridades de resolución da Unión Europea, e as posibilidades dunha acción coordinada entre as autoridades da Unión Europea e as doutros países.

21. A viabilidade de utilizar instrumentos de resolución de forma que se cumpran os obxectivos de resolución, dados os instrumentos dispoñibles e a estrutura da entidade.

22. A medida en que a estrutura do grupo permite que a autoridade de resolución proceda á resolución de todo o grupo ou dunha ou varias das entidades do grupo sen que se produzan repercusións negativas significativas, directas ou indirectas, sobre o sistema financeiro, a confianza dos mercados ou a economía, e tendo como obxectivo maximizar o valor do grupo no seu conxunto.

23. Os medios e disposicións que poderían facilitar a resolución no caso de grupos que teñan filiais establecidas en diferentes xurisdicións.

24. A credibilidade do uso dos instrumentos de resolución de maneira que cumpran os obxectivos de resolución, atendendo ás posibles repercusións nos acredores, as contrapartes, os clientes e o persoal, así como ás posibles accións que poidan adoptar as autoridades de países non pertencentes á Unión Europea.

25. O grao en que o impacto da resolución da entidade no sistema financeiro e na confianza dos mercados financeiros pode ser avaliado debidamente.

26. O grao en que a resolución da entidade podería ter repercusións negativas significativas, directas ou indirectas, sobre o sistema financeiro, a confianza dos mercados ou a economía.

27. O grao en que o contaxio a outras entidades ou aos mercados financeiros se podería conter a través da aplicación dos instrumentos e competencias de resolución.

28. O grao en que a resolución da entidade podería ter un efecto significativo no funcionamento dos sistemas de pagamento e liquidación.